

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

CADERNOS DE
FRASEOLOXÍA GALEGA
2

Refraneiro galego

Xesús Taboada Chivite

Xunta de Galicia

Xesús Taboada Chivite

Edita Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Director Xeral de Política Lingüística
MANUEL REGUEIRO TENREIRO
Coordinador científico
CONSTANTINO GARCÍA
Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ
Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico cillrp@cirp.es
http://www.cirp.es

Autor XESÚS TABOADA CHIVITE
Título *Refraneiro galego*
Cadernos de Fraseoloxía Galega 2

Informatización

Mª JESÚS ANIDO SILVOSA
Mª DO CARME LAMELA VILLARAVID
Mª CLARA VIQUEIRA LIÑARES

Preparación da edición

ISABEL VALIÑO FERRÍN
MAITE VEIGA DÍAZ

Coordinación

XESÚS FERRO RUIBAL

ISBN: Cadernos de Fraseoloxía Galega

ISBN: Refraneiro galego

D.L.

Imprime Gráficas Numen
García Barbón 106. 36202 VIGO
Tfno. +34 986 434 879 Fax +34 986 220 298

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

CADERNOS DE
FRASEOLOXÍA GALEGA
2

Refraneiro galego

Xesús Taboada Chivite

Xunta de Galicia
2000

Xesús Taboada Chivite

O *Refraneiro galego* de Xesús Taboada Chivite formaba parte dos que dende hai decenios permanecen inéditos e que queremos recuperar nesta colección de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. A ninguén beneficia que o paciente traballo dos colectores poida quedar esquecido nun caixón, porque frustra a súa razón de ser: isto recolleuse para que non esquecese e, polo tanto, para que puidese seguir en circulación, xa que, como se afirma neste libro, mentres noutras culturas máis longamente urbanizadas o refrán é xa algo arcaico que practicamente ninguén usa, en Galicia é aínda algo vivo e funcional. Ademais, que un traballo deste tipo quede inédito é unha frustración que prexudica mesmo os investigadores, porque dese xeito carecen dunha parte dese tesouro de crenzas prácticas, morais, sociais ou estéticas do noso pobo que son os refráns.

A relevante personalidade intelectual de Xesús Taboada Chivite era xa *a priori* unha garantía da calidade do traballo de colector, mesmo sendo este un traballo inacabado, *in fieri*; e, sen embargo, parecía condenado a quedar inédito para sempre. Por esa razón, e porque este caso é máis frecuente do que parece, nestes *Cadernos de Fraseoloxía Galega* irán aparecendo sucesivas coleccións inéditas ás que tiveron acceso os investigadores do Centro Ramón Piñeiro, sempre que consigamos dos propietarios deses manuscritos (como é o caso do *Refraneiro* de Francisco Vázquez Saco) o dereito a incluírmos eses materiais na base de datos fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro que elabora o *Diccionario de Fraseoloxía Galega* e que no seu momento será unha base de datos pública.

Esta Consellería coida realizar así, a través do Centro Ramón Piñeiro, un servizo ós estudos fraseolóxicos e etnolingüísticos.

Celso Currás Fernández

Xesús Taboada Chivite

Índice xeral

Presentación	9
Xesús Taboada Chivite (1907-1976): Biobibliografía	13
O <i>Refraneiro Galego</i> : sinfonía incompleta de Taboada Chivite	25
REFRANEIRO GALEGO	47
1. Refráns galegos	49
2. Refráns doutras linguas	165
2. 1. Casteláns	165
2. 2. Sospeitosos de seren casteláns	166
2. 3. Franceses	166
2. 4. Portugueses	166
2. 5. Sospeitosos de seren portugueses.....	167
3. Outros materiais de tradición oral	169
3. 1. Dialoxismos	169
3. 2. Locucións e fórmulas	172
3. 3. Cantigas.....	173
3. 4. Romance (1º verso).....	173
3. 5. Xogos	173
4. <i>Generalidades</i>	175
4. 1. Notas verbo de conceptos teóricos	175
4. 2. Fontes de consulta	177
4. 3. Posible índice temático.....	179
4. 4. Paralelos e revisións	179
4. 5. Anotacións sobre a lingua galega.....	181
4. 6. Anotacións sobre léxico	181
4. 7. Anotacións sobre etnografía.....	181
4. 8. Miscelánea	183
5. Apéndices.....	185
5. 1. Apéndice 1	185
5. 2. Apéndice 2	186

Xesús Taboada Chivite

Presentación

Cando me pediron que redactase unhas notas preliminares á obra que agora tedes nas vosas mans, de seguida veu á miña mente o segundo verso do famoso soneto *...en mi vida me he visto en tal aprieto*, pola miña escasa experiencia nestas lides.

O meu único mérito para isto é se-lo fillo de Xesús Taboada Chitive. É máis, penso que estas liñas debían ser escritas polo meu irmán Manolo, continuador en moitos aspectos ou facetas da obra do meu pai, se unha prematura morte non o tivese arrancado do noso lado. Na ausencia del, encomendáronme a min esta tarefa.

A obra que agora sae á luz é o traballo de campo de moitos anos, por non dicir de case toda unha vida. Os que coñeceron a Xesús Taboada recórdano coa súa característica libreta de pastas negras que sempre levaba consigo e na que ía anotando todo aquilo que oía e cría interesante para os seus futuros traballos e que logo trasladaba coidadosamente ás súas fichas persoais, xermolo desta obra, e que hoxe, na época dos ordenadores, parécennos rudimentarias.

Os seus innumerables alumnos foron unha fonte inesgotable de información, especialmente os das zonas rurais, e a recompilación de refráns foise enriquecendo co seu frecuente contacto coa xente anónima do campo, no seu permanente deambular polas aldeas da nosa comarca rexiomontana.

Sempre atento a calquera manifestación de cultura popular, recordo especialmente, nas varias campañas arqueolóxicas nas que o acompañabamos (San Millán, A Cabanca, Mourazos, Mixós,...) cómo os seus ollos se abrían e a súa man se achegaba cun aceno característico á orella para afina-lo oído (debido a unha leve xordeira), no momento no que alguén lle facilitaba algún refrán que el descoñecía. Parafraseando o escritor verinés Xosé Carlos Caneiro eu diría que Verín era unha paisaxe que o habitaba, ata o punto de constituír para el case unha obsesión.

Xesús Taboada Chivite

É evidente que os medios modernos de comunicación tenden cara a unha uniformización ou globalización, como hoxe se di, en moitos aspectos, polo que é necesaria, antes de que se perda no esquecemento, a pronta recuperación dunha parte do noso patrimonio cultural, como é o refraneiro, para poñelo á disposición dos demais, ben como un gozo intelectual para os que non somos especialistas, ou ben como punto de partida para os investigadores.

O refrán é, ó meu xuízo, a sentenza que dictamina e describe un modo de ser, é dicir, a máis xenuína característica dunha referencia humana. No refrán concéntrase todo o cúmulo de experiencias, no que unha simple frase condensa anos de existencia e sabedoría popular.

É o meu desexo e o da miña familia que esta obra sexa o principio de novas publicacións sobre temas que Xesús Taboada deixou inacabados e que dormen no arquivo familiar, para coñecemento de aspectos inéditos referentes á etnografía, cultura popular da comarca de Verín, correspondencia con outros intelectuais galegos, etc.

Por último, quixera expresar nestas liñas o meu agradecemento a todos cantos colaboraron neste inmenso traballo de clasificación e sistematización sen o cal esta obra non sería posible.

Xesús Taboada Cid

Xesús Taboada Chivite

Xesús Taboada Chivite (1907-1976): Biobibliografía

1. Datos biográficos.

Nace en Verín o 2 de setembro do 1907. Realiza os seus primeiros estudos na vila natal e despois no Instituto de Ourense recibe as súas doutrinas. Trasládase a Madrid, cando súa nai, viúva, o fai con toda a familia. Alí, despois de ter acabado o bacharelato no Instituto Cardenal Cisneros, empeza os seus estudos na Escola Oficial de Telegrafía, seguindo a tradición familiar. Radiotelegrafista primeiro, en xuño do 1927, e Técnico de Telecomunicación despois, en outubro do mesmo ano. Continúa os seus estudos, agora na Escola Central Superior de Comercio de Madrid, durante os cursos 1927-1928, obtendo o Título de Profesor Mercantil.

O seu primeiro destino é o Centro de Telégrafos de Madrid, pero axiña, no 1930, é destinado ó Centro de Telégrafos de Ourense. Esta data será decisiva na súa vida, e hase lembrar sempre dela, pois a partir de entón entrará en contacto co grupo ourensán, formado por Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco; toda a súa vida conservou unha fonda lembranza, admiración e gratitude polas doutrinas e amizade que lle brindaron os compoñentes do grupo. O trato continuado vai perfilando a súa orientación nos terreos da Arqueoloxía e da Etnografía, aínda que despois se estendese a outros campos.

No 1936 foi destinado a Verín, mais a guerra civil, e por razóns políticas, trae como consecuencia o seu traslado temporal á Coruña, ata que, militarizado no 1937, pasa sucesivamente polos Centros de Bilbao, Zaragoza e Corpo do Exército de Castela, a meirande parte do tempo na Oficina de Telégrafos do Xeneral Varela.

No 1938, en plena guerra polo tanto, casa con Carola Cid Guerra na Ermida da Virxe dos Remedios, próxima á vila de Verín.

Rematada xa a guerra regresou a Verín, onde empeza o labor de investigación e docencia, os dous pilares da súa vida. No primeiro dos terreos o seu labor centrouse

sobre a historia e a etnografía do seu pobo natal e da súa terra, mais ampliando o seu ámbito de estudio a Galicia. Do seu labor investigador son mostra os traballos aquí reseñados e outros que deixou en preparación, pero que a súa morte, que veu cedo de máis, truncou.

As súas preocupacións estiveron dirixidas a varios campos; cómpre destaca-lo seu interese pola conservación do Patrimonio Artístico especialmente o Castelo de Monterrei, loitando denodadamente pola súa restauración e posterior conservación. Amais diso, calquera achádego histórico da comarca era de contado posto de relevo para a súa conservación, ou, no seu caso, entregado ó Museo Arqueolóxico Provindal de Ourense, onde foi ingresada unha grande cantidade de pezas importantes para a historia da provincia, xa procedentes de escavacións, xa de achádegos fortuitos. A mesma razón conservadora polarizouse tamén na conservación etnográfica do Museo del Pueblo Español de Madrid, do que foi Patrono, pero máis recentemente como Vicepresidente do Museo do Pobo Galego.

Non menos importante, aínda que dende fóra menos coñecido, é o seu labor docente, fundamentalmente dende o ano 1941, cando empeza a funciona-la Academia de Verinense que dirixiu e na que impartiu as súas doutrinas, ata o seu pechamento no 1968. Moitos aínda lembrámo-las súas aulas, único lugar de acceso ó ensino superior en toda a comarca.

Ós 42 anos, e por consello amigo empeza os seus estudos de Filosofía e Letras (Sección de Xeografía e Historia) na Universidade de Santiago de Compostela, durante os cursos 1949-1950 e 1950-1951 realiza a licenciatura.

Entre os cargos que ocupou están os de:

Comisario local de escavacións arqueolóxicas;

Correspondente da Asociación Española de Etnografía e Folklore;

Correspondente da Real Academia Galega;

Cronista oficial da vila de Verín;

Numerario da Sociedad Española de Antropología, Prehistoria y Etnografía;

Delegado de arte de Verín;

Correspondente de Associação dos Arqueólogos Portugueses;

Membro da Asociación Española para el Estudio del Cuaternario (Barcelona);

Correspondente da Real Academia de la Historia;

Patrono do Museo del Pueblo Español de Madrid;

Membro da Societé Internationale d'Ethnologie et de Folklore de París;
Vocal da C.I.T.E. de Ourense;
Membro Numerario da Real Academia Galega;
Fillo predilecto de Verín;
Membro da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense e Tesoureiro da mesma;
Membro Honorario do Instituto Histórico y Geográfico de Urugaiana;
Director da Sección de Arqueoloxía do Boletín Auriense;
Director da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudios Galegos
“Padre Sarmiento”;
Vicepresidente do Patronato do Museo do Pobo Galego;
Membro Correspondente da Real Academia Portuguesa da Historia, un dos últimos
nomeamentos e cargo do que non puido tomar posesión;
Director da Sección de Etnografía na *Gran Enciclopedia Galega* etc.

Asistiu a congresos en diferentes puntos da xeografía portuguesa, sobre todo de
arqueoloxía, etnografía e folklore (Braga, Porto, Santo Tirso, Pova de Varzim, etc.) o
mesmo que ós celebrados en España (Madrid, Oviedo, Sevilla, Mérida, Zaragoza, etc.).

Dende o ano 1943 realizou prospeccións arqueolóxicas en distintos puntos da
provincia de Ourense, de xeito individual ou en colaboración con F. L. Cuevillas e
Xaquín Lorenzo.

Na súa formación, tivo un lugar destacado a amizade con investigadores portugueses:
Pires de Lima e Santos Junior, entre outros, e entre os galegos moi especialmente con
Xaquín Lorenzo, con quen tiña unha fraterna e sentida amizade, e con quen realizou,
en colaboración, diversos traballos e escavacións arqueolóxicas, con Xesús Ferro
Couselo, Antonio Fraguas, Bouza Brey, etcétera. Sentiuse moi vencellado ós novos
arqueólogos, etnógrafos e investigadores galegos, ós que sempre axudou e alentou.

Amais da bibliografía reseñada a continuación, é autor de numerosos artigos en
periódicos de España, Portugal e hispanoamérica, encol de diversos temas, pero máis
que nada da Historia, Arte, Arqueoloxía e Etnografía. Pronunciou moitas conferencias
en Galicia e Portugal sobre da mesma temática.

Vencellado ó Seminario de Estudios Galegos, participou na última campaña deste
instituto na Terra de Deza que a guerra civil detivo, e os seus materiais perdéronse.

Xesús Taboada Chivite

A pesar da súa actividade profesional como Xefe de Telégrafos de Verín, a súa dedicación foi sempre plena ó servizo da investigación e da docencia, coa súa entrega total a Galicia. Os materiais recollidos en ficheiros significan un inxente labor de recompilación que verán a luz paulatinamente.

Morreu en Verín o 27 de novembro de 1976.

2. Bibliografía

2.1. Libros

1946. 1. *Varones ilustres de la comarca verinense*, Imprenta Bolaños y Aguilar, Madrid, 1946, 173 páxs.
1960. 2. *Monterrey*. Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, C. S. I. C. Anejo XIII, Madrid, 137 páxs. + 16 láminas.
1961. 3. *Folklore de Verín*. —*Las Creencias y el saber popular*. La Región, Orense, 162 páxs.
1963. 4. *Los Castillos*. Cuadernos de Arte Gallego, núm. 24. Ed. Castrelos, Vigo, 47 páxs. + 1 mapa.
1965. 5. *Escultura Celto-Romana*, Cuadernos de Arte Gallego, núm. 30, Ed. Castrelos, Vigo, 46 páxs.
1968. 6. *Guía de Monterrey*, Artes Gráficas Faro de Vigo, Vigo (2ª Ed. 1972) (3ª Ed. Artes Gráficas Galicia, 1974; 4ª, 1977), 87 páxs.
1972. 7. *Etnografía Galega* (Cultura espiritual), Ed. Galaxia. Vigo, 198 páxinas.
1973. 8. *Historia de Galicia III, Prehistoria*, por F. L. CUEVILLAS, Addenda de Xesús Taboada Chivite, Buenos Aires.

2.2. Artigos

- 1943-1944. 9. “El Castro de Medeiros”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XIV, páxs. 1-10.
1945. 10. “Un sepulcro romano en Villardeviós”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XV, Fasc. II, páxs. 25-31.
1946. 11. “Insculturas de herradura en la comarca del Támega”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XV. fasc. II, páxs. 122-128.
12. “Una estación galaico-romana en el Outeiro de Baltar”, (en colaboración con F.L. Cuevillas), en *Archivo Español de Arqueología*, núm. 63, páxs. 117-129.
13. “Vía romana del valle del Támega”, en *Revista de Guimarães*, T. LV, fasc. 3-4, páxs. 1-12.

14. “El castro de Florderrey Vello (Villardevós) y sus interesantes hallazgos”, en *Boletín del Museo Arqueológico de Orense*. T. II, páxs. 1-10.
15. “Monterrey. Resumen histórico y arqueológico”, *Boletín del Museo Arqueológico de Orense*. T. III, páxs. 1-19.
16. “La medicina popular en el valle de Monterrey (Orense)”. en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, T. III, cuaderno 1, páxs. 31-57.
17. “Del jardín de Tirso. Glosas y aspectos de la Gallega Mari.-Hernández”, en *Revista de Guimarães*, t. LVIII, fasc. III-IV, páxinas 1-27.
18. “Lápida funeraria de Terroso (Villardevós)” en *Boletín del Museo Arqueológico de Orense*, T. IV, páxs. 1-3.
19. “Esculturas de verracos en Galicia”, en *Archivo Español de Arqueología*, Madrid, T. 72, páxs. 291-294.
20. “El Cristo de las Batallas de Monterrey”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XVI, fasc. IV, páxs. 273-281 .
1949. 21. “Ara romana de Villaza”, en *Boletín del Museo Arqueológico de Orense*, T. V, páxs. 54-56.
22. “La cultura de los verracos en el Noroeste Hispánico”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. IV. 12, páxs. 5-27.
23. “Folklore astronómico y metereológico de la comarca de Monterrey”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, T. V, cuad. 1, páxs. 110-137.
24. “Verín y sus murallas”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XVII, páxs. 61-72.
- 1950- 1951. 25. “Verín”, *Publicidad Radar*, páxs. 1-15.
26. “Exploración en los castros de Cabreiroá”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. V, 17, páxs. 331-344.
1951. 27. “Los tres conventos de Monterrey”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XVII, páxs. 245-262.

1952. 28. “Epigrafía romana da Região espanhola do Tâmega”, en *Revista de Guimarães*, T. LXII, páxs. 1-17.
29. “La noche de San Juan en Galicia”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, T. VIII, cuad. IV, páxs. 600-632.
1953. 30. “Noticias sobre da cidá do Castro”, (en colaboración con F. L. Cuevillas), en *Revista de Guimarães*. T. LXIII. páxs. 1-9.
31. “Algunos aspectos del Carnaval de Laza”, en *Zephyrus*, IV, Homenaje a César Morán, Salamanca, páxs. 429-438.
32. “Datos para la biografía del P. Gándara”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, num. 297, ano XLVIII, T. XXV. Páxs. 376-386.
33. “Carta Arqueológica de la comarca de Verín”, en *Actas del III Congreso Nacional de Arqueología de Galicia*, 1953, edición de la Sección de Arqueología de la Institución Fernando el Católico, Zaragoza, 1955, páxs. 333-352.
34. “La ubicación del Forum Bibalorum”, en *Actas del III Congreso Nacional de Arqueología de Galicia*, 1953, Zaragoza, 1955, páxs. 476-480.
1954. 35. “El entierro de la sardina. Ritualidad del carnaval gallego”, en *Douro Litoral*. 6ª serie, vol. I-II, páxs. 1-8.
1955. 36. “La descalificación de Galicia en la literatura y en el pueblo”, en *Douro Litoral*, 6ª serie, vol. VII-VIII, páxs. 1-23.
37. “Moros y cristianos en tierras de Lanza”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, T. XI, cuad. 3º, páxinas 334-352.
38. “Medeiros. Monterrey (Orense)”, *Noticiario arqueológico hispánico*, II, cuad. 1-5, 1953. Madrid, 1955, páxs. 61-72.
39. “Un oppidum en la tribu de los Bíbalos”, (en colaboración con F. L. Cuevillas), en *Archivo Español de Arqueología*, número 91, páxs. 69-89.
1956. 40. “A Alta Idade Media na região superior do Tâmega”, en *Revista de Guimarães*, T. LXVI, páxs. 1-17.
41. “Os Condes de Monterrey”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, T. XXVII, núm. 309-320, páxs. 1-22.

42. “Dos nuevas hachas de bronce encontradas en Galicia”, (en colaboración con F. L. Cuevillas), en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XVIII, fasc. III.
1957. 43. “Danza y entrelazo en Fontefría”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, T. XIII, cuad. 4º, páxs. 300-506.
44. “El culto a los árboles en Galicia”, en *Homenaje a Florentino L. Cuevillas*, Ed. Galaxia, Vigo, páxs. 125-133.
45. “Verín y otros pueblos del señorío de Monterrey”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XIX, fasc. I-IV, páxs. 45-51.
1958. 46. “Nuevas excavaciones en la Cidá do Castro de San Millán”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. T XIII, páxs. 301-311.
1959. 47. “Folklore de Verín. Calendario religioso”, en *Douro Litoral* 9ª serie, vol. VIII, 53 páxs. + 3 láminas.
48. “Folklore de Verín”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, T. XV, cuad. 3ª, páxs. 292-312.
- 1959-1960. 49. “Notas sobre Toponimia Verinense”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* (Homenaje a F. L. Cuevillas), T. XX, páxs. 105-116.
50. “Cinco hachas de bronce”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T. XX, páxs. 71-75.
1960. 51. “El canon 73 de los *Capitula Martini* y los Ramos precautorios actuales”, 1º *Coloquio Bracarense de Estudos suévico-bizantinos*, Bracara-Augusta, T. IX-X, 1958-1959, Braga, 1960, páxinas 5-9.
52. “El Tizón de Navidad”. *Colóquio de Estudos Etnográficos* “Dr. Leite de Vasconcelos”, T. II, Porto, páxs. 1-6.
1961. 53. “Algunos aspectos de los castros Bíbalos”, en *VI Congreso Nacional de Arqueología*, Oviedo, 1959, Zaragoza, páxs. 95-101.
54. “O culto da lúa no Noroeste hispánico”, en *Revista de Guimarães*, T. LXXI, fasc. I-II, páxs. 1-26.
55. “Memoria de las excavaciones de Mixós” (en colaboración con Joaquín Lorenzo), remitida ó *Servicio Nacional de Excavaciones Arqueológicas*.

56. “Memoria informativa sobre material etnográfico de Galicia”, remitida ó *Museo del Pueblo Español* (Madrid).
1962. 57. “Excavaciones arqueológicas en el castro de Cabanca (campaña de 1961)”, (en colaboración con Joaquín Lorenzo), en *Noticiario Arqueológico Hispánico*, T. VI, cuad. 1º-3º, 1964, páxs. 129-134 + láminas.
58. “Dos necrópolis posiblemente suélicas” (en colaboración con Joaquín Lorenzo), en *Noticiario Arqueológico Hispánico*, T. VI, cuad. 1º-3º, páxs. 200-202.
1963. 59. “Algunas fiestas religiosas de origen agrario en la región del Tamega”, en *Actas del I Congreso de Etnografía y Folklore*, Lisboa, T. V, III, páxs. 153-162.
1964. 60. “Grupo escultórico romano de Mourazos”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. T. XIX, 58, páxs. 137-142.
1965. 61. “La Navidad gallega y su ritualidad”, en *Actas del Congreso de Etnografía e Folklore de Santo Tirso*, Lisboa, vol. III, páxinas 1-25.
62. “O culto das pedras no Noroeste peninsular” (discurso de Ingreso na Real Academia Galega), Ed. Faro de Vigo, Vigo, 44 páxinas.
1966. 63. “La malla en la comarca del Tamega superior”, *Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología*, páxs. 93-118 + 4 láminas.
64. “Las leyes castreñas”, en *Actas del IX Congreso Nacional de Arqueología*, 1965, Zaragoza, páxs. 233-245.
65. “Notas económicas de la comarca verinense en el siglo XVIII”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXI, 63, páxs. 118-126.
1968. 66. “La Reconquista y su consolidación en la comarca del Alto Tamega”, Comunicación presentada ó *Congreso Luso-Espanhol de Estudos Medievais*, Porto (en prensa).
67. “Cuevillas e o seu maxisterio”, en *Grial*, núm. 21, páxs. 314-321.
68. “Estelas romanas del Castrum Baroncelli (Monterrey)” en *Archivo Español de Arqueología*, vol. 41, núm. 117-118, páxinas 201-204.

69. "Excavaciones en la Muradella (Murazos, Verín)", Servicio Nacional de Excavaciones, *Noticiario de Arqueología Hispánica*, T. X-XII, 1966-1968, páxs. 190-207 + 13 láminas.
1969. 70. "La matanza del cerdo en Galicia", en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. T. XXV, cuad. 1-2, páxs. 89-105.
71. "La cencerrada en Galicia". Comunicación presentada ó 1º Congreso de Artes y Costumbres Populares de Zaragoza en 1968. Instituto Fernando el Católico, Zaragoza, páxs. 203-215.
72. "Las leyendas de la laguna de Antela", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXIV, 72-73-74, páxs. 348-362.
1970. 73. "Los Tamagani y su romanización", Comunicación presentada ó XI Congreso Nacional de Arqueología de Mérida de 1968, Zaragoza, páxs. 677-684.
74. "San Rosendo y la tierra de Baroncelli", comunicación presentada ó coloquio sobre *San Rosendo e o seu século, Santo Tirso*, octubre de 1970, en *Boletín Auriense*, T. VII, 1977, páxs. 55-62.
75. "Don Federico Maciñeira e Pardo de Lama", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 352, T. XXX, páxs. 286-290.
1971. 76. "Noticias arqueológicas de la región del Tamega (Verín)", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXVI, 78, páxs. 45-63.
77. "Montería y corrida de Lobos en Galicia", Comunicación presentada no *Colóquio Internacional de Estudos Etnográficos de Rocha Peixoto*, Pova de Varzim, 1966, en *Boletín Auriense*, T. I, páxs. 3-14.
78. "Datos para la biografía del guerrillero Fr. Andrés Villageliú", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXVI, 80, páxs. 338-340.
1972. 79. "De re epigraphica. Dos epígrafes en Rabal (Oimbra, Orense) Nueva Ara a Jupiter. Otras noticias epigráficas", en *Boletín Auriense*, T. II, páxs. 14-20.
1973. 80. "Moldes de Erosa (La Gudiña, Orense)", Comunicación presentada ó XII Congreso Nacional de Arqueología de Jaén en 1971. Zaragoza, páxs. 227-232 + 2 láminas.
81. "Aspecto agropecuario de la Cultura castreña", en *Archivo Español de Arqueología*, Homenaje a García y Bellido, t. III, *Revista de la Universidad de Madrid*, 1978, páxs.

82. “La romanización del habitat castreño”. Comunicación presentada ó Coloquio de cultura castrexa en Carvalhelhos, en *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, Porto. Vol. XXII, páxs. 237-247.
83. “Nuevos testimonios del Culto a los Lares Viales en la Gallaecia”, Comunicación presentada ó *Congresso Nacional de Arqueologia de Portugal em 1973*, en *Gallaecia*, T. II, Santiago de Compostela, 1976, páxs. 193-201.
84. “A Reconquista e a súa consolidación na Bisbarra de Baroncelli”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXVIII, 86, páxinas 285-293.
85. “Varia epigraphica. Notas sobre nuevas inscripciones romanas de la Provincia de Orense”, en *Boletín Auriense*, T. III páxinas 1-3.
86. “Notas necrológicas en recuerdo de cuatro insignes arqueólogos y etnógrafos. García Bellido, Bouza-Brey, Pires de Lima, Jorge Díaz”, en *Boletín Auriense*, T. III, páxs. 1-11.
1974. 87. “Ceremoniales ígnicos y folklore del fuego en Galicia”, comunicación presentada ó *II Congreso de Artes y Costumbres Populares en Córdoba en Mayo de 1971*, Instituto Fernando el Católico C. S. I. S. Zaragoza, páxs. 389-402.
88. “El Meco en el contexto mítico de renovación cósmica y vegetativa”, en *In memoriam Antonio Jorge Dias*, Centro de Estudos de Antropologia Cultural, Lisboa, T. II, páxs. 103-112.
1975. 89. “A vida e a obra de Xesús Ferro Couselo”, en *Boletín Auriense*. T. V. páxs. 9-16.
90. “La encrucijada en el Folklore de Galicia” en *Boletín Auriense*. T. V. páxs. 101-112.
1976. 91. “El pueblo gallego. Cultura material y espiritual” en *Los Gallegos*, Ed. Istmo, Madrid, páxs. 149-218.
92. “Moros y cristianos en Galicia y sus antecedentes bélico-religiosos”, Comunicación presentada ó *Congreso Nacional de Moros y Cristianos de Villena*, de agosto de 1974, Alicante, 1976, T. II, páxs. 567-582.
- 2.3. Outros traballos en prensa (amais dos xa citados) ou aínda non publicados:
93. “Fermín Bouza-Brey (1901-1973)”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*.

94. “Nuevas aportaciones a la carta arqueológica de Verín”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*.
95. “El juego de las ollas en Galicia” comunicación presentada ó *III Congreso de Artes y Costumbres Populares de 1975*.
96. “Romanización del área tamagana luso-galaica”, comunicación presentada ó *Colóquio Arqueológico-Histórico preparatório do XIX Centenário da Fundação de Aquae Flaviae*, Chaves, 21 Febrero de 1976.
97. “A cultura castrexa”, capítulo pra un *Manual de Prehistoria Galega*, Ed. polo Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, 30 folios.
98. “Algúns numismas da terra Tamagá e Límica”, en *Boletín Auriense*, T. VI, 1976, páxs. 17-24
99. “San Rosendo e a terra de Baronceli”, en *Boletín Auriense*, T. VII, 1977, páxs. 55-62.

Manuel Taboada Cid (†)

Xesús Taboada Chivite

O Refraneiro Galego: sinfonía incompleta de Taboada Chivite

1. Paremiólogos galegos

A paremioloxía galega tivo un feliz principio, na inserción de refráns na nosa poesía medieval, que estudiou Filgueira Valverde¹, e continuou coa incorporación ás coleccións de refráns que en Salamanca fixeron o comendador Hernán Núñez² e Gonzalo Correás³. Pero os séculos escuros, coma en tantos outros aspectos, supuxeron unha interrupción do labor de recolla, a salvo de que aparezan coleccións inéditas. A dificultade de publicar cousas de cultura galega en galego facilitou que o refraneiro castelán medrase, en parte, por adaptación a esa lingua de refráns inequivocamente galegos que os compiladores oían ós nosos segadores, serenos, soldados e demais inmigrantes. Deste contrabando quedan non poucas probas no refraneiro castelán escrito.

Sen embargo, dende o Rexurdimento foron moitos os galegos que marabillados pola chispa de xenio que conteñen os refráns que usa o pobo, mesmo o pobo iletrado, comezaron a anotar e así construír pequenas coleccións. A propia Rosalía de Castro colaborou. É de xustiza censa-los nomes de Eliseo Alonso, Alonso Montero, Xosé María e mais Emilio Álvarez Blázquez, Álvarez Giménez, Barreiro Troncoso, Benavente Jareño, Bouza Brey, Darío Xohán Cabana, Manuel Cajaraville, Leandro Carré, Uxío Carré Aldao, Lois Carré, Ricardo Caruncho, Álvaro das Casas, Rosalía de

¹ "A inserción do 'verbo antigo' na literatura medieval galego-portuguesa". *Homenaxe a Xesús Taboada Chivite* 1976, 355-366 (*Adral* VI, Edicións do Castro, Sada 1990, 13-31).

² NUÑEZ, Hernán: *Refranes o proverbios en romance, que nuevamente colligió y glossò el Comendador Hernan Nuñez, Professor eminentissimo de Rhetorica, y Griego, en Salamanca. Van puestos por la orden del Abc. En Salamanca En casa de Iuan de Canoua 1555*. A parte galega xa a extractara Murguía, publicouna F. Bouza Brey (*Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI,1955,450-471) e tivo posterior edición e estudio gracias a Santiago A. LÓPEZ NAVIA: *O repertorio galego dos 'refranes o proverbios' en romance do Comendador Hernán Núñez (1555)*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela 1992.

³ CORREAS, Gonzalo: *Vocabulario de refranes y frases proverbiales (1627)*. Texte établi, annoté et présenté par Louis Combet. EDT. Inst. d'Études Ibériques et Ibéro-Américaines de l'Université, Bordeaux 1967.

Castro, Chao Espiña, Jacinto Díaz, Esmorís Recamán, Equipo A(lonso) P(imentel), Fabeiro Gómez, Fernández González, Ferro Ruibal, Constantino García, Alfredo García Alén, Gella Iturriaga, Gippini Escoda, González Perez, Gutiérrez Margaride, Antonio de la Iglesia, Junior Santos, Lamas Carvajal, Francisco Lanza, Leiras Pulpeiro, Lence Santar, López Cuevillas, Lorenzo Fernández, Santiago Loureiro, López Navia, Llopiz Méndez, Maciñeira Pardo De Lema, Mariño Ferro, Martínez Murguía, Pedro de Merille, (seud. de Salvador Golpe), Moreiras Santiso, Noriega Varela, Otero Álvarez, Pardo Bazán, Parga Sanjurjo, Pensado Tomé, P. Gumersindo Placer, Pereda Álvarez, Piñeiro Ares, Portela Pazos, Jacinto del Prado, Quintáns Suárez, Rajo López, Ramón y Fernández Oxea, Rey González, Isaac e Nicanor Rielo Carballo, Vicente Risco, Rivas Quintas, Rodríguez Martínez, Rodríguez González, Rodríguez Martínez, Saco y Arce, Casto Sampedro e Folgar, Saralegui Medina, Sarmiento Gil, Sesto López, Fr. Juan Sobreira, Taboada Cid, P. Vagallos, Valladares Núñez, Varela Rodríguez e Zamora Mosquera, ós que lle hai que suma-lo labor de varias persoas que aportaron refráns ós apéndice do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez ⁴ e mais ós 32 tomos da *Gran Enciclopedia Gallega*. A maior de todas estas coleccións é a do *Diccionario* de Eladio Rodríguez que en 1987 aparece extraída e organizada tematicamente ⁵.

Sen embargo coñecemos-la existencia de importantes coleccións aínda inéditas, como son as de Fermín Bouza Brey, Lois Carré Alvarellos, Gumersindo Placer, José Ventín Durán, Francisco Vázquez Saco e Vicente Llopiz Méndez, das que a máis importante é esta última. A de Vázquez Saco vai ser publicada nesta mesma colección, que se ofrece de forma gratuíta para sacar á luz pública o labor xeneroso dos demais.

Os refráns fornecen innumerables noticias sobre a nosa agricultura, gandería, formas de vivir, gozar e sufrir, sobre a nosa economía, estética e ética, sobre a nosa percepción do mundo, da sociedade e da transcendencia. Ningún refrán é superfluo: moitas veces unha pequena variante dun refrán ilumina aspectos da nosa cultura que outros refráns máis repetidos encobren. De aí que ningunha colección de refráns, grande ou pequena, careza de interese.

2. Xesús Taboada Chivite, paremiólogo

Xesús Taboada (1907-1976) realizou un traballo de colector de refráns que podiamos calificar de *sector primario*, e que é imprescindible para todo o que vén despois. Pero el mesmo elaborou importantes traballos etnográficos, de *sector secundario*, coma o de 1972 *Etnografía galega (Cultura espiritual)* ⁶ e mailos que trala súa morte se recolleron no libro

⁴ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Galaxia, Vigo I, 1958; II, 1960; III, 1961.

⁵ FERRO RUIBAL, Xesús: *Refraneiro Galego Básico*, Galaxia, Vigo, 1987.

⁶ TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía galega (Cultura espiritual)*. Galaxia, Vigo, 1972, 169-172.

recopilatorio *Ritos y creencias gallegas* ⁷. Xa no artigo de 1947 “La medicina popular en el valle de Monterrey” ⁸, incluía refráns.

O inmenso respecto que nos merece a figura de Taboada Chivite, daquela xeración de renacentistas da primeira metade deste século que tanto eran arqueólogos, epigrafistas ou paleógrafos como eran etnógrafos e aínda se mantiñan doutra profesión, lévanos a sacar do anonimato un feixe informe de fichas paremiolóxicas que o verinense deixou inéditas. Diante delas temos unha intensa sensación: nós hoxe podemos gozar de máis luz cós que nos precederon verbo da realidade gramatical da nosa lingua, pero nada da ciencia do último tercio do século XX se construíu que non se asente sobre a obra xigantesca dos que nos precederon e que, en boa parte, co seu exemplo e rigor son os que nos comprometeron no amor e no estudio da cultura de Galicia. Queremos empezar recoñecendo a frecuente sensación de sermos ananos subidos nos ombreiros de xigantes, porque, ende non, non se entenderían as horas dedicadas a restaurar e ordenar estas fichas para convertelas en libro nin se comprendería a reverente cautela con que ousamos corrixir algunhas pequenas cousas que - estamos seguros - el mesmo corrixiría.

A primeira vez que soubemos destas fichas, foi de boca do seu fillo Manuel Taboada Cid, con quen algún de nós compartiu varios proxectos de normalización lingüística, algún frustrado pola xerarquía eclesiástica. Nun acto académico na casa de Rosalía de Castro convidounos a irmos un día a Verín para nos poñer nas mans unhas fichas e libretas de seu pai que tiñan que ver co noso proxecto de *Diccionario de Fraseoloxía Galega*. Poucas semanas despois Manuel Taboada Cid morría. A viaxe a Verín quedou sen facer. Pasou algún tempo e das mans da súa viúva Nieves de Paula Pombar recibimos un paquete de fotocopias que contiñan cada unha tres fichas daquel ficheiro. Con este material traballamos.

Estas fotocopias de fichas non son as libretas, que o propio colector cita algunha vez (*Haxa cornos e non se vexan. Lo mismo en Shakespeare: Oteló. Véase mi libreta*). E había outras libretas: case tódolos paremiólogos recibiron pequenas coleccións de refráns que axuntaran amigos que acabaron pensando que serían máis útiles nas mans de quen proxectaba un refraneiro de maior ambición. Taboada Chivite tamén cita un traballo da súa filla Elvira Taboada Cid ⁹ e mais varias libretas de J.M.Pereda ¹⁰. E noutras notas di *Etnografía AEP II Cuad 2 y 367 ss y E (1ª libreta)*.

⁷ TABOADA CHIVITE, Xesús: *Ritos y creencias gallegas*. 2ª edición aumentada. Sálvora, A Coruña 1982.

⁸ TABOADA CHIVITE, Xesús: “La medicina popular en el valle de Monterrey”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, III, cuad. 1, 1947, 31-57.

⁹ Nunha nota deixa constancia de que *El material de Rubiós fue recogido por mi hija Elvira Taboada Cid, maestra nacional allí, en 1971*.

¹⁰ *Alpabarda*

Libreta Pereda de Coplas populares. p 52

Gramática Gallega

De Lúgrís Freire en Libreta grande de Pereda p 163 ss

Parrafeos

Libreta nº 10 de Pereda, pp. 177-178

Este ficheiro contén ademais unha serie de notas do autor, en boa parte puramente mnemotécnicas, que nós agrupamos nun apéndice que titulamos *Generalidades*, usando un título que el mesmo pon a varias desas fichas: na nosa edición aparecen entre as páxinas 173-181.

3. Importancia deste refraneiro

A publicación deste importante ficheiro de refráns era unha aspiración dos fraseólogos do Centro Ramón Piñeiro dende que soubemos da súa existencia. Primeiro, porque estamos ante un *Refraneiro* froito da recolla persoal dun verdadeiro colector, ó seren moi poucos os casos nos que cita unha fonte xa publicada ¹¹. Segundo, porque, cando o confrontamos coa base de datos paremiolóxica do Centro Ramón Piñeiro, observamos que 2.399 destes 3.826 refráns de Taboada Chivite aparécennos aquí por primeira vez: este segundo dato dámos unha idea máis real do valor deste *Refraneiro*. É ben certo que dese número hai que descontar 75, que son refráns doutras linguas (maiormente casteláns e portugueses), 44 dialoxismos, 52 locucións e fórmulas, 5 cantigas, 1 romance, e unha rima infantil, e outros, nunha proporción xa difícil de calcular, que son variantes puramente ortográficas ou gramaticais do que xa estaba recollido por outros paremiólogos; pero, mesmo así, non parece aventurado afirmar que máis de mil refráns (un tercio deste refraneiro) son refráns que aparecen aquí por primeira vez, ben como paremia única, ben como variante nova que unicamente aquí se recolle.

A terceira razón é que, como é habitual entre os bos paremiólogos, Taboada Chivite define aquelas palabras que teñen un uso local e que poderían ser opacas para a maioría dos galegos. Tal fai con *cogordón*, *choupín*, *escarapela*, *fin*, *lombeiro*, *parañeiros*, *polar*, *senón* ou *xerte*:

-O fume vai pra onde os guapos. -Sí, pensando que son parañeiros.

Parañeiros, muxicas, pelaxe, hollín que se forma en la campana de la chimenea.

A auga todo lava se non a mala fada.

Se non: Excepto.

A troita fragosa, fea e fiada.

Fiada: con una lista en el lomo y según otros pescada con hilo.

Choupín, choupíneiro, onde está teu compañeiro?

Cogordón, choupín, couqueiro = Setas que aparecen juntas

En marzo chove e neva e fai escarapela, no alto da casa da tía Madanela.

¹¹ O número de refráns que el reproduce doutras fontes é pequeno: 125 do *Diccionario* de Valladares, 45 do *Faro de Vigo*, 28 do *Diccionario* de Eladio Rodríguez, 17 do *Gaiteiro de Lugo*, 29 do *Mintireiro Verdadeiro*. Nalgúns casos a ficha cita a fonte anterior coa abreviatura *id(em)*, que, ó facer unha ordenación alfabética, perdeuse. Nove fichas teñen un índice das entradas do *Diccionario* de Eladio Rodríguez que conteñen refráns e indica cantos refráns ten cada unha desas entradas. Probablemente pensou en incorporalos algún día, pero, como dicimos, só encontramos 28 citas dese *Diccionario*.

Escarapela=granizo.
En xaneiro, súbete ó lombeiro si ves verdexar, ponte a chorar e si negrexar, ponte a cantar.
Lombeiro: altozano.
Nin tanto xo! que se pare, nin tanto xerte! que fuxa.
 Ref. al ganado, pero también a personas. *Xerte* = anda; Ej. *Xerte, boi.*
Pola Pascoa e pola Pascuela o polar ten boa comedela.
Polar: dulce como roscón pero con carne cerdo, jamón etc (como empanada).
Si entre marzo e abril o cuco non ven ou o cuco é morto ou a fin quere vir.
A fin=el fin del mundo, me dice el informante.

E, na mesma liña, ofrece valiosas explicacións, sen as que non saberíamos a qué se aplican certos refráns. Vexamos algunhas:

Bótame na lama e faime boa cama.
 Ref á semente do trigo, do centeo non.
Seméntame na lama e de min non verás nada.
 Sembra do centeo.
Seméntesme tarde, seméntesme cedo hasta o mes de abril non me verás o pelo.
 Dícese de las patatas.
Sácame a marzo, xa verás como pazo.
 Fala o cocho.
En abril gárdaos pra ti; en maio dallos e en S. Xoán déixaos ir pra onde van.
 Colmenas.

Estas pequenas glosas son especialmente útiles, cando se trata de refráns que no mundo urbano empezan a ser opacos, como diremos no remate desta introducción. Algúns exemplos son:

A auga perde o mes pero non perde o ano.
 Sin llover no pasa.
A luna de outubro sete días cubre.
 O que ocorre os sete días ocurrirá as sete lúas distintas.
A perdiñ có dedo na nariz.
 Debe comerse no recentemente matada.
A vide e a xesta co demo en testa.
 Fan moito fumo.
Apunta a teta, zapateta.
 La adolescente que se hace pronto mujer, será de estatura baja.
Cabalo que ten que ir á guerra non morre no ventre da égoa.
 Cada uno su destino.
Cando mamán da maí todo vai ben cando chupan do pai todo vai mal.
 Decía un señor de Verín, cuando hablaba de los gastos de sus hijos en la Universidad: -
 Cando mamán da maí todo vai ben cando chupan do pai todo vai mal.
Cando moro, moro; cando cristiano, cristiano.
 Hai que estar nas cousas e cada unha no seu momento.
Despois de abril a auga ven tras do tamboril.
 Agua con truenos.
Despois do palleiro cheo tanto fai de palla como de feno.
 La cuestión es llenar el estómago.
Home novo e muller vella un ou dous que veñan.

Un ou dos fillos; non máis.
Morte non veñas que achaque non teñas.
Afán de inventar una causa cuando se ignora
Olo de barbeiro, metro de carpinteiro.
Buen ojo para tasar.
Onde vexas corpo bota carga e onde vexas orellas dá cebada.
Dice o burro ó amo: Onde vexas corpo bota carga e onde vexas orellas dá cebada.
San Benito Cabaceiro é o San Benito verdadeiro.
S Benito Cabaceiro=24 de marzo.
San Francisco trae a vela e S. Xosé a leva.
Alude al acortamiento de los días de fecha a fecha y necesidad de alumbrado.
San Ramón, San Ramonciño unba camisa de liño che don.
A San Ramón para un feliz embarazo: *San Ramón, San Ramonciño unba camisa de liño che don.* Y
cuando pasó: *de estopa, señor, de estopa.*
Si ten contas non ten conta; si non ten contas ten conta.
Se dice al comprar un cabrito que si tactando la columna vertebral se le aprecian las
vértebras está delgado no tiene cuenta; a la inversa si.

E, coma nas boas colleitas paremiolóxicas, hai sempre algúns que nos producen impresión pola fondura da mensaxe (esteamos ou non de acordo con ela) ou pola gracia, a elegancia ou a xusteza da expresión. Velaí van só cinco exemplos:

O galego non perde o rego.
Tira siempre hacia la tierra.
Non lle fagas mal que nono merecen, mais non lle fagas ben que nono agradecen.
Dicen os galegos dos galegos.
Pisada de boi, dente de lobo e facer moito, moito o bobo.
Dicen que es el consejo que dan los padres a los hijos que emigran.
Os machadazos nas alturas parecen molduras.
Dicen los ebanistas.
Os homes mexan nas paredes.
Se defienden solos.
Os réditos non teñen días santos.
El usurero no perdona un día.

4. Data

Aínda que o coleccionismo de refráns é unha afección que, ás veces, un colle de moi novo, a experiencia demostra que, des que nos colle, xa nunca máis nos deixa, aínda que un non sempre chegue a ve-la súa colección ordenada e publicada. É tamén habitual que nunca peche a admisión de novas paremias quen xa publicou un refraneiro, aínda que non vexa viable unha nova edición ampliada: é que a riqueza semántica e estética dos refráns impresiona sempre e imponse por si mesma. Canto un máis refráns atopa, máis se sorprende do enxeño, da gracia e da fondura dos refráns e resúltalle imposible deixar pasar aquilo que alguén creou e o pobo asume como expresión do seu pensamento. Non anotar un refrán é coma pasar por un camiño, ver

unha cousa de ouro e non collela; coma ver unha luciña na noite e deixar que se apague para sempre.

Xesús Taboada Chivite (2.9.1907 - 27.11.1976) dános no comentario a un refrán unha referencia moi concreta da época na que traballou neste *Refraneiro Galego*. É o ano 1969 ó que alude comentando o refrán *Hasta o corenta de maio non quítelo saio*. Di o que segue:

(Verdad que muchos años tiene cumplimiento exacto. En el que corre de 1969 el día 26 de mayo en que escribo estamos todavía con brasero y ropas de invierno) (Seguimos con brasero el 1º de junio = Pero a lo que se ve, este año el tiempo rebasa con sus fríos y lluvias la aseveración del refrán, pues hoy 17 de junio hubo que volver al brasero, después de unos días lluviosos y destemplados pero no tanto como este día febreril de 17 de junio [sic].

Hai outra referencia cronolóxica nunha nota, cando consigna que *El material de Rubiós fue recogido por mi hija Elvira Taboada Cid, maestra nacional allí, en 1971*. Se temos en conta que morreu en 1976 e que cando isto escribe 1971 xa é pasado, podemos inducir que este *Refraneiro* é un dos traballos do final da súa vida, cando el compaxinaba a súa vida profesional co estudio do folklóre do lume, de mouros e cristiáns, do xogo das olas e da encrucillada.

5. Lugar de recolleita

A primeira vista un pensaría que os recolleu en terras de Verín, porque é un refraneiro de recolleita persoal e frecuentemente batemos con formas dialectais desa zona coma *mai, tu, naide, chau, mau, ceu*¹², *cuarto, guárdate, guardou, faguer, dices, pacia, búscala, cómeia, bóteio, fagaio, quíteios, picaia*¹³, *eiquí, millor, mentras*.

Sen embargo, este non é un *Refraneiro de Verín*, porque aparecen variantes de diferentes lugares de Galicia: *sea* (9 veces), *sexa* (6), *seña* (1); alterna *la* con *lan* e con *lana*; e *lúa* con *luna*; *frores* é forma que en Ourense só se rexistra en Allariz e Avión¹⁴; porque el mesmo cita diversos lugares de Galicia (Lugo, Viveiro, Santiago); e porque cita publicacións, coma *O Gaiteiro de Lugo*, *Diccionario* de Eladio Rodríguez, o xornal *Faro de Vigo* e mesmo algúns refráns doutras linguas.

6. Lingua das notas

As notas e glosas que o colector lles fai ós refráns e nas que, por veces, indica a procedencia (lugar ou fonte escrita) e, por veces, dá informacións que axudan a

¹² *O demo coxo é Pateta que caíu do ceu e quedou así.*

¹³ *Neve febreiriña picaia a galiña*

¹⁴ ÁLVAREZ BLANCO, Rosario e outros: *Atlas lingüístico galego*. Fundación P. Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña 1995. Volume II; 98-99. Rexistra outros dous casos na provincia da Coruña (Dumbria e Ames).

entende-lo refrán, están redactadas maioritariamente en castelán. Pero hai non poucas excepcións, e algunha incoherencia:

Bótame na lama e faime boa cama.

Ref á semente do trigo, do centeo non.

Anque me botes os cans ó rabo, léveme o demo se deixo o nabo

Un individuo que quere indicar que non cede. Mondoñedo

Día de San Marco nin nado, nin no saco.

Se refiere os colondros pra os chourizos. O 25 abril. [?](Verín Lugo).

Habitualmente o colector distingue as notas poñéndoas entre parénteses. Nós substituímos esas parénteses por unha sangría e, como é habitual, convertemos en cursiva o texto que el suliñaba.

7. Necesidade de intervir no texto e criterios de edición

O ano 2000 colle a sociedade galega cuns hábitos de lectura moi distintos dos que existían en Galicia nos anos en que Taboada Chivite escribía estas notas. Daquela o número de persoas con hábito de ler en galego era reducidísimo. Non existía propiamente unha norma e considerábase normal que cadaquén escribise como mellor lle parecía. Hoxe, en cambio, a parte máis nova da sociedade galega está afeita a ler e escribir en galego segundo unhas normas claras e coherentes, que son froito do intenso estudio científico da lingua realizado fundamentalmente na Universidade de Santiago no último cuarto do século. A norma oficial do galego ten un grao de rigor e coherencia que non tivo antes ningunha das que a precederon; e —fóra de certos aspectos de fonética sintáctica— reproduce con precisión abonda a lingua oral. Todo isto contrasta sensiblemente coa enorme oscilación ortográfica das fichas de Taboada Chivite, nas que é difícil atopar un sistema.

En descargo del, temos que advertir que o que hoxe ofrecemos ordenado e impreso ó lector non é un manuscrito definitivo que o autor tivese listo para publicar, senón fichas soltas coas que proxectaba facer un refraneiro galego, con algúns paralelos noutras linguas e nalgún caso comentados. Por poñermos un caso, hai fichas que inician, e non rematan, un refrán, que ó colector lle evoca unha cita erudita

As fillas das miñas fillas...

Algo parecido se dice en la Odisea, pág 10, Canto I.

Outras veces a ficha contén unha nota para lembrar un paralelo erudito que posteriormente pensaba desenvolver; moi contadas veces na mesma ficha aparece o refrán completo e mailo paralelo noutra lingua

As leis van por onde queren os reis

En castellano: *Van las leyes por do quieren reyes = Allá van leyes do quieren reyes.*

Estamos seguros de que o colector aprobaría as nosas mínimas correccións, tendo en conta que dispoñemos dun exemplar da súa *Etnografía Galega. Cultura Espiritual* (Galaxia,

Vigo 1972) que contén numerosas correccións ortográficas feitas a bolígrafo por el, na procura dunha mellor coherencia normativa do texto impreso, quizais pensando nunha segunda e máis limpa edición.

Hai unha segunda razón para intervir no texto. Na nosa idea o refraneiro en Galicia non é aínda algo arcaico, periclitado, arqueolóxico, como é xa en sociedades moi urbanizadas coma a francesa. En Galicia os refráns aínda perviven no uso e a intención do noso traballo é impulsa-la súa circulación. Por esa razón pensamos que é necesaria unha actualización ortográfica que lle dea coherencia coa actual maneira de escribir e que facilite a lectura no código que hoxe estamos afeitos a seguir. Ora ben, coma en todo o que se refire á tradición oral, coidamos que a actualización gráfica debe ser mínima e, en ningún caso, autoriza a manipula-lo texto. Para conseguir unha actualización gráfica que non manipule o texto, coidamos que debe manter tres cautelas

-respectar tódolos trazos dialectais

-respectar tódolos castelanismos léxicos e gramaticais (sinalándoos cun *)

-presentar nun aparato crítico a lectura literal do manuscrito para o lector interesado.

Tódalas notas a pé de páxina, polo tanto, conteñen o texto orixinal dos casos nos que a nosa lectura se arreda del.

Esa é a nosa guía de traballo e calquera outra intervención puntual queda sinalada neste prólogo e, como dicimos, no aparato crítico.

7.1. Algún problema caligráfico

Taboada Chivite ten unha letra clara, formada, persoal. Pero a todos nos pasa que, cando escribimos só para nós mesmos, escribimos moi a correr e coa velocidade a letra perde elementos distintivos que nós sabemos reconstruír. O problema é que, neste caso, somos outros os que temos que decodificar esa letra. Normalmente non tivemos problema pero hai uns poucos casos nos que o resultado é disparatado ou ilexible:

A sogra a solber non pode ser (por Asoprar e solber...)

Filla eres, pai serás según fixeres así encontrarás.

Fuxe o burro paus m'albarda..

O que come cabra ou cabrito e non ten de algures lle ven por O que come cabrito e cabra non ten de algures lle vén.

Dí que non pode e lévame ás costas (por Ti, que non podes, lévame ás costas)

Muller composta saca ó marido da [¿doutra?] porta.

Nas tuas leiras non madrugues moito que coví o sol vela traballallas. polo mediodía [ɛ?]
Carecemos de paralelos que nos permitan adiviña-lo que aí queda escrito.

7. 2. Apóstrofos e trazos para cuestións de fonética sintáctica

A lingua galega ten un vocalismo átono tan inestable que orixina unha riquísima variabilidade na fonética sintáctica, que é moi mala de reproducir graficamente. A ortografía actual, para non caer nunha inmensa casuística dos problemas de fala, opta por representar sempre as formas plenas. Pero a lingua oral, ben presente no refraneiro, refuga os hiatos e por iso Taboada Chivite ensaia diferentes solucións, botando man unhas veces do apóstrofo ou do trazo e, outras, de vocais epentéticas.

d'a, d'o, d'os, n'a, ll'o alternan con n-o, n-a e mais cos normativos da, do, dos, na, llo

Abril, mat'a porca no cubil e no deix'as portas abrir. Amarr'os teus tantos. As cuñas, dan man d'as zocas

anqu'o demo, and'a aldea, mat'a xente, entr'o sol, ano d'ameixas, mes d'abril, com'o carneiro.

Faino mesmo coa preposición (*arrim'a bras'a sua sardiña, tir'o monte por tira ó monte*) e co verbo *haber* (*O que best'ha ter best' ha ser*); *N'hai por non hai*.

qu'o (Máis da o duro qu'o desnudo).

¡Auga, Dios, e maio veña que anque chove has dir á leña (por de ir ou d'ir).

Sen embargo, non hai moito sistema no uso que fai dos apóstrofos para reproducir as elisións do vocalismo átono (*Auga de abril enche o carro e o carril*; pero *Auga d'abril vale cabalos mil*) e véxase tamén este exemplo *En agosto nace a auga tras de un toxo*. Outras veces unha mesma grafía reproduce dous casos ben distintos: *A cabra sempre tir'o monte. A cada un, o seu -dix'o que arrobaba*. Semellante é tamén o caso de *Anad'a carreira non se pilla* (por *Anada á carreira...*). En cambio, outras veces non o fai e sería ben útil para evitar confusións:

Á cabra que tira ó monte, non hai cabreiro ca garde (por que a garde).

Xusto o contrario do que fai en *Do dem'o rato que non sabe mais qu'a dun burato, onde, en cambio, debía ser ca ou que*.

Ten preferencia pola preposición *pra* e as súas contraccións, que grafía *pró, pro, pr-o* ou *pr'o*:

A muller i a manteiga adóbanse prá feira. Non corre a auga pró meu regueiro.

Cando busques noiva mira prá cara dela, pro corpo da mai e a carteira do pai.

Abril, frío, fornos quentes alegría pr'os meus dentes.

As soberbias non voltan pr-o río.

Nós escribimos *pró*. Esta preposición contrae tamén co artigo *un*, co pronome *el/ela* e cos adverbios *alí* e *onde* dando formas moi características na fala, que Taboada Chivite tenta reproducir:

Nunca faltou un roto pr'on descosido nin un corno pr'on atrevido

Nace o corvo na pena e tira pr'ela

O can i o meniño pr'onde lles dan cariño. Pr'onde vai [o] tolo pr'alí van todos

Tamén acontece algo semellante coa preposición *a*

O criado mal mandado por a mesa e mandal-on recado.

Escribe preferentemente *nono*, *nona* (unha vez *no nas* ¹⁵; *outra, no-no* ¹⁶ e algunha vez *non o*): nós grafiamos *non o*, *non a*, *non os*, *non as*.

A algunha vez utiliza o trazo para marca-lo mesmo que habitualmente fai con apóstrofo

Amiguiños si; pero a peseta pol-os seus trinta e catro.

Detectamos dous únicos casos de separación do pronome átono e márcalos unha vez con apóstrofo (*Na semana de Ramos lavarás os teus panos Na semana de Pasión lavarál-os ou non*) e, outra, con trazo (*Gracias a Dios qu'o meu can cazou unha mosca y s'a cazou comeun-a*).

Caso semellante é a contracción do adverbio *non* cos verbos *haber* e *ser* (*N'hai pera que non madureza. Xa o corvo n'ha de ter as alas máis mouras. Tras do perdido, n'hai qu'ir buscar. Un n'é ningún*). Nós respectamos sempre estas contraccións, porque é a única maneira de que o lector reproduza o que o colector oíu. A preposición *en* contrae incluso con outras palabras que empezan por vocal: *N-alleo souito un pau ou outro*.

7. 3. Os tiles

Moitas das nosas intervencións limítanse a regulariza-lo uso dos tiles. Taboada escribe *pe*, *beixallo*, *mais*. Usa sen sistema os tiles (*Levantouse preguisiña é puxo lume á casaña. O que ll'berdou os bes que lle rece òs pes*), cando o normal é que use os tiles agudos. Por veces pon algúns innecesarios e, en cambio, fáltanlle os necesarios (*A cabra con vicio da cos cornos no cú. Aínda que non durma o ollo descansa o oso contra A auga de correr y-a xente de falar non se pode privar. A conta do padriño rebándase ó pan trigo. O que é bo pro bazo e malo pro espinaço*). Frecuentemente acentúa monosílabos coma *bós*, *cú* ¹⁷, *rí*, *pé* ¹⁸. (*A cuba do bó viño non necesita bandeira. O piollo dês que se ve na camisa lavada corre que rabea (por des que)*). Mesmo se dá o caso de que acentúe indebidamente o artigo en refráns coma este: *Si no Maio non fas ó traballo andarás co saco debaixo do brazo*.

Hai veces nas que a ausencia dun til pode dar lugar a unha lectura posible pero falsa, xa que coñecemos-la verdadeira polos paralelos; tal é o caso de *O crego e o zorro si perden a maña* [por *a maña*] *pérden-o todo*.

Ten algunha preferencia por *tua* / *sua*, *cria*, *pia*, *lua*, *frio* pero outras veces escribe *cría*, *lúa*, *súa*, *alegría* (*Gato escaldado da anga fría escapa*). Nese caso seguímo-la ortografía vixente, dando na nota a lectura literal do manuscrito.

¹⁵ *No nas fagas e nonas temas.*

¹⁶ *O ano da serra no-no traiga Dios a terra.*

¹⁷ Pero nin sempre observa esta norma: *O primeiro mes bico con bico. O segundo, cu, con cu. Y-o terceiro ¿que trouxeche tu?*

¹⁸ *No mes de febreiro co cu no mesote e os pés no braseiro. No mes de xaneiro e cos pés no braseiro.*

Só encontramos acento circunflexo nestes dous casos: *Levantouse preguisiña é puxo lume á casiña. Tomáramos nós pra pan e ir ós guizos.*

7. 4. Bes, uves e haches

Outras intervención danse no caso de grafemas conflictivos, coma b/v (*debece, abanta, berceiro, riveira, cabar, seves, taravelo, trovexada, torvóns, revente*) ou h (*abí, birman, benche, hasta* pero *oxe*); por veces é cuestión de separación de palabras (*acarón*). Sempre o advertimos nunha nota.

Néboa no valle, pescador á calle.

Névoas rubias ó nacente, leva os bois o lameiro e vente.

7. 5. A puntuación

Usa sen sistema as comas

Abril, se por mal quere vir nin as portas deixa abrir.

Almorzo cedo coa carne e sebo e tarde nin sebo nin carne. Pero, en cambio, puntúa ben un refrán complementario: Almorzo cedo cría carne e sebo. Almorzo tarde, nin sebo, nin carne.

Ano de belota ano de laroca pero Ano de belotas, ano de larotas.

Hai refráns nos que se fai indispensable introducir unha puntuación correcta, porque a ausencia de puntuación provoca algunha ambigüidade *A peneira de María, a tola anda a aldea toda*. Noutros casos, porque a ausencia de puntuación permitiría chegar a lecturas disparatadas. Imos poñer algúns exemplos

En Xaneiro sube ó outeiro si ves verdexar bótate a chorar si o ves estorroxar bótate a cantar.

Ha de ter o que rico queira ser a ovella a abella y-a pedra que trebella unha muller goberneira e unha vaca manteigueira.

Mentras auga leve o Miño no Ribeiro non faltará viño.

Outras veces a puntuación sobra, coma nestes casos: *Home valente e bota de viño, pouco duran. Labor feito, ben parece.*

Mesmo así, cómpre advertir que só regularizámo-la puntuación nos casos evidentes e contrastados por outras fontes. Imos poñer un caso. *Beber e non comer e cegar e non ver* pode ter dúas lecturas con sentido. Se o escribimos *Beber e non comer é cegar e non ver*, o refrán insistiría na importancia da comida; pero, se o escribimos *Beber é non comer; e cegar é non ver*, estaríamos ante unha desas tautoloxías que usamos ás veces, coma a de *Azoutar e dar no cu todo é un*. A colocación de comas e tiles implica darlle á paremia un significado e excluír outros. ¿Cal das dúas lecturas é a correcta? Nese caso a consulta da base de datos do Centro Ramón Piñeiro permítenos decidir que a primeira é a correcta, xa que nela temos tres entradas con esta variante *Beber e non comer é coma cegar e non ver*.

7.6. Erros de escritura

Por veces debiamos poñer en limpo refráns que lemos en diferentes versións

A boa fama non lle chora o dente / Á boa fame non lle chora o dente / Á boa fame non lle chorra o dente.

Son tres versións das que dúas necesariamente están mal escritas ¹⁹.

Igual acontece con

A cana engana e a amiga mente / A cana engana, o dente mente e a arruga non ofrece dúbida.

A gusto dos amos rómpense os panos / A gusto dos amos rómpense os paños.

A muller que lle pega o home fai ben se pode / A muller que lle pega ó home fai ben, se pode / A muller que lle pega ó home, fai ben se pode.

Á porta do rezaador non poñas o trigo ó sol / A porta do rezaador, non poñas o trigo ó sol e a do que non reza nada, nin trigo/graú nin nada.

Outras veces un refrán aparece fanado e témolo que completar, indicando entre parénteses cadradas a nosa intervención.

A cabra con vicio da coa cabeza na can[ada]. Tarde [de] vento, non salga[s] de caza que perdes o tempo.

7.7. Outras cuestións ortográficas

Taboada Chivite habitualmente evita reproducir íntegras palabras malsoantes utilizando a grafía convencional *c...*, *p...*, *f...* para *carallo*, *puta* e *foder*.

Poñemos en minúscula *san/santa* e maillos nomes dos meses.

7.8. Intervencións en cuestións fonéticas

Taboada Chivite, que nos seus libros de Galaxia, aceptaba de grado a supresión do *y*, utilízao nas súas fichas con certa profusión pero sen moito criterio. Así escribe Fontey por Fontei e algunha vez *bay* (*A mortos e a idos non bay amigos*).

7.8. 1. Un caso moi frecuente é o do encontro da conxunción copulativa *e* con palabra que empeza por vocal: *e o* moitas veces escríbeo *y-o* ou ben *i-o*. Así vemos *Arado rabudo y-o labrador barbudo / Auga d'abril henche o carro y-o carril* pero tamén *Fiar-se nos homes e creer nos diablos son todos iguais o fin i-o cabo / A cana i-o dente engana, arruga di a verdá*. O máis habitual é que transcriba *e o*, *e a* como *y-o*, *y-a* / *i-o*, *i-a* (*As penas, tragos y'as raibas, cigarros*); como fai con algunhas palabras que empezan por *a* (*i-auga* (*O diñeiro vaise pronto como a i-auga*)). Utiliza frecuentemente un *i* epentético cos pronomes enclíticos (*búscaia, cómeia, bóteio*,

¹⁹ Caso semellante ó de *A vista do pano está o desengano / A vista do pano está o desengano / A vista do paño é o desengano / A vista do *paño está o *desengano*.

fágaio por *búscaa*, *cómea*, *bóteo*, *fágao*; e tamén en formas coma *i-o* (*O lobo que te ha comer no corpo i-o tes. Ó pobre a cama i-o come. O que come e non promete revente por onde y-o mete*). Pero nalgúns casos utiliza o apóstrofo para sinalalo mesmo fenómeno: coidamos que é o mesmo caso algún exemplo de *ll'o*, coma *O que non fuma nin bebe viño o demo ll'o leva por outro camiño*).

Nós escribimos *i o* / *i a* pero indicando en nota a grafía do orixinal (se é *y o*, por exemplo ou *y-o*), porque tampouco nisto é sistemático, como se ve en dúas fichas dun mesmo refrán (*A muller e a sardiña por pequeniña* / *A muller i-a sardiña por pequeniña*) ou nestes dous refráns paralelos:

A muller i-a cabra a pata quebrada / *A muller e a cabra, corda larga pero non soltala*.

7.8. 2. Algunha vez reproduce a gheada, coma neste texto que non é refrán

Vamos xujar á pita alemana. ó faguer ca, ca, vés e quítasme os ovos.

Nalgúns casos rexistra a ultracorrección da gheada

Febreiro, febreiro, da o sol en calquer rixeiro. E engade que "Preguntado acerca *rixero*, el mismo significado que *regueiro*"

7.8. 3. Rexistramos tres casos de seseo que respectamos

Levantouse preguisiña e puxo lume á casina.

Dia de Santa Inés chuvia unha sola ves.

O morrer escoitei unha fala hai Crus e terás que levala.

7.9. Intervimos en cuestións morfolóxicas:

7.9. 1. *cas/cans/coas*. A forma *cas* pode ser neste ficheiro o plural de *can*²⁰, a contracción do artigo en plural *coas*²¹, e tamén a contracción da conxunción comparativa co artigo ²². Como por veces marca a forma substantiva con til e por veces non, decidimos manter *cas* como substantivo ou contracción da preposición *con*, por ser un trazo dialectal, e normativiza-la contracción da conxunción (*cás*), indicando sempre a forma orixinal na nota.

7.9.2. *hasta/bastra* e *ata*. Respectámo-la forma que el rexistra.

7.9. 3. Cuestións do artigo

Contracción da primeira forma. Alternan *ao/ó* e nós respectámolo: *Gasta en pan e viño o que lle has de deixar ós sobriños. Ós cinco faime rico que aos seis eu me terei*.

Segunda forma. Verín non cae lonxe dese pequeno triángulo ourensán no que nunca se utiliza a segunda forma do artigo, do que pode ser un exemplo este

Frades e ameixeiras no nos quero por as miñas leiras.

²⁰ *O que con cas se deita con pulgas s'ergue*.

²¹ *-Maruxiña, onde vas? -Vou á feira cas mazás*.

²² *É maillo ruido cás noces*.

As fichas de Taboada Chivite case nunca reproducen este rasgo de fonética sintáctica e nós non o regularizamos; reproducímolos cando el o fai.

Aparece por veces, o que significa que a non aparición pode ser decisión do colector, máis que indicio de rasgo fonético.

Con chuvia ou vento nin monte nin río que pérdelo tempo.

Das cereixas ós nabos ben o pasamos; dos nabos ás cereixas dámolas queixas.

Entre pais e fillos non metalos fuciños.

Fai o que che digo e non fágalo que eu fago.

Fai o que o crego dixere e non fagal-o que el fixere.

Si non vichelo cuco a mediados de abril ou morreu o cuco ou quere vir o fin.

De tod'a carne come o lobo, menol'a sua qu'a lambe.

É mailo ruído cas noces

Entre birmaus non metalas maus.

Entre pais e fillos non metalos fuciños.

Entre primos e birmaus non metalas maus.

Fai o que che digo e non fágalo que eu fago.

Fai o que o crego dixere e non fagal-o que el fixere.

Aparecen mesmo varias veces formas non normativas: *O home propón, Deus dispón e a muller todolo descompón* / *Pasádos Remedios e san Roque xa non hai sesta nin merend[ote]* / *De toda carne come o lobo, meno-la súa que a lambe.*

7.9.4. Detectamos algunha irregularidade cos pronomes

O que de mozo bailou ben de vello lle dá xeito.

7.9.5. Tampouco intervimos en dous casos de uso da voz pasiva

Home prevenido non é vencido.

Non digas mal do ano antes que sea pasado.

7.10. Dialectalismos

Conservamos dialectalismos coma *dúcea, fumo, mai, Páscoas, cas (cans), a ubre, torrós* (por *trebós*²³), *tu, soio, cuarto, brau, temperao*²⁴, *pruma, guárdate, guardou, chau, mau, bes*²⁵, *ruís, piqueniño*²⁶,

²³ El mesmo recolle outro que di Maio, maíón, moitas frores e trebón.

²⁴ Non cria o temperao que cria o brau.

²⁵ O que ll'herdou os bes que lle rece òs pes.

²⁶ O pepiño tórcese de piqueniño.

dices, ouvir, dia ²⁷, *pacia, búscala, cómeia, cóidaio* ²⁸, *palpaio, entendeios* ²⁹, *val, viñen, rebrica, eiquí, millor*.

Iso explica que aparezan ás veces palabras de uso moi local ou palabras que presentan variantes, coma *arquiro* (*arqueiro*), *custabril, costabril, costebril* - *chavaril, chanfaril, chamburil, esgordeiro, entambollecido, apalexado, lapazos*.

O dialectalismo ás veces é cousa gramatical e tamén o respectamos: *Miña casiña, meu lar, quen che gabou non che soupo gabar*.

Por veces os dialectalismos son inseparables das necesidades da rima

-Maruxiña, onde vas? -Vou á feira cas mazás.

A costa do chan calquera d'a mau

As cerdeiras i-os ladrós, anque se prendan non son bos.

-¿Qué dices? -Que lle beixes o cu ás perdices. -Béixallo tu, que eu non teño narices.

Día de santa Inés, chuvia unha sola ves.

Entre birmaus non metalas maus.

Na casa do ferreiro coitelo de pau e na do carpinteiro a porta no chan.

Nace o corvo na pena e tira pr'ela.

O casado casa quer e o solteiro quer muller.

O primeiro mes bico con bico. O segundo, cu, con cu. Y-o terceiro ¿que trouxeches tu?

7.11. Castelanismos

Conservámoslos e marcámoslos cun *. Velaí algúns *Jueves Santo* ³⁰ *inyeución* ³¹, o *árbol, a sartén, arruga, aíno, cuadra, a sangre, mimbres* ³², *misma, lame* ³³, *lamendo* ³⁴, *traiga* ³⁵. Unicamente deixamos de marcar con *, por evidente, *Dios* (e *Dio-lo / Dio-la*).

Hainos tamén que o son polo xénero usado, coma en *De esa cabra soio podía sair esa leite*.

Algúns tamén os esixe a rima, o que pode ser un indicio da súa procedencia non galega (*A castaña e o *besugo, en febreiro están en zugo. A muller que non recolle un *alfiler non é muller. A noz e a *avellana tanto vale a podre como a sana / Desque ven o cuco fora pulpo / Dios nos de a *salú,*

²⁷ Non se sabe o que pesa a carne en canto non dia a romana.

²⁸ O que a todo dí que sí ou é parvo ou coidaio de min.

²⁹ Este i epentético case sempre o escribe ll (Numeros e corvos enténdellos quen os pon). O de abrilñ gardallo para ti;

³⁰ O día de Jueves Santo nion o paxariño move os ovos do niño.

³¹ Non hai millor inyeución que o chorizo e o xamón.

³² O que fai un cesto fai un cento se lle dan mimbres e tempo.

³³ Aparece varias veces e, sen embargo, tamén recolle Lamber non é comer.

³⁴ Ningún can lamendo engorda.

³⁵ O ano da serra no-no traiga Dios a terra.

forza no cú, leite nas tetas e moitas pesetas). Nariz longa boa candonga; nariz chata boa muchacha. O palangre chup-a sangue.

Mantemos, consecuentemente, *Blas, Blais e Brais* por rimar con *más/ máis* ³⁶.

7.11.1. Nalgún caso hai varias fichas dun mesmo refrán e nunhas aparece o castelanismo e noutras non, coma neste no alterna *halagos* con *afagos*

Dás cereixas aos nabos todos son afagos; aí!, dos nabos ás cereixas todas son queixas.

Das cereixas ós nabos todos son halagos; dos nabos ás cereixas todas son queixas.

Das cereixas ós nabos todos son halagos; dos nabos ás cereixas todas son queixas.

7.11.2. Caso distinto é o de *Hasta* (*Ata as tres vai a loita*), *Asegún* e mais da conxunción *si* e da preposición *sin*

*Antes de asa-las castañas, olla se están ben *amosegadas; que si che estoupan no lume saltanhe á cara / A leña verde é louca; non arde sinon moita / A muller que lle pega ó home fai ben, si pode.*

A mala veciña da agulla sin liña.

7.11.3. Non conservamos o castelanismo sintáctico de antepoñerlle preposición *a* ó O.D. pero advertímolos na nota (*A moita cera fai desconfiar ós santos*).

7.12. Lusismos

Aparece algún lusismo residual, que conservamos, coma *destroi*, *Virxen*, porque Verín está tan preto de Chaves e ten coa outra banda da raia tal comunicación que esas formas poden reproducir un feito real de fala que o colector captou.

8. Outras cuestións de léxico

8.1. Algunha vez, cando coida que unha palabra pode resultar opaca, ou ben dá un sinónimo ou ben dá a tradución castelá. Véxanse estes casos:

O tempo circado (con arco iris) nin é bo nin é malo.

Lúa nova trovexada, trinta días de mollada.

O cazador e o troiteiro nin boa tunlla (=tulla) nin bo palleiro.

Da cereixa ó cimón (=grello) ben che vai pión; do cimón á cereixa tu me daral-a queixa.

Onde non hai fariña sin relón (=salvado) todos falan sin razón.

Mais moscas xunta entena (=panal) de mel que ola de vinagre.

Nebaceira (=niebla) en Cota anga á porta.

Non hai pega (=marica) sen mancha negra.

Di a egua: Costa arriba, non me afrontes (=apures); costa abaixo non me montes, e polo chan non me aforres.

chaguazo, carlanças, sonsorrónela ³⁷.

³⁶ No San Blas hora e media mais. O 17 de xaneiro media hora por enteiro e polo S. Blás outra media hora máis..

8.2. Arcaísmos

Este refraneiro presenta ocasionalmente algún arcaísmo dos que algún non é seguro que represente algo vivo (*O viño fai rir, fai dormir e fai os coores á cara saír*) e noutro caso poden ser influencia do veciño Chaves (*Febreiro espadaleiro, nen boa mea nen bo palleiro*).

8.3. Variantes léxicas

Algunha palabra aparece con diversas variantes, que respectamos na nosa edición: *Nadal, Natal, Navidá, Navidad*.

9. Refráns repetidos

Hai casos de refráns que aparecen cinco veces.

Aínda non asamos e xa pringamos.

*A muller e a *sartén na cociña están ben.*

A semana de casar non é de parar.

Non nos parece que a edición dun refraneiro deba oculta-lo feito de que algúns refráns aparecen repetidos. En primeiro lugar, porque as repeticións poden, cunha pequena variante, axudar a albiscarmos explicacións a refráns que serían enigmáticos. En segundo lugar, porque é importante saber cáles son os que aparecen repetidos en tódalas coleccións e mesmo en qué lugares se detecta o seu uso: cando teñamos publicado un corpus paremiolóxico suficiente, un dos traballos que haberá que facer é o estudo de frecuencias e mailo de distribución xeográfica (xeoparemioloxía). Por esa razón, cando nesta colección un refrán aparece repetido, marcámolo cun número en negra helvética entre parénteses (3); e, se o colector indica o lugar, nós indicámolo tamén. Se algún deles leva comentario do colector, repetímolos. Pode ter certo interese para estudiaarmos difusión, frecuencia de uso ou presenza na memoria activa da xente.

10. Refráns alleos ou fraseoloxismos que non son refráns

Separamos para o final aqueles materiais que non podemos considerar refráns galegos, ben por seren casteláns, portugueses, franceses, ou por seren sospeitosos de contrabando castelán ou portugués. Tamén xebrámo-los que simplemente non son refráns. Con eles, coma moitos paremiólogos, quizais pensaba buscar paralelos noutras linguas pero non chegou a elaborar tal proxecto.

10.1 Refráns casteláns

³⁷ *Non che vai no alto nin no baixo, vaiche na sonsorronela.*

Son 38 en total. Velaí algúns: *Abril y jornaleros, pocos, buenos. / Abriles y caballeros pocos y buenos. / Al paisano y al limón estrujón. / Allá van leyes do quieren reyes / Abril buen vino y gentil. / Abril y jornaleros, pocos, buenos. / Abriles y caballeros pocos y buenos. / Al paisano y al limón, estrujón / Allá van leyes do quieren reyes. / Cuando el mar es de cagar no valen guayabas verdes. / De perro callado, libreme Dios que del que ladra me libro yo. / Divide y vencerás / Dime con quien andas y te diré quien eres. / Dos enganos viven os escribanos.*

10.2. Refráns sospeitosos de contrabando castelán

Hai algúns coma *Ano de neves ano de *bienes*. Se cadra a mesma dúbida afecta a *Despois de burro apalexado / Dios os cria i eles se xuntan / Brétema no vale, pescador á calle /*

10.3. Refráns portugueses

Son 31 en total, entendendo por tales os que presentan grafía ou forma portuguesa e mailos que o colector localiza en lugares de Portugal. Velaí algúns: *Abril frío pao é vinho abril frio é molhado enche o celeiro e farta o gado. (Chaves). / As sete semanas da Quaresma son assim contadas pelo povo: Ana, Magana, Rabeca, Susana, Lázaro, Ramos, na Páscoa estamos. (Alberto Vieira Braga. "Curiosidades de Guimarães" Rev Guim. LXXVIII, p 40 de la sep. En Verín: Ana, Bagana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascoas estamos. / Abril frío, pao é vinho; abril frio é molhado enche o celeiro e farta o gado (Chaves) / Como son señora de ha pouco escurriçome nas almofadas / Como vires a primavera pelo al espera (Chaves) / Cousa de tres o diabo a fés / Chuvia en Janeiro venha S. Sebastião o primeiro / Chuva pelo San João, tira vinho, aceite e não dà pão (Chaves) / De Espanha nem bom vento nem bom casamento / En Junho foice en punho (Chaves) [sic] / Feno alto ou baixo en Junho è segado (Chaves).*

Neste grupo inclúe curiosamente este: *Nunca poñas a tua hombredade acima da familia, porque tu pasas e a familia queda;* e anota isto: *Oído a un portugués de la frontera de Verin-Chaves.*

10.4. Refráns sospeitosos de contrabando portugués

Vemos algúns coma *Criados e bois un ano ou dous.*

10.5. Refráns franceses

Vemos tres: *À cheval donné on ne regarde pas la bouche / Loin des yeux, près du coeur / Petit à petit l'oiseau fait son nid.*

10.6. Refráns latinoides

Ánima por ánima, anima mea

10.7. Fraseoloxismos que non son refráns

Nalgúns casos inserta fraseoloxismos que non son refráns, coma estes: *A esa a cara gárdalle o cu / / Coidou que naquela terra chovían touciños. / Dasme cás zocas nas mocas. / É unha rapaza tan engrupida que non hai c... que lle veña ben. / Eso da chuvia aféctalle o coio. "Está tolo". (Maceda, Brues). / Estamos falando de allos e saltas con cebolas. / Espir un santo para vestir outro. / Este é o ben que Marica ten. / Esto é a carabina de Ambrosio espetada nun pau. / Morra o conto e veña un neto. / ¡Menos mal que o meu can cazou unha lebre! / Non corre a auga pró meu regueiro. / Non farás cousa que xeito teña.*

Tamén aparecen fórmulas, dialoxismos, cantigas, e romances e palabras dalgún xogo infantil, que reunimos no apartado *Outros materiais de tradición oral*. Entre os romances quería incluír aquel que empeza *Eu xunquín os meus boiciños. Ai, miña vida...* Nós ofrecemos no apéndice as variantes completas que coñecemos dese romance.

11. A implicitación

11.1. Refráns que evidencian se-la frase proverbial dun conto

Valerii Mokienko ³⁸ explica que no uso histórico das combinacións fixas de palabras danse dous procesos inversos. Un consiste en comprimi-lo que dicimos, dando por sobreentendido o que elidimos, e outro proceso inverso que consiste en crearmos un texto a partir dunha palabra ou locución. Polo primeiro proceso, que Mokienko denomina *implicitación*, un conto pode quedar reducido á súa frase final, que, convertida en frase proverbial, acaba constituíndo un refrán; e ese refrán aínda se pode seguir comprimindo ata reducirse a unha locución e mesmo a unha palabra. O proceso inverso, menos bo de detectar, é o que el denomina *explicitación*.

No *Refraneiro* de Taboada Chivite vemos casos de implicitación. *Anque pico / non divico que non se morra / nai por fillo / nin muller / por seu marido*. Isto, que perdendo elementos pode chegar a ser refrán, (*Que non se morra nai por fillo nin muller por seu marido*) sería opaco de vez, se Xesús Taboada non nos explicase que a versión completa que el dá é o fragmento final dun conto:

Cuando la Virgen quedó sola y desamparada a la muerte de Cristo, un judío dijo a otro: *Mira a mai de Noso Señor como come*. Y ella oyéndoles les dijo:- *Anque pico / non divico / que non se morra...*

Lo dice la gente para indicar que nadie muere de pena.

Hai un refrán moi coñecido, do que, por primeira vez encontramos aquí a orixe. Trátase de *Maio pardo, san Xoán craro, valen máis cós bois e o carro*. A versión que ofrece Taboada Chivite é esta: *Maio pardo, san Xoán craro valen máis as cosechas do ano que os bois e o carro* e aporta a orixe coa seguinte nota:

Cuentan que un rey construyó un carro y unos bueyes de oro y mandó que todos vinieran a ver si algo podía valer más que esto. Un campesino entró también a verlo y dijo este refrán que convenció al rey.

Otro caso sería este: *Dios nol-o deu e nos que o temos ¿pra qué o queremos?* que Taboada explica así

A unha muller de todos recriminábanlle a súa fragilidade e contestaba ela: *Pra que o quero: Pra bodega de viño non me sirve e pra tulla de pan tampouco*. Outra decía tamén: *Dios que nol-o deu e nos que o temos ¿pra qué o queremos?*

E hai outros casos parecidos coma *Anque me botes os cans ó rabo, léveme o demo se deixo o nabo* (Un individuo que quere indicar que non cede. Mondoñedo)

11.2. Refráns que se fan locucións ou fórmulas

Podemos entender mellor o fenómeno da implicitación, se reparamos en que o refrán que Taboada aporta *Deus dixó: Abí queda ese oso, hai que roelo*. (Se refiere a la mujer) corre xa como fórmula de desafío ¡*Hai que roelo!*, e que esta fórmula nos anos sesenta chegou a

³⁸ MOKIENKO, Valerii: *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 2000. Referímonos ó capítulo 3º: "Implicidade/explicidade das unidades fraseolóxicas" nas páxinas 201-317.

se-lo sinal distintivo dos siareiros do clube de fútbol de Pontevedra. Vexamos outro caso neste mesmo *Refraneiro*: *O que espera por calzado de difunto, anda sempre mal calzado* deu lugar á locución *esperar por zapatos de defuntos*, que está extendida por toda Galicia co significado de "esperar que alguén nos faga o que precisamos, esperar inutilmente (por algo ou por alguén)". Ora ben, como advirte Mokienko, tamén podía ser que neste caso o proceso fose o inverso, é dicir, que o refrán fose unha explicitación da locución. Só unha investigación histórica nos podería clarificar cal dos dous procesos foi o que se deu neste caso, (implicitación ou explicitación). Pero na paremioloxía galega vai ser difícil que poidamos facer pescudas dese tipo porque batemos co silencio das fontes durante os chamados séculos escuros.

Hai outros casos nos que a implicitación ou compresión dos refráns fai que se desembre un refrán plurimembre, co que pode chegar pronto a ser incomprendible

11.3. A locución ou a fórmula comprímense en palabra

O estadio final da implicitación é a redución da locución ou fórmula a simple palabra. É posible que neste mesmo refraneiro teñamos un caso, se fose certo, como sospeitamos, que da fórmula *Non corras e verás como te mollas* (Espabílate), naceu a aglutinación substantiva *correverás / correvelás / correvolairas* que aparece en expresións humorísticas para lle indicar -preferentemente a un neno- que lle van dar ou traer ... simplemente nada. *¡Vouche dar un correverás coas pernas pra trás!* que din en Cartelos, Carballedo (Lugo) ou *Un correvolairas, un furasebes, un saltaparedes e un can tras deles* que din en Arcos (Outeiro de Rei).

11.4 Enigmáticos

A encriptación que produce este proceso de elipse, ten por veces orixe na obsolescencia dalgunhas peculiaridades gramaticais. Tal é o caso, no galego urbano, do uso como optativo do pluscuamperfecto de indicativo (que elide un *¡Oxalá...*): *Tomáramos nós pra pan e ir ós guizos*, que hai que entender que, se dese para vivir, se fose economicamente rendible, non nos importaba traballar en recoller palitroques polo chan (*ir ós guizos*).

³⁹ Así, quen encontre soltos os refráns *En maio xa sai tras do pai* e *En agosto xa bota o boi ó pozo* pode non saber que os dous son fragmentos soltos dun refrán maior que vai describindo o medrío do lobo segundo van pasando os meses, e do que Taboada ofrece varias versións completas, coma esta:

En abril, cátanos no cubil, en mayo xa son gallo, en Santa Mariña xa vou pola cabritiña, en agosto xa vou co meu pai polo rostro; en Santos xa mato ós bois nos campos, i en xaneiro xa podo co carneiro.

Casos semellantes son o do dialoxismo que contén o diálogo da vella co mes de marzo (e que teñen as palabras *custabril, costabril, costebri* - *chavaril, chanfaril, chamburil*; e mailo diálogo do millo coa liñaza: *Lavada, ós tres días nada* (Díxolle o millo á liñaza e contestoulle ela: *Nugallanzón, un mes baixo ó terrón e inda se vou, se non vou!*). Véxanse estes outros: *No corpo do home son valente e voante -Se eu vou diante*. Non se entendería se, por outros paralelos, non soubesemos que o refrán empeza *Dixo o viño moi campante*, e que a segunda frase vai precedida de *E dixo o pan*. É polo tanto un dialoxismo verbo da comida e a bebida. *O de abril gardallo para ti; o de maio, si cho piden, dallo; o de San Xoán tirallo a un can* tamén sería incomprendible, se non tivesemos outra variante que, neste caso, el mesmo nos dá: *Os enxames de abril, *gárdallos pra ti, os de Maio a quen chos pida, dállos e os de San Xoan bótallos ó can*.

Xesús Taboada Chivite

Para outros casos (fóra dos xa mentados *En maio secon a malla o sol e matouna dunha pedrada e Nas túas leiras non madrugues moito que coví o sol vela traballalas*) non encontramos explicación de momento

En caso de duda a muller á viuda.

Home, homiño, monicaco e monicaciño/ macaco e macaquiño.

Mazarico ou zarapito ⁴⁰.

O qu'e burro, i vert'as papas!

E aquí poñemos fin á nosa presentación deste *Refraneiro galego* que esperamos cumpra tres obxectivos. O primeiro, facer xustiza a un traballo que non merecía o silencio; o segundo, axudar á circulación destes refráns; e o terceiro, anima-las persoas que teñan coleccións inéditas de fraseoloxía galega (locucións, fórmulas e refráns) a que as saquen á luz pública para lle devolvermos entre todos á nosa lingua o brillo que ela naturalmente ten.

Xesús Ferro Ruibal

Isabel Valiño Ferrín

Maite Veiga Díaz

⁴⁰ ¿É isto un refrán? A *Guía das aves de Galicia* de Xose M. Penas Patiño e outros (Bahia Edicións A Coruña 1991) dá estas especies: *Mazarico galego* (*Numenius phaeopus*), *Mazarico pequeno* (*Numenius tenuirostris*), *Mazarico curlí* (*Numenius arquata*), *Mazarico rabinegro* (*Limosa limosa*) e *Mazarico rabipinto* (*Limosa lapponica*). Curiosamente os tres primeiros denomínanse en castelán *Zarapito trinidador*, *Zarapito fino* e *Zarapito real*. Coñecemos dous refráns dos mazaricos (*Mazaricos á terra, mariñeiros á merda /sen pesca. Mazaricos na praia a abouzar, os mariscos a aboiar*) pero non nos aclaran nada.

Xesús Taboada Chivite

Refraneiro galego

1. Refráns galegos

A agulla de calcetar soio é boa pró que a sabe manexar.¹

A aira cando a deixan, a moza cando a comenzan.

A aira cando a deixan, a moza cando a coñezan.

A aira e a cociña sempre é miña. **(2)**

A aira non é nosa, malle nela quen queira.

A aira non é nosa, malle nela quen queira.²

Á albarda ponlle carga.

A aldea Dio-la dea.³

Vivero

A aldea envilece, embrutece i emprobece.

A alforxa do probe con todo pode.

D. V.

A alforxa do probe con todo pode.

Vivero.

A auga corre sempre pró máis baixo.⁴

A auga de correr i a xente de falar non se pode privar.⁵

Vivero

Á auga de correr i ós cas de ladrar non llo podes privar.⁶

Vivero.

A auga de correr, os cas de ladrar i a xente de falar non se pode privar.⁷

A auga de santa Mariña na meda fai fariña.⁸

A auga diuna Dios de balde.

A auga e a neve anque perda o mes non perde o ano.

A auga é mol, a pedra é dura, tanto dá *hasta que fura.⁹

A auga en outono, nin lle corre ó xornaleiro nin ó seu dono.

O mintireiro verdadeiro, 1969

A auga perde o mes pero non perde o ano.

Sin llover no pasa. Orense.

A auga todo lava senón a mala fada.¹⁰

Se non: Excepto. D. V.

A berza a crecer e a porcelana a ferver.

A besta amatada de lonxe ve vir albarda ou de lonxe ve vir as pegas.¹¹

¹ A agulla de calcetar soio é boa pro que a sabe manexar.

² A aira non é nosa; malle nela quen queira.

³ A aldea Diol'a dea.

⁴ A auga corre sempre pro mais baixo.

⁵ A auga de correr y-a xente de falar non se pode privar.

⁶ A auga de correr y-os cas de ladrar non ll'o podes privar.

⁷ A auga de correr, os cás de ladrar i-a xente de falar non se pode privar.

⁸ A auga de Santa Mariña no meda fai fariña.

⁹ A auga é mol, a pedra é dura, tanto da hasta que fura.

¹⁰ A auga todo lava se non a mala fada.

¹¹ A besta'amatada de lonxe ve vir albarda ou de lonxe ve vir as pegas.

Lugo.
A besta golosa, talega de area.¹²
Lugo.
A bestas vellas, todo se lle volven
esparavás.
A bo peixe, millor rede.¹³
A boa anada non a leva vento nin
xiada.¹⁴
Á boa fama non lle chora o dente.¹⁵
Á boa fame non lle chora o dente. **(2)**
A boa masa desvía a brasa.¹⁶
O gaiteiro de Lugo, ano 1966.
A boa vida Dio-la amou.¹⁷
A boa vida é cara; haina *más barata,
pero non é vida.¹⁸
A boa vida fai a nena garrida.
Lugo.
A boi borracho e tolo, dáselle o rego e
todo.
A boi bravo, rego largo.
Á burra vella non lle falta picatela.¹⁹
A burro morto, cebada ó rabo. **(2)**
A burro morto, cebada ó rabo.²⁰
A cabalo dado, non se lle mira o dente.
²¹
A cabalo regalado non se lle mira o
dente.
A cabalo regalado non se lle mira o
rabo.
A cabra con vicio dá ca cabeza na
can[ada].²²
A cabra con vicio dá cos cornos contra
o cu.²³

¹² A besta golosa talega d'area.

¹³ A bó peixe millor rede.

¹⁴ A boa anada no-na leva vento nin xiada.

¹⁵ A boa fama non lle chora o dente.

¹⁶ A boa masa, desvía a brasa.

¹⁷ A boa vida Diol-a amou.

¹⁸ A boa vida e cara haina mas barata pero non é vida.

¹⁹ A burra vella non lle falta picatela.

²⁰ A burro morto cebada ó rabo.

²¹ A cabalo dado, non se lle mir'o dente.

²² A cabra con vicio dá ca cabeza na can.

²³ A cabra con vicio da cos cornos contra o cú.

A cabra con vicio dá cos cornos no cu.
²⁴

A cabra da miña veciña dá máis leite
que a miña.²⁵

A cabra no nabal aínda que non pacia
parece mal.²⁶

A cabra no nabal, aunque non coma,
parece mal.

Lugo
Á cabra que tira ó monte, non hai
cabreiro ca garde.²⁷

A cabra sempre tira ó monte.²⁸

A cada porco chégalle o seu san Martín.
²⁹

De D. Eladio III, 170-171.

A can vello non hai tus-tus.³⁰

A cana engana e a amiga mente.

A cana engana, o dente mente e a
arruga non ofrece duda.

A cana engana, o dente mente e na
arruga non hai duda. **(2)**

A cana engana, o dente mente, o
arrastre do pé vello é.³¹

A cana i o dente engana, arruga di a
verdá.³²

A cara de casar non é a de *enamorar.
³³

Cabreiroá.

A carne, carne cría.³⁴

Castrelo del Valle.

A carto vai a vaca i o que non o ten non
a papa.³⁵

²⁴ A cabra con vicio da cos cornos no cú.

²⁵ A cabra da miña veciña da mais leite que a miña.

²⁶ A cabra no nabal aínda que non pacia parece mal.

²⁷ Á cabra que tira ó monte, non hai cabreiro ca garde.

²⁸ A cabra sempre tir'o monte.

²⁹ A cada porco chégalle o seu San Martín.

³⁰ A can vello non hai tus, tus.

³¹ A cana engana, o dente mente o arrastre do pé vello é.

³² A cana i-o dente engana, arruga di a verdá.

³³ A cara de casar non e a de enamorar.

³⁴ A carne, carne cria.

Lugo.

Á casa da tía non vaias cada día e á da
cuñada nin cada día nin nada.³⁶

A casa da túa tía non vaias cada día; á
da túa cuñada nin cada día nin nada.³⁷

Á casa roubada trancas na porta.

A casa xa labrada, a viña xa prantada e
a sogra xa enterrada.³⁸

Pontevedra.

A castaña i o *besugo, en febreiro están
en zugo.³⁹

Refranes (del calendario “O
mintireiro verdadeiro” 1968).

A castaña no agosto quere arder e no
setembro beber.

Do agosto. Rev. Galicia nº 584.

Calor en agosto e auga en setembro.

A castaña que está no camiño é do
veciño. (2)

A castaña que está no camiño é do
veciño.⁴⁰

Feces de Cima.

A castaña ten unha maña que vai con
quen non a apaña.⁴¹

A caste da horta sae da corte pola porta.

A cebola ten que ver marchar o seu
amo.

A cereixa e a castaña, na borralla.⁴² (2)

A cereixa e a castaña, na borralla.⁴³

Alude al frío de primaveras tardías y
de inviernos tempranos.

A cereixa e a castaña, na borralla.

Frío tardío en primavera y
anticipado en otoño.

³⁵ A carto vai a vaca y-o que no-no ten no-na
papa.

³⁶ A casa da tía non vayas cada día e á da cuñada
nin cada día nin nada.

³⁷ A casa da tua tía non vaias cada día a da tua
cuñada nin cada día nin nada.

³⁸ A casa xa labrada, a viña xa prantada e a sogra
xa enterrada.

³⁹ A castaña i o besugo, en febreiro estan en zugo.

⁴⁰ A castaña que está no camiño e do veciño.

⁴¹ A castaña ten unha maña que vai con quen
nona apaña.

⁴² A cereixa e a castaña na borralla. (2)

⁴³ A cereixa e a castaña na borralla.

A *coarterón vai a terneira i o que non
teña pasa sin ela.

*A costume é unha segunda
*naturaleza.

A Cristo matárono seis: tres da Rúa,
dous da Estación e un de Fontei.⁴⁴

A Cruña, arrabuña.⁴⁵

Vivero

A chuvia de febreiro fai o palleiro.

Refranes (del calendario “O
mintireiro verdadeiro” 1968).

A chuvia de san Xuán tolle o viño e non
dá pan.⁴⁶

A chuvia no mes de agosto non é
chuvia, é mel e mosto.

O mintireiro verdadeiro, 1969.

A comida déixase pra mañá, o traballo
faise hoxe.⁴⁷

A concencia é verde e comeuna un
burro.

A concencia vai ca convenencia.

A conciencia era ferraña verde e
comérona as vacas.

A conta do meu compadre rebañadas ó
afillado.⁴⁸

A conta do padriño rebándase o pan
trigo.⁴⁹

A conta do pano aprenden os *sastres.

Vivero.

A conta dos padriños rabanadas ó
afillado.

A costa do chau calquera da mau.⁵⁰

A cotovía canto máis sube máis asubía.
A cuarto vale a vaca e o que non o ten
non a papa.⁵¹

⁴⁴ A Cristo matárono seis: tres da Rua, dous da
Estacion e ún de Fontey.

⁴⁵ A Cruña arrabuña.

⁴⁶ A chuvia de San Xuan toll'o viño e non da pan.

⁴⁷ A comida déixase pra maña, o traballo faise
oxe.

⁴⁸ A conta do meu compadre rebañadas o afillado.

⁴⁹ A conta do padriño rebándase ó pan trigo.

⁵⁰ A costa do chau calquera d'a mau.

⁵¹ A cuarto vale a vaca e o que nono ten nona
papa.

A cuba do bo viño non necesita
bandeira.⁵²
A culpa é tan mala que naide a quere,
por eso está solteira.
A dama i a castaña nunha noite se
derrama.
A danza sal da panza.
A dar, naide morre rico.
A fama e o frío meten o pobre na casa
do *enemigo.⁵³
A fame e o frío fan entrar na casa do
*enemigo.
A fame non ten lei.⁵⁴
A fariña do demo toda se volve
salvados.
A ferraña de xaneiro non vai ó palleiro.⁵⁵
O gaiteiro de Lugo 1969.
A folla mexa no lume e vaise.
A folla mexa no lume e vaise.
Verín.
A friaxe de febreiro é amiga do lobo
larpeiro.⁵⁶
O gaiteiro de Lugo, 1972.
A frieira de san Xoán, quita o viño e
non dá pan.⁵⁷
Rua Valdeorras.
A gana de comer fai a vella correr.
A gordura sete faltas disimula.
A gusto dos amos rómpense os panos.
A gusto dos amos rómpense os *paños.
A horta de marzo, ca cesta no brazo.⁵⁸
A horta en outono, mantén a seu dono.
O mintireiro verdadeiro, 1969.
A iauga todo lava agás a mala fama.⁵⁹
Outros dicen: a auga todo lava
senon a mala fada.

⁵² A cuba do bó viño non necesita bandeira.

⁵³ A fama e o frío meten ó pobre na casa do
enemigo.

⁵⁴ A fame no ten lei.

⁵⁵ A ferraña de xaneiro non vai o palleiro.

⁵⁶ A friaxe de Febreiro é amiga do lobo larpeiro.

⁵⁷ A frieira de San Xoan quita o viño e non da
pan.

⁵⁸ A horta de Marzo cá cesta no brazo.

⁵⁹ A y-auga todo lava agás a mala fama.

A lama de agosto e o vento de abril,
Dios nos libre dil.⁶⁰
A lamprea ten a boca fea.
A lebre no xaneiro, búscala no regueiro.⁶¹
A legalidade é unha casa de putas.
Inf de Baños de Molgas.
A leña verde é louca; non arde sinón
moita.⁶²
A *luna de *octubre sete días cubre.
O que ocorre os sete días ocurrirá as
sete lúas distintas.
A madrasca a máis boa é mala.
Eladio Rodríguez: "Dicc." II, p. 561.
A madrasca inda de sucre amarga.
Eladio Rodríguez: "Dicc." II, p. 561.
A madrasca, o nome basta.⁶³
Á madrasca o nome lle basta.
Eladio Rodríguez: "Dicc." II, p. 561.
A mal dereito, bo pleito.⁶⁴
Dereito, p. 40.
A mala veciña dá agulla sin liña.⁶⁵
D. Valladares.
A mala veciña dá agulla sin liña.⁶⁶
D.V.
A mazorca, no muíño; e no bolso, o
diñeiriño.⁶⁷
A millor casa é a miña, aínda que sexa
pequeniña.⁶⁸
A mocidade folgada, trae a vellez
arrastrada.
A moita bondá destroi a autoridá.
D. V.
A moita *bondad destroi a autoridá.⁶⁹
D. Valladares.
A moita cera fai desconfiar os santos.⁷⁰

⁶⁰ A lama de Agosto e o vento de Abril Dios nos
libre d-il.

⁶¹ A lebre no Xaneiro, búscalla no regueiro.

⁶² A leña verde é louca; non arde sinón moita.

⁶³ A madrasca o nome basta.

⁶⁴ A mal dereito, bó pleito.

⁶⁵ A mala veciña da agulla sin liña.

⁶⁶ A mala veciña da agulla sin liña.

⁶⁷ A mazorca no muíño e no bolso o diñeiriño.

⁶⁸ A millor casa é a miña, aínda que sexa
pequeniña.

⁶⁹ A moita bondad destroi a autorida.

Santiago.
A moita cera queima/fai desconfiar os santos.⁷¹
A moita fame non hai pan duro.
A moita manualidá é causa de *menosprecio.⁷²
D. V.
A mortos e a idos non hai amigos.⁷³
A mota na serra unha a mira e outro a deixa.⁷⁴
A moza que non vai a Xinzo á feira do 14 de maio, non bota noivo en todo o ano.⁷⁵
A *muela e a sogra si doe botala fóra.⁷⁶
Á mula comedora, reata corta.
A mula que ha ir á guerra non morre no ventre da égoa.⁷⁷
A muller, a escopeta e o cabalo, non prestalo.
A muller casada ben composta quita a outros da porta.
A muller e a besta seu amo a teña.
A muller e a burra, cada día a súa.⁷⁸
A muller e a cabra, corda larga pero non soltala.⁷⁹
A muller e a loba do máis feio se *enamora.
A muller e a ovella co sol á cortella.⁸⁰
A muller e a ovella con día na cortella.
A muller e a ovella con día prá cortella.⁸¹
A muller e a ovella con sol á cortella.

⁷⁰ A moita cera fai desconfiar ós santos.

⁷¹ A moita cera queima/fai desconfiar ós santos.

⁷² A moita manualidá e causa de menosprecio.

⁷³ A mortos e a idos non hay amigos.

⁷⁴ A mota na serra unha á mira e outro a deixa.

⁷⁵ A moza que non vai a Xinzo á feira do 14 de Maio non bota noivo en todo o ano.

⁷⁶ A muela e a sogra si doe botala fora.

⁷⁷ A mula que ha ir a guerra non morre no ventre da égoa.

⁷⁸ A muller e a burra, cada día a súa.

⁷⁹ Á muller e a cabra, corda larga pero non soltala.

⁸⁰ A muller e a ovella co sol a cortella.

⁸¹ A muller e a ovella con día pra cortella.

A muller e a sardiña, a máis pequeniña.⁸²

A muller e a sardiña, a máis pequeniña.

A muller e a sardiña canto máis pequena máis *saladiña/sabrosiña.⁸³

A muller e a sardiña con sol á casiña.

A muller e a sardiña escolle a máis pequeniña.

A muller e a sardiña están ben na cociña.

A muller e a sardiña por pequeniña.

Orense.

A muller e a *sartén na cociña están ben.(4)

A muller e a *sartén na cociña están ben.⁸⁴

A muller e o papel *hasta o cu lle hai que ver.⁸⁵

Lo decía un cartero indicando necesidad de leer bien las cartas.

A muller e o vento cambian ó momento.

A muller i a cabra, a pata quebrada.⁸⁶

A muller i a cabra, a pata quebrada.⁸⁷

A muller i a manteiga adóbanse prá feira.

A muller i a sardiña por pequeniña.⁸⁸

A muller i o home honrado, polo camiño do carro.⁸⁹

A muller i o home honrado, polo camiño do carro.⁹⁰

A muller pra estar tranquila, ou preñada ou parida.⁹¹

⁸² A muller e a sardiña a máis pequeniña.

⁸³ A muller e a sardiña canto máis pequena máis saladiña/sabrosiña.

⁸⁴ A muller e a sarten na cociña están ben.

⁸⁵ A muller e o papel hasta o cú lle hai que ver.

⁸⁶ A muller i-a cabra a pata quebrada.

⁸⁷ A muller i-a cabra, a pata quebrada.

⁸⁸ A muller i-a sardiña por pequeniña.

⁸⁹ A muller i-o home honrado polo camiño do carro.

⁹⁰ A muller i-o home honrado, polo camiño do carro.

⁹¹ A muller pra estar tranquila ou preñada ou parida.

A muller que aos trinta anos non *se casa descarga o xenio co demo.
 A muller que aos trinta anos non ten mozo, bota un xenio do demo.
 A muller que lle pega ó home fai ben si pode.⁹²
 A muller que lle pega ó home fai ben si pode.⁹³
 A muller que lle pega ó home fai ben si pode.⁹⁴
 A muller que non aproveita a leña non sabe gardar o que teña.
 A muller que non come cando o seu marido ou pensa comer ou xa ten comido.
 A muller que non recolle un *alfiler non é muller.
 A muller que non sabe a doutrina culpa é do home que non a ensina; pao de carballo, rebolo de encina, toma, muller, aprende a doutrina.⁹⁵
 A muller que non vai á palabra non vai á pancada.
 A muller que ós 30 anos non ten mozo bota un xenio do demo.⁹⁶
 A muller sen home no colo come.
 A muller sin braga pon o cu na cepa e caga.⁹⁷
 A muller sin home no colo come.(2)
 Á neve de febreiro bótalle a vella un peido.
 A neve de febreiro, derrétea unha vella cun peido.
 A non ter, calquera chega.
 A noz e a *avellana tanto vale a podre como a sana.

⁹² A muller que lle pega o home fai ben si pode.

⁹³ A muller que lle pega ó home fai ben, si pode.

⁹⁴ A muller que lle pega ó home, fai ben, si pode.

⁹⁵ A muller que non sabe a doutrina culpa é do home que non ensina; pau de carballo, rebolo de encina, toma, muller, aprende a doutrina.

⁹⁶ A muller cos 30 anos non ten mozo bota un xenio do demo.

⁹⁷ A muller sin braga pon o cú na cepa e caga.

A nugalla nin come pan nin dorme na palla, nin viste camisa lavada.
 D. V.
 A ocasión fai o ladrón.
 Verín.
 A ovella e a rapaza con sol á casa.
 A ovella é parente do lobo e cómeia.⁹⁸
 A ovella mansa mama na súa mai e mais na allea e a brava nin na súa nin na allea.⁹⁹
 A p...non putes i a ladrón non furtes.¹⁰⁰
 A pan duro dente agudo.
 A pasar o río e dar diñeiro nunca seas o primeiro.¹⁰¹
 A paxariña que é de boa casta trae a súa roladiña prá Pascoa.¹⁰²
 A pena do morto chega ó horto.¹⁰³
 A peneira de María a tola anda a aldea toda.¹⁰⁴
 Lugo.
 A perdiz, co dedo *na nariz.¹⁰⁵
 Debe comerse no recentemente matada.
 A perdiz, o dedo *na nariz.¹⁰⁶
 A perna no leito e o brazo no peito.
 Jd.
 A pesca e a caza na *plaza.
 Mejor comprarla que cazarla.
 A pidir, ¡calquera chega!
 A pita e a vaca polo pico dan *nata. (2)
 A pita e a vaca polo pico dan a *nata.
¹⁰⁷
 A pita i o capón polo pico pon.¹⁰⁸

⁹⁸ A ovella é parente do lobo e cómeia.

⁹⁹ A ovella mansa mama na sua mai e mais na allea e a brava nin na sua nin na allea.

¹⁰⁰ A p...non putes y-a ladrón non furtes.

¹⁰¹ A pasar o río e dar diñeiro nunca seas o primeiro.

¹⁰² A paxariña que é de boa casta trae a sua roladiña prá Pascoa.

¹⁰³ A pena do morto cheg'o horto.

¹⁰⁴ A peneira de María, a tola and'a aldea toda.

¹⁰⁵ A perdiz có dedo na nariz.

¹⁰⁶ A perdiz o dedo na nariz.

¹⁰⁷ A pita e a vaca pol-o pico dan a nata.

¹⁰⁸ A pita i-o capón polo pico pon.

A pita non polo que coma, sinón polo que poña.¹⁰⁹

A pita, onde pon o ovo, pon o ollo.¹¹⁰

A pita, onde pon ovo, pon o ollo.

A *plaia de Panxón a roncar, bo tempo vai entrar.¹¹¹

Faro de Vigo 31/3/74.

Á porta da taberna non vendas nin auga.¹¹²

Á porta do rezador non poñas o millo ó sol.¹¹³

Á porta do rezador non poñas o trigo ao sol.

Á porta do rezador, non poñas o trigo ó sol i á do que non reza nada, nin trigo/grau nin nada.¹¹⁴

Á porta do rezador non poñas o trigo ó sol i á do que non reza nada, nin trigo, nin a cebada.¹¹⁵

A porta vella, caravillas novas.¹¹⁶

Lugo.

Á présa e ben non hai quen.¹¹⁷

A primeira, *escoba; a segunda, señora.¹¹⁸

A primeira muller, vasoira; a segunda, señora.¹¹⁹

A probe, non prometas; a rico, comprometas.¹²⁰

A puta e o can *sólo miran prá man.¹²¹

A que criada ha ter criada ha ser.

Vivero.

¹⁰⁹ A pita non polo que coma, sinón polo que poña.

¹¹⁰ A pita onde pon o ovo pon o ollo.

¹¹¹ A plaia de Panxón a rocar, bó tempo vai entrar.

¹¹² A porta da taberna non vendas nin auga.

¹¹³ A porta do rezador non poñas o millo ó sol.

¹¹⁴ A porta do rezador, non poñas o trigo ó sol i a do que non reza nada, nin trigo/grau nin nada.

¹¹⁵ A porta do rezador non poñas o trig'o sol Y-a do que non reza nada nin trigo, nin a cebada.

¹¹⁶ A porta vella, carabillas novas.

¹¹⁷ Apresa e ben non hai quen.

¹¹⁸ A primeira, escoba a segunda, señora.

¹¹⁹ A primeira muller basoira a segunda señora.

¹²⁰ A probe non prometas a rico comprometas.

¹²¹ A puta e o can sólo miran pra man.

Á que Dios non lle dá fillos, o demo lle dá sobriños.¹²²

A que empreña en agosto, en maio torce o rostro.¹²³

Vivero.

A que ensena a barriga ensena a veciña.¹²⁴

A que moitos quere a ningún ten.

A que non me pariu non é a miña mai. (2).

A que non me pariu non é miña mai.

A quen Dios non lle dá fillos o demo lle dá sobriños.¹²⁵ (2)

A quen fai ben, noxos; a quen fai mal, guárdate.¹²⁶

A quen lle has dar cea non lle negues a merenda.¹²⁷

Vivero.

A quen lle has de dar a cena non lle negues a merenda.

D.V.

A quen madruga, Dio-lo axuda.¹²⁸

A quen mal queiras en preitos os vexas.

A quen non debo non temo.

A racha ha de saír á madeira anque o demo non queira.¹²⁹

Castrelo del Valle.

A racha, queira ou non queira, ha de saír á madeira.¹³⁰

A razón do máis forte é sempre a millor razón.

A razón non ten máis que un camiño.

¹²² A que Dios non lle da fillos o demo lle da sobriños.

¹²³ A qu'empreña en agosto en maio torce o rostro.

¹²⁴ A que ensen'a barriga ensen'a veciña.

¹²⁵ A quen Dios non lle da fillos o demo lle da sobriños. (2).

¹²⁶ A quen fai ben, noxos; a quen fai mal guárdate.

¹²⁷ A quen ll'has dar cea non lle negues a merenda.

¹²⁸ A quen madruga, Diol-o axuda.

¹²⁹ A racha ha de saír a madeira anqu'o demo non queira.

¹³⁰ A racha, queira ou non queira, ha de saír á madeira.

A rega na horta e o sol na porta.¹³¹
 A rei morto, rei posto.
 A rico non debas e a pobre non
 *ofrezcas.
 A roupa dos tolos rómpena os cordos.¹³²
 A ruín cobrador máis ruín pagador.
 A sardiña de san Xoán pinga no pan.¹³³
 Pontevedra.
 A sardiña en maio que a parta un
 raio.¹³⁴
 Faro de Vigo.
 A sardiña en maio xa pringa no
 borrallo.¹³⁵
 id.
 A semana de casar non é de parar.
 A semana de casar non é de parar.
 Cabreiroá.
 A semana de casar non é semana de
 parar.
 A simpatía topeina de noite e non a
 atopei de día.¹³⁶
 A sogra aínda que durma no monte non
 a comen os lobos.¹³⁷
 A *solana e o balcón son tentación pró
 ladrón.¹³⁸
 A sombra quer ser de agosto i o sol de
 setembro.
 O mintireiro verdadeiro, 1969.
 A tega a poder de ir e vir fai seu nino.¹³⁹
 A troita fragosa, fea e fiada.
 A troita pra que guste, ha de ter sete
 efes: fresca, frita, fría, fiada, fragosa,
 fea e femia.¹⁴⁰

¹³¹ A rega n'a Horta e o sol na porta.

¹³² A roupa d'os tolos rompen-os cordos.

¹³³ A sardiña de S. Xoán pinga no pan.

¹³⁴ A sardiña en Maio que a parta un raio.

¹³⁵ A sardiña en Maio xa pringa no borrallo.

¹³⁶ A simpatía topeina de noite e nona atopei de
 día.

¹³⁷ A sogra aínda que durma no monte nona
 comen os lobos.

¹³⁸ A solana e o balcón son tentación pra o ladrón.

¹³⁹ A tega a poder dir e vir fai seu nino.

Pontevedra.
 A tulla sin centeo é como lameiro sin
 rego.
 A tulla sin centeo é como lameiro sin
 rego.¹⁴¹
 A vaca con vicio dá co pé na canada.¹⁴²
 A vaca da miña veciña dá millor leite
 que a miña.¹⁴³ (2).
 A vaca da miña viciña come menos
 herba, e dá máis leite cá miña.¹⁴⁴
 Gondulfes.
 A vaca ó tocarlle *na ubre leite dá.
 A vaca que non come canda os bois ou
 come antes ou despois.¹⁴⁵
 Lugo.
 A vaca que non come cos bois ou
 comeu antes ou comerá despois.
 A veiga i a manteiga, a bondá ten á
 beira.¹⁴⁶
 Lugo.
 A vella, de escarmentada, pasa o río
 remangada.¹⁴⁷
 Lugo.
 A vella que de amores se devece o
 diaño que a leve.¹⁴⁸
 D. Eladio: Dicc. III p.408.
 A vella que proba os grelos chupa os
 dedos.¹⁴⁹
 Lugo.
 A vella que soupo vivir, guardou pan
 pra maio e leña pra abril.
 A vello chegarás e de vello non pasarás.
 A verdá fura as paredes.¹⁵⁰

¹⁴⁰ A troita pra que guste, ha de ter sete efes:
 fresca, frita, fría, fiada, fragosa fea e femia.

¹⁴¹ A tulla sin centeo e como lameiro sin rego.

¹⁴² A vaca con vicio da co pe na canada.

¹⁴³ A vaca da miña veciña da millor leite que a
 miña.

¹⁴⁴ A vaca da miña viciña come menos herba, e da
 mais leite qu'a miña.

¹⁴⁵ A vaca que non come cand'os bois ou come
 antes ou despois.

¹⁴⁶ A veiga y-a manteiga, a bondá ten-a veira.

¹⁴⁷ A vella d'escarmentada pasa o río, remangada.

¹⁴⁸ A vella que de amores se debece o diaño que a
 leve.

¹⁴⁹ A vella que prob'os grelos chup'os dedos.

A verdá non ten máis qu'on camiño.¹⁵¹
Feces de Cima.
A vida boa é cara; haina máis barata,
pero non é vida.¹⁵²
A vida boa é cara; haina máis barata,
pero non é vida.¹⁵³
A vida do probe é andar a pidir.¹⁵⁴
Vivero.
A vida non é como empeza senón como
acaba.¹⁵⁵
A vide e a xesta co demo en testa.
A vila máis bonitiña é por todos
queridiña.
Verín.
A viña non quere máis sombra cá do
amo.¹⁵⁶
A viña o dá e a viña o come.¹⁵⁷
Refiriéndose al bagazo.
Á Virxen, Salves; ós santos, Credos e
os cartos, quedos.¹⁵⁸
A visita e a lebre aos dous días fede.
A vista do *pañó é o *desengaño.
Á vista do pano está o desengano.¹⁵⁹
Á vista do pano está o *desengaño.¹⁶⁰
Á vista do *pañó está o *desengaño.¹⁶¹
A *viuda honrada ten a súa porta
pechada.¹⁶²
Á *viuda, o diaño que a sacuda.¹⁶³
A *viuda que moito chora ten gana de
outra voda.¹⁶⁴

¹⁵⁰ A verdá, fura as paredes.

¹⁵¹ A verdá non ten mais qu'on camiño.

¹⁵² A vida boa é cara; haina máis barata pero non é vida.

¹⁵³ A vida boa é cara, haina máis barata pero non é vida.

¹⁵⁴ A vida do probe e andar a pidir.

¹⁵⁵ A vida non é como empeza senon como acaba.

¹⁵⁶ A viña non quere máis sombra qu'a do amo.

¹⁵⁷ A viña o da e a viña o come.

¹⁵⁸ A Virxen salves, ós Santos Credos e os cartos quedos.

¹⁵⁹ A vista do pano está o desengano.

¹⁶⁰ A vista do pano está o desengaño.

¹⁶¹ Á vista do paño está o desengaño.

¹⁶² A viuda honrada tén a súa porta pechada.

¹⁶³ Á viuda o diaño que a sacuda.

A xeadá de febreiro mata a vaca e
maillo leiro.¹⁶⁵

Gaiteiro de Lugo, pro ano 1971.

A xente crecente ten o diaño no dente.

A xente da Gudiña, cada catro unha
sardiña.

Mezquita.

Á xente da vila que lle den e non que
lle pidan.¹⁶⁶

A xesta/testa co demo apesta.

A zorra cando vai vella *hasta as pitas
se lle apoleiran na cabeza.

A zorra perde o rabo antes que as
mañas.

A zorra perde o rabo pero as mañas
non.

Abade que foi *monaguillo, ben sabe
quén bebe viño.¹⁶⁷

Abre o porco, verás o teu corpo.¹⁶⁸

Vivero.

Abril, abrilero, auga na cara e no leiro.

Gaiteiro de Lugo, pro ano 1971.

Abril, abrilero, i o mes que no medio se
mete son tres; maio, maiolo i o mes
que anda soio son seis; san Xoán, san
Xoanón i o mes que nace o rapaz, son
outros tres, nove.¹⁶⁹

Abril, abrilón, auga por un tubo e pode
que trebón.

O Gaiteiro de Lugo, 1972.

Abril fai meter a porca no cubil.

Abril frío e mollado enche o arquiroy e
mantén o gado.¹⁷⁰

¹⁶⁴ A viuda que moito chora ten gana de outra
boda.

¹⁶⁵ A xeadá de Febreiro mata a vaca e maillo leiro.

¹⁶⁶ Á xente da vila que lle den e non que lle pidan.

¹⁶⁷ Abade que foi monaguillo, ben sabe quen bebe
viño.

¹⁶⁸ Abre o porco verás o teu corpo.

¹⁶⁹ Abril, abrilero, i-o mes que no medio se mete
son tres; maio, maiolo i-o mes que anda soio son
seis; san Xoan, san Xoanón i-o mes que nace o
rapaz, son outros tres, nove.

¹⁷⁰ Abril frío e mollado henche o arquiroy e mantén
o gado.

Abril frío, fornos quentes, alegría prós meus dentes.¹⁷¹

Lugo.

Abril frío, moito pan e pouco viño.

Abril, mata a porca no cubil e non deixa as portas abrir.¹⁷²

Abril, penduril; maio, en graio; en san Xuán, ségase o pan.¹⁷³

Abril quente e mollado, carga o carro i engorda o gado.¹⁷⁴

Calendario 'O mintireiro verdadeiro' 1969.

Abril, se por mal quere vir, as portas non deixa abrir.¹⁷⁵

Pontevedra.

Abril, si por mal quere vir, nin as portas deixa abrir.¹⁷⁶

Vivero.

*Abriles e señores, os máis traidores.

Aceite, carne, pantrigo e sal, mercadoría real.

Rua Petin.

Aceite, viño e amigo, millor canto máis antigo.

Rua Petin.

Aceite, viño e amigo, millor canto máis antigo.¹⁷⁷

*Aceitona, unha abonda (si é acabada de coller).

Rua Petin.

*Aceitona unha e, se é boa, unha ducea.

Rua Petin.

Achaque quere a morte e non sabe de qué sorte.¹⁷⁸

¹⁷¹ Abril, frío, fornos quentes alegría prós meus dentes.

¹⁷² Abril, mat'a porca no cubil e no deix'as portas abrir.

¹⁷³ Abril penduril Maio en graio en San Xuán ségase o pan.

¹⁷⁴ Abril quente e mollado, carga o carro i engorda o gado.

¹⁷⁵ Abril se por mal quere vir, as portas non deixa abrir.

¹⁷⁶ Abril, si por mal quere vir nin as portas deixa abrir.

¹⁷⁷ Aceite viño e amigo, millor canto máis antigo.

Gondulfes.

Achégate ó pote grande que te manterá anque sexa soio do cheiro.

Acougue á túa beira a mala veciña o tempo que o galo dura enriba da galiña.¹⁷⁹

Adoecido abril, cando non does nas costas does nos cadrís.

O gaiteiro de Lugo 1969.

Agoa mol en pedra dura tanto dá *hasta que a fura.¹⁸⁰

Agosto, agosteiro, mes de ir ós Caneiros, á Pilingriña e Naseiro.¹⁸¹

O gaiteiro de Lugo, 1972.

Agosto, agosto, vai preparando a boca pró mosto.¹⁸²

Gaiteiro de Lugo, pro ano 1971.

Agosto e *vendimia non son cada día.

Agosto fáiselle maio a quen non ten pan sementado.

Agosto madura e o setembro vendima as uvas.

O mintireiro verdadeiro, 1969

Agosto, magosto.

Agosto mollado, neve pró ano.¹⁸³

Agosto mollado, nin sebo, nin nabo, nin pan pró ano.¹⁸⁴

Lugo.

Agosto nos farta e agosto nos mata.

O mintireiro verdadeiro, 1969

Agosto pasou e o que mallou, mallou. (2)

Agosto quente e festeiro, amigo do roscón e do gaiteiro, con sol que pon

¹⁷⁸ Achaque quere a morte e non sabe de que sorte.

¹⁷⁹ Acougue a tua beira a mala veciña o tempo que o galo dura enriba da galiña.

¹⁸⁰ Agoa mol en pedra dura tanto da hasta que a fura.

¹⁸¹ Agosto, agosteiro, mes de ir os Caneiros, Á Pilingriña e Naseiro.

¹⁸² Agosto, agosto, vai preparando a boca pró mosto.

¹⁸³ Agosto mollado neve pr'o ano.

¹⁸⁴ Agosto mollado nin sebo, nin nabo nin pan pr'o ano.

lume no palheiro, e mozos que bailan
no turreiro.

Pontevedra.

Agrade o cocho e non se repare no
cocho.

Aínda que non durma o ollo, descansa o
óso.¹⁸⁵

Aire de Meira, caldeiros á goteira.¹⁸⁶

Lugo.

Aire limiau, auga na mau.

Aire limiau, auga na mau; pro é de
inverno, que non é de vrau.¹⁸⁷

Alégrase o corvo e o can do que fai o
*gavilán.

Pontevedra.

Alégrase o lobo cos couces da ovella.

¡Alegría alegrote, que o rabo do porco
está no pote!

Algo ten a sardiña cando lla dan ó gato.¹⁸⁸

Vivero.

Alí onde naces, paces.

Allo, ¿por que naciches tan ruín?
Porque non me sementache en abril.¹⁸⁹

Almorzo cedo, coa carne e sebo; e
tarde, nin sebo nin carne.¹⁹⁰

Almorzo cedo cría carne e sebo.
Almorzo tarde, nin sebo, nin carne.¹⁹¹

Altas ou baixas, en abril son as
Pascoas.¹⁹²

D. Valladares.

Alzar sin vento e parir sin tempo non
pode ser.

D. V.

¹⁸⁵ Aínda que non durma o ollo descansa o oso.

¹⁸⁶ Aire de Meira caldeiros a goteira.

¹⁸⁷ Aire limiau auga na mau pro é de inverno que
non é de vrau.

¹⁸⁸ Algo ten a sardiña cando lla dan o gato.

¹⁸⁹ Allo, ¿porqué naciches tan ruín? Porque non
me sementache en Abril.

¹⁹⁰ Almorzo cedo coa carne e sebo e tarde nin
sebo nin carne.

¹⁹¹ Almorzo cedo cria carne e sebo Almorzo
tarde, nin sebo, nin carne.

¹⁹² Altas ou baixas en abril son as Pascoas.

Alzar sin vento non pode ser, como
parir sin tempo.

D. Valladares.

Ama de cura, puta segura.

Amigo de ricachón ou can ou cabrón.

Amigo do meu amigo meu amigo é.

Verín.

Amigo do val, compadre portugués e
aire sanabrés, fódome nos tres.

Amigo e viño, o máis antigo.

O mintireiro verdadeiro, 1969.

Amigo portugués, compadre montañés
e vento bragancés, f... nos tres.¹⁹³

Amigo portugués, compadre montañés
e vento bragandés, c.... en todos
tres.¹⁹⁴

Amigo que non dá e coitelo que non
corta, aunque se perdan, pouco
importan.

Vivero.

Amigo que non dá e coitelo que non
corta, que se perdan, pouco
importa.¹⁹⁵

Amigo que non dá e coitelo que non
corta, que se perdan, pouco
importa.¹⁹⁶

D. V.

Amigo que non sirva e coitelo que non
corta pouco importa.

Amigo que non serve e coitelo que non
corta, anque os leve o demo non
importa.

Cotobad.

Amigos, amiguiños, pro a vaquiña no
que vale.

Amigos de lonxe e contas de perto.

Amigos de lonxe e contas de perto.

D.V.

¹⁹³ Amigo portugués, compadre montañés e vento
bragancés f... nos três.

¹⁹⁴ Amigo portugués compadre montañés e vento
bragandés c.... en todos tres.

¹⁹⁵ Amigo que non dá e coitelo que non corta que
se perdan, pouco importa.

¹⁹⁶ Amigo que non dá e coitelo que non corta, que
se perdan pouco importa.

Amigos seamos e do noso teñamos.
 Amiguiños si; pero a peseta polos seus
 trinta e catro.¹⁹⁷
 Outros dicen: pero a pita pol-o carto.
 Vivero.
 Amiguiños sí, pro a pita polo que vale.
 Amiguiños sí, pro a vaquiña polo que
 valga.
 Amistades as de calquera que sexa máis
 que un.¹⁹⁸
 Amo *descuidado fai o criado ladrón.
 Amor con amor se paga.
 Amor de meniño, auga en cestiño.¹⁹⁹
 Vivero.
 Amos novos, cadabullos fóra.²⁰⁰
 Anada á carreira non se pillá.²⁰¹
 Vivero.
 Anada á carreira non se pillá.
 D.V.
 Anadiña pouca, anadiña moita, vai
 chegando [...] ²⁰²
 Anadiña pouca, anadiña moita, vai
 chegando unha á outra.²⁰³
 Vivero.
 Anda con un bo serás un deles; anda
 con un malo serás peor que eles.²⁰⁴
 Ánima por ánima, anima mea.²⁰⁵
 Ano berceiro, ano merdeiro.²⁰⁶
 Ano cogordeiro, sinal de ruín palleiro.²⁰⁷
 Ano de ameixas, ano de queixas.
 Ano de ameixas, ano de queixas.²⁰⁷

¹⁹⁷ Amiguiños si; pero a peseta pol-os seus trinta e catro.

¹⁹⁸ Amistades as de calquera que sexa mais que un.

¹⁹⁹ Amor de meniño auga en cestiño.

²⁰⁰ Amos novos cadabullos fora.

²⁰¹ Anad'a carreira non se pillá.

²⁰² Anadiña pouca Anadiña moita vai chegando
 A ficha que nós manexamos está incompleta.

²⁰³ Anadiña pouca anadiña moita vai chegando
 unh'a outra.

²⁰⁴ Anda con un bó serás un deles; anda con un
 malo serás peor que eles.

²⁰⁵ Ano berceiro ano merdeiro.

²⁰⁶ Ano cogordeiro sinal de ruín palleiro.

²⁰⁷ Ano d'ameixas ano de queixas.

Vivero.
 Ano de ameixas e cereixas todas son
 queixas; ano de pavías [...].²⁰⁸
 Ano de *bellota, ano de mamota.²⁰⁹
 Ano de *bellota, ano de mamota.²¹⁰
 Mamota: castaña cocida.
 Ano de belota, ano de laroca.²¹¹
 Refranes del Almanaque Agrícola
 ZZ – 1969.
 Ano de belotas, ano de larotas.
 Ano de brevas nunca o vexas.
 Ano de herba, ano de merda.
 Ano de moito viño, garda viño; ano de
 pouco viño, vende viño.
 Ano de neves ano de *bienes.
 Ano de noces, ano de voces. **(3)**
 Ano de noces, ano de voces.²¹²
 Ano de ovellas, ano de abellas.²¹³
 Ano de viño, guarda viño.²¹⁴
 Que se gastará todo.
 Ano de viño, vende viño e garda viño.
²¹⁵
 Ano de xeadas, ano de fornadas.²¹⁶
 Ano esgordeiro, sinal de ruín palleiro.
²¹⁷
 Ano que se morre, ben se come.²¹⁸
 Vivero.
 Aunque me botes os cas ó rabo, léveme o
 demo si deixo o nabo.²¹⁹
 Un individuo que quere indicar que
 non cede. Mondoñedo.

²⁰⁸ Ano de ameixas e cereixas todas son queixas;
 ano de pavías,. A ficha que nós manexamos está
 incompleta.

²⁰⁹ Ano de bellota ano de mamota.

²¹⁰ Ano de bellota, ano de mamota.

²¹¹ Ano de belota ano de laroca.

²¹² Ano de noces ano de voces.

²¹³ Ano de ovellas ano de abellas.

²¹⁴ Ano de viño, guarda viño.

²¹⁵ Ano de viño vende viño e garda viño.

²¹⁶ Ano de xeadas ano de fornadas.

²¹⁷ Ano esgordeiro sinal de ruín palleiro.

²¹⁸ Ano que se morre ben se come.

²¹⁹ Aunque me botes os cas ao rabo, léveme o
 demo si deixo o nabo.

Anque pico non divico que non se morra mai por fillo nin muller por seu marido.²²⁰

Cuando la Virgen quedó sola y desamparada a la muerte de Cristo, un judío dijo a otro: Mira a mai de Noso Señor como come. Y ella oyéndoles les dijo:- Anque pico /non divico /que non se morra...Lo dice la gente para indicar que nadie muere de pena.

Anseas alleas matan os asnos. (2)

Antes de asar as castañas, olla se están ben amosegadas; que, si che estoupan non lume, sáltanche á cara.²²¹

Do magosto. Rev. Galicia nº 584.

Antes de casar, mira o que fas.²²²

Antes de casar, ten casa en que morar, terras en que traballar e viñas en que poder.²²³

Pontevedra.

Antes de comer, non podo facer; e, de comido, entambollecido.²²⁴

Antes de rezar e cantar, mexar.

Ao probe e ao *nogal, todos lle fan mal.

Ao que suda, Dios o axuda.²²⁵

Faro de Vigo.

Aos carballos, as raíces e, á xente, comer.²²⁶

Decíanlle a unha enferma pra sanar que comera.

Aos ricos *hasta lle pairan os bois.

Aproveita o que non presta, verás o que fai falta. (2)

Apunta a teta, zapateta.

²²⁰ Anque pico /non divico que non se morra /mai por fillo /nin muller /por seu marido.

²²¹ Antes de asar as castañas, olla se están ben amosegadas; que si che estoupan non lume sáltanche á cara.

²²² Antes de casar mira o que fas.

²²³ Antes de casar tén casa en que morar, terras en que traballar e viñas en que poder.

²²⁴ Antes de comer non podo facer e de comido entambollecido.

²²⁵ Ao que suda Dios o axuda.

²²⁶ Aos carballos as raíces e a xente comer.

Aquela que non me pariu non é miña mai.

Arado rabudo i o labrador barbudo.²²⁷

Lugo.

Arco iris formado, nin bo tempo, nin moi malo.²²⁸

Arco iris formado, nin bo tempo, nin moi malo.²²⁹

Arde a casa, ¡quentarse a ela!²³⁰

Vivero.

Arde a casa, quentémonos a ela.²³¹

Arde millor a leña verde que as pedras enxoiatas.

Arde millor leña mollada que pedra seca.

Are quen arou, que maio xa pasou.

Bene. "O maio e 'os maíos'". *Faro de Vigo* 2/5/71.

Arrieiro dunha besta, cesteiro de unha cesta, e pescador de cana, máis perde do que gana.²³²

Porquera.

Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta, e pescador de cana, máis perde que gana.²³³

Arrieiro perdido, atares de seda. (2)

Arrieiros somos e no camiño nos encontraremos.

Arrieiros somos e no camiño nos encontraremos.²³⁴

As berzas no outono, comen o dono.²³⁵

O mintireiro verdadeiro, 1969.

As berzas quéroas untadas; as patacas, fariñentas e pra compango do porco, quero costelas salpresas.²³⁶

²²⁷ Arado rabudo y-o labrador barbudo.

²²⁸ Arco iris formado nin bó tempo nin moi malo.

²²⁹ Arco iris formado, nin bó tempo nin moi malo.

²³⁰ Ard'a casa, ¡quentarse a ela!

²³¹ Arde a casa, quentémonos a ela.

²³² Arrieiro d'unha besta cesteiro de unha cesta e pescador de cana mais perde do que gana.

²³³ Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana mais perde que gana.

²³⁴ Arrieiros somos e-no camiño nos encontraremos.

²³⁵ As berzas no outono, comen ó dono.

Pontevedra.
 As cabras do señor Barbeiro botan tarde
 e veñen cedo, ¿como elas van criar
 sebo? ²³⁷
 As *campanas de Adelán tocan por dar,
 dan.
 Lugo.
 As *campanas de Adelán tocan según
 lle dan. ²³⁸
 As canas enganan, os dentes e as
 arrugas non menten.
 As Candelas, que chova que ría,
 coarenta días son de invernía.
 Verín.
 As cerdeiras e os ladrós, anque se
 prendan, non son bos. ²³⁹
 D. Valladares.
 As cerdeiras i os ladrós, anque se
 prendan non son bos. ²⁴⁰
 D. V.
 As cuñas, dan mau das zocas. ²⁴¹
 Vivero.
 As fillas das miñas fillas...
 Algo parecido se dice en la Odisea
 pág. 10, Canto I.
 As ganas de comer fan á vella correr.
 As labores que se empezan en sábado
 mexa o sacristán nelas.
 As leis van por onde queren os reis.
 As maldiciós de burro non chegan ó
 ceu.
 As medias non son boas con naide ¡soio
 coa muller i eso aínda, aínda! ²⁴²
 Se refiere a negocios a medias.
 As medias soio son boas prás pernas.

²³⁶ As berzas quéroas untadas, as patacas
 fariñentas e pra compango do porco, quero
 costelas salpresas.

²³⁷ As cabras do señor Barbeiro botan tarde e
 veñen cedo, como elas van criar sebo.

²³⁸ As *campanas d' Adelán tocan según lle dan.

²³⁹ As cerdeiras e os ladrós, anque se prendan,
 non son bós.

²⁴⁰ As cerdeiras i-os ladrós, anque se prendan non
 son bós.

²⁴¹ As cuñas, dan mau d'as zocas.

²⁴² As medias non son boas con naide ¡soio coa
 muller i-eso aínda, aínda!

As medias soio son boas prás pernas.
²⁴³

Se refiere a negocios a medias.
 As medias son boas prás pernas.
 As medias son boas prás pernas. ²⁴⁴
 As mulleres como as uvas: as boas,
 colgalas; e as malas, cortalas. ²⁴⁵
 As mulleres de novas, cabras; de
 mozas, putas; de vellas, bruxas. ²⁴⁶
 As mulleres son como as uvas: as boas,
 pra colgalas; e as malas, pra pisalas.
²⁴⁷

Ás nove déitate, home, que ás dez xa
 non te tes. ²⁴⁸

Ás penas, tragos; i ás raibas, cigarros.
²⁴⁹

As pitas i os galos axuntan os cus e
 apartan os rabos. ²⁵⁰

Cuando andan en celo.
 As que ao muíño van, si son bonitas,
 logo as moerán. ²⁵¹

As soberbias non voltan pró río. ²⁵²

As temperanzas pérdenas os meses pro
 non o ano.

As templanzas de santa Mariña e
 Santiago fan o pan pra o outro ano. ²⁵³

Ás veces o demo é tendeiro. ²⁵⁴

Verín.
 Ás veces o demo é tendeiro. (2)

²⁴³ As medias soio son boas pras pernas.

²⁴⁴ As medias son boas pras pernas.

²⁴⁵ As mulleres como as uvas: as boas colgalas e
 as malas, cortalas.

²⁴⁶ As mulleres de novas, cabras; de mozas, putas,
 de vellas bruxas.

²⁴⁷ As mulleres son como as uvas: as boas pra
 colgalas e as malas pra pisalas.

²⁴⁸ As nove deitate home que as dez xa non te té.

²⁴⁹ As penas, tragos y'as raibas, cigarros.

²⁵⁰ As pitas i-os galos axuntan os cús e apartan os
 rabos.

²⁵¹ As que ao muíño van, si son bonitas, logo as
 moerán.

²⁵² As soberbias non voltan pr-o río.

²⁵³ As templanzas de Santa Mariña e Santiago fan
 o pan pra o outro ano.

²⁵⁴ As veces o demo é tendeiro.

As visitas son como o pescado, que ós tres días fedén.²⁵⁵

Asegún é o burro fáiselle a albarda.²⁵⁶
Gondulfes.

Asegún me tocan bailo.

Así che dure a mala veciña como a neve marceliña.

Asoprar e solber non pode ser.
Gondulfes.

Auga con sol non vale un frixol.

Auga con vento non vale un pemento.

Auga corrente non mata a xente. Auga parada está *envenenada.²⁵⁷

Auga de abril enche o carro i o carril.²⁵⁸

Lugo.

Auga de abril mata a porca no cubil i a auga de maio mata a porca nun ano.
Rubiós.

Auga de abril vale cabalos mil.²⁵⁹
Lugo.

Auga de agosto, nin bo viño nin bo magosto.²⁶⁰
Castrelo del Valle.

Auga de maio vale o cabalo dun ano.²⁶¹

Lugo.

Auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan; a auga de sta. Mariña na meda fai fariña.²⁶²

Auga de san Xoán tolle o viño, non dá pan e tira o aceite ó chan.²⁶³

Auga de santa Mariña cura a feridiña.²⁶⁴

²⁵⁵ As visitas son como o pescado que os tres días fedén.

²⁵⁶ Asegún e o burro faisell'a albarda.

²⁵⁷ Auga corrente non mat'a xente. Auga parada está envenenada.

²⁵⁸ Auga d'abril henche o carro y-o carril.

²⁵⁹ Auga d'abril vale cabalos mil.

²⁶⁰ Auga d'agosto nin bo viño nin bo magosto.

²⁶¹ Auga de maio vale o cabalo d'un ano.

²⁶² Auga de San Xoán tolle o viño e non da pan; a auga de Sta Mariña na meda fai fariña.

²⁶³ Auga de San Xoán tolle o viño non da pan e tira o aceite ó chan.

²⁶⁴ Auga de Santa Mariña cura a feridiña.

Auga de santa Mariña *hasta na meda fai fariña.²⁶⁵

Auga de xaneiro, esterco e carneiro.²⁶⁶
Vivero.

Auga de xaneiro, medio esterqueiro.²⁶⁷
Lugo.

Auga de xaneiro, todo o ano ten tempeiro.²⁶⁸

Auga do rego non quita a do ceo.²⁶⁹
Viana.

Auga en agosto, mes por mes, vale por tres.

Auga en agosto, nin bo nabo nin bo magosto.²⁷⁰

Auga en agosto, nin bo nabo, nin bo magosto.²⁷¹

Auga en maio, pan todo o ano.²⁷²
Bene. "O maio e 'os maios'". *Faro de Vigo* 2/5/71.

Auga en outono, mal pró meu dono.²⁷³
Orense.

Auga na lama, xeadá na cama.²⁷⁴

Auga ó mediodía auga todo o día.²⁷⁵

Auga pola Ascensión, nin boa faba, nin bo melón.²⁷⁶

Rubiós. Agosto.

Auga que corre non mata o home.²⁷⁷
Vivero.

Auga que corre, non mata o home.²⁷⁸
O gaitero de Lugo, ano 1966.

Auga que non has de beber, déixaa correr.

²⁶⁵ Auga de Santa Mariña hasta na meda fai fariña.

²⁶⁶ Auga de Xaneiro esterco e carneiro.

²⁶⁷ Auga de xaneiro medio esterqueiro.

²⁶⁸ Auga de Xaneiro, todo o ano ten tempeiro.

²⁶⁹ Auga do rego non quit'a do ceo.

²⁷⁰ Auga en agosto nin bó nabo nin bó magosto.

²⁷¹ Auga en agosto nin bo nabo nin bo magosto.

²⁷² Auga en maio pan todo o ano.

²⁷³ Auga en outono, mal pra o meu dono.

²⁷⁴ Auga na lama xeadá na cama.

²⁷⁵ Auga o mediodia auga tod'o día.

²⁷⁶ Auga pola Ascensión nin boa faba nin bó melón.

²⁷⁷ Auga que corre non mat'o home.

²⁷⁸ Auga que corre, non mata ó home.

Auga sobre *a mel, sabe mal e fai ben.
²⁷⁹

Ave de pico non fai o seu dono rico.
Riós.

Ave que se muda en cada sitio deixa
unha pluma.
Riós.

Ave que se muda en cada sitio deixa
unha pruma.

Bacuriño de celeiro non quere
compañeiro.

D. V.

Bacuriño de celeiro non quere
compañeiro.

D. Valladares.

Baguiño a baguiño fixo unha vella unha
pipa de viño.

Baila o can polo pan.²⁸⁰

Baraxa diñeiro, sea teu ou alleo.²⁸¹

Refranes de Viana. M^a del Rosario
Castells Vila: "La comarca natural
de Viana del Bollo" p. 129-130.

Barba ben mollada, medio afeitada.

Bebe cos borrachos, xoga cos
xugadores e págalle ás mulleres.

Así non habrá líos.

Bebe, e, si bebes moito, beberás pouco;
e, si bebes pouco, beberás moito. Este
é consello de un avisado non de un
louco.²⁸²

Bebe, irmán, bebe que a vida é breve.
²⁸³

Beber e non comer e cegar e non ver.

Becerro mamón non mama deitado.

Beixos non fan vésperas pero tocan ás
vésperas.²⁸⁴

²⁷⁹ Auga sobre a mel, sabe mal [e] fai ben. A ficha
que nós manexamos está incompleta pero
parécenos percibir a parte superior do e.

²⁸⁰ Baila o can pol'o pan.

²⁸¹ Baraxa diñeiro sea teu ou alléo.

²⁸² Bebe, e si bebes moito beberás pouco e si
bebes pouco beberás moito. Este é consello de un
avisado non de un louco.

²⁸³ Bebe, hirman, bebe que a vida é breve.

²⁸⁴ Beixos non fan vésperas pero tocan ás
vesperas.

Viveiro.

Ben criado, mal criado, ós sete meses,
sentado.²⁸⁵

Vivero.

Ben mandado, mal mandado, fágase o
que manda o señor amo.

D. V.

Ben ou mal feito, ten o *escribano de
xeito.

Ben se alegra o lobo do que come a
zorra.

Ben se alegra o lobo do que come o
zorro.²⁸⁶

Verín.

Ben veñas, maio, o mellor mes de todo
o ano.²⁸⁷

Refranes (del calendario "O
mintireiro verdadeiro" 1968).

Ben veñas, maio, o millor mes de todo
o ano.

Bene. "O maio e 'os maíos'". *Faro
de Vigo* 2/5/71.

Bendigo a sorte dos galos que a tódalas
pitas teñen e a ningunha manteñen.

Bendita sea a tallada que trai outra
remangada.

Bendita sea a tallada que trai outra
remangada.

D. V.

Bendito mes, que entra polos Santos e
remata con san Andrés.²⁸⁸

Berzas de marzo, cesta no brazo.²⁸⁹

Berzas que non has de comer déixaías ó
demo ferver.²⁹⁰

Lugo.

Bés, cantos vexas, casa, canto *quepas.
²⁹¹

Verín.

²⁸⁵ Ben criado, mal criado, os sete meses, sentado.

²⁸⁶ Ben s'alegra o lobo do que come o zorro.

²⁸⁷ Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano.

²⁸⁸ Bendito mes, que entra polos Santos remata
con San Andrés.

²⁸⁹ Berzas de marzo cesta no brazo.

²⁹⁰ Berzas que non has de comer deixay'as o demo
ferver.

²⁹¹ Bés cantos vexas, casa canto quepas.

Bés cantos vexas e haxa cantos
*quepas.
Bés tras de cancelas, todo se vai en
caravelas.²⁹²
Besta amarrada, se non come, paga.²⁹³
Vivero.
Besta comedora, ramal *corto.²⁹⁴
Besta de herba, besta de merda.
Besta de moitos cómena os lobos.²⁹⁵
Besta grande, ande ou non ande.²⁹⁶
Besta grande, ande ou non ande.
Besta luguesa, muller coruñesa e home
santiagués, ningún dos tres.
Besta mular, ben comer, ben andar.²⁹⁷
Lugo.
Besta mular ou comer ou andar.
D. V.
Besta ougada, reata curta.²⁹⁸ (2).
Besta parada non fai xornada.
D. V.
Besta que non caga non dorme na corte.
Besta que non dá esterco fóra coela da
estrabería.²⁹⁹
Besta que non fai esterco fóra da
cuadra.³⁰⁰
Besta que xeme a carga non teme.
D. V.
Besta que xeme a carga non teme.
D. Valladares.
Besta vella botala ó toxo.³⁰¹
Besta vella non entra ó paso.³⁰²
Besta vella non fai capital. (2)
Besta vella non muda de paso.
Besta vella, ó toxo.³⁰³

²⁹² Bes tras de cancelas todo se vai en caravelas.

²⁹³ Besta amarrada se non come, paga.

²⁹⁴ Besta comedora, ramal corto.

²⁹⁵ Besta de moitos comena os lobos.

²⁹⁶ Besta grande ande ou non ande.

²⁹⁷ Besta mular ben comer ben andar.

²⁹⁸ Besta ougada reata curta. (2)

²⁹⁹ Besta que non da esterco fora coela da estrabería.

³⁰⁰ Besta que non fai esterco fora da cuadra.

³⁰¹ Besta vella botalo toxo.

³⁰² Besta vella non entra o paso.

³⁰³ Besta vella ó toxo.

Albarelos.
Bica de monxa, fanega de trigo.
Bica quente con touciño éche o caldo
das mulleres; e vén o home da arada e
roe as berzas, se as quere.³⁰⁴
Pontevedra.
Bicos de porco non chegan ó ceo.
Billete cambiado, billete gastado.
*Bizcocho de monxa, fanega de trigo.
(2)
Bizcoito de monxa, fanega de trigo.
As monxas. Verín.
Bizcoito de monxa, fanega de trigo.
Bizcoito de monxas fanega/carga de
trigo.³⁰⁵
Bo avogado, mal veciño.³⁰⁶
Bo era maio si non fora o trasmaio.³⁰⁷
¿Bo ou mal pleito?, ten o escribán de
xeito.³⁰⁸
Bo ou mal pleito, ten o escribán de
xeito.³⁰⁹
Bo ou mal preito, ten ao escribán do teu
xeito.³¹⁰
Eladio Rodríguez, Diccionario... II p
253.
Bo puñado son tres moscas.
Boa demanda ou ruín demanda, ten o
escribán da túa banda.³¹¹
Eladio Rodríguez, Diccionario... II p
253.
Boa demanda ruín demanda, ten o
*escribano da túa banda.³¹²
Vivero.
Boa horta en marzo, cesta no brazo.

³⁰⁴ Bica quente con touciño, éche o caldo das mulleres e ven o home da arada e roe as berzas, se as quere.

³⁰⁵ Bizcoito de monxas fanega (var.=carga) de trigo.

³⁰⁶ Bó abogado mal veciño.

³⁰⁷ Bó era maio si non fora o trasmaio.

³⁰⁸ Bó o mal pleito?, ten ao escriban de xeito.

³⁰⁹ Bó ou mal pleito tén ó escriban de xeito.

³¹⁰ Bó ou mal preito, tén ao escribán do teu xeito.

³¹¹ Boa demanda ou ruín demanda, ten ao escribán da tua banda.

³¹² Boa demanda ruín demanda ten o escribano da tua banda.

Boa roca/tea fía quen o seu menino cría.

Boa rocada fía a que o seu fillo cría.³¹³

Boa roupa e boa vida fan a vella garrida.

D. V.

Boas foran as comerotas si non foran as pagarotas.

Boas son as miñas veiñas, mais *me faltan as galiñas.

Beñas: veciñas.

Boas son miñas veciñas, pero xa me faltan tres galiñas.

Boca que se abre algo quer.

Bocado comido non fai amigo. (2)

Bocado comido non fai o amigo.

Bocado comido non gana amigo.

Rubiós.

Boi bravo, rego largo.

Boi bravo, rego largo.

D. V.

Boi escornón recibe cornadas.

Boi morto, vaca é.

Boi que non ara, aguillada nas costas.

Boi ruín en cornas medra.³¹⁴

Porquera.

Boi solto de seu se lambe.

Boi vello polo uso ara.³¹⁵

Lugo.

Boi vezado volve ó prado.³¹⁶

Boi vezado volve ó prado.³¹⁷

Buey acostumbrado...

Bola mol moita na man e pouca no fol.

Lugo.

Bon ou mal preito, ten o escribán de xeito.³¹⁸

Verín.

Bon vai o romeiro, desque lle esquece o bordón.³¹⁹

³¹³ Boa rocada fía a qu'o seu fillo cria.

³¹⁴ Boi ruín en cornas medra.

³¹⁵ Boi vello pol'o uso ara.

³¹⁶ Boi vezado volv'o prado.

³¹⁷ Boi vezado, volve ó prado.

³¹⁸ Bon ou mal preito, ten o escriban de xeito.

³¹⁹ Bon vai o romeiro, desque lle esquece o bordon.

Bonitura, sete faltas disimula.

D. V.

Bótame na lama e faime boa cama.

Ref á semente do trigo, do centeo non.

Bótame no pó e non me teñas dor.

Bótame no *polvo e non me teñas dor, bótame na lama e cuídame.³²⁰

Brañeiro paxareiro nunca bo renteiro.

Brencellao e caíño os pais son do viño.³²¹

Brencelleo e Caíño os pais son do viño.³²²

Pontevedra.

Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo.³²³

Lugo.

Brétema na montaña, pescador á cabana.³²⁴

Vivero.

Brétema no monte, millor que pola mañá é pola noite.³²⁵

Brétema no monte, millor que pola mañá é pola noite.

D. V.

Brétema no vale, pescador, á *calle.³²⁶

Vivero.

Brote de maio, pouco e malo.³²⁷

Brote, nos Coutos; cepa, nos outros.³²⁸

Burro/Besta grande ande ou non ande.

Burro grande ande ou non ande.

Gondulfes.

Burro morto, cebada ó rabo.

Ca fanega pode calquera de aí pra riba costa moito.³²⁹

³²⁰ Bótame no polvo e non me teñas dór, bótame na lama e cuídame.

³²¹ Brencellao e caíño os pais son do viño.

³²² Brencelleo e Caiño os pais son do viño.

³²³ Brétema en Padornelo sardiña no garabelo.

³²⁴ Bretema na montaña pescador a cabana.

³²⁵ Bretema no monte millor que pol'a mañá e pol'a noite.

³²⁶ Bretema no vale, pescador, a calle.

³²⁷ Brote de Maio pouco e malo.

³²⁸ Brote nos Coutos cepa nos outros.

³²⁹ Ca fanega -(5 fillos)- pode calquera de ahí pra riba costa moito.

Falando do nº de fillos din os paisanos: "Ca fanega -(5 fillos)-pode calquera de ahí pra riba costa moito.

Ca muller na cama e ca puta na lama.

Ca perda, naide alegre.

Vivero.

Cabalo grande ande ou non ande.

Cabalo que ten que ir á guerra non morre no ventre da égoa.

Cabalo que vai á guerra non morre na barriga da miña égoa.

Cabalo vello, non aprende nova cabalgadura.

Cabra coxa non ten sesta porque, si a ten, pouco lle presta.³³⁰

Cabra pola horta, cordeiriño novo.

Cabra que estás na pena, o que de outro oes por ti espera.³³¹

Feces de Cima.

Cabrito de mes, porco de tres, muller de dezaioito e home de vintetrés.

Cada cal arrima a brasa á súa sardiña.³³²

Castrelo del Valle.

Cada can lambe o seu. (2)

Cada can no seu palleiro é moita xente.

Cada can no seu palleiro é moita xente.

O Gaiteiro de Lugo 1969.

Cada carneiro pola súa pata se ha desollar.³³³

Cada cavadela unha misca.

Cada cousa no seu tempo e os nabos en Advento. (2)

Cada galo canta no seu poleiro e o español no seu e no do compañeiro.

Cada macho co seu cacho.

Cada moucho pró seu corroucho.³³⁴

³³⁰ Cabra coxa non ten sesta porque si a ten pouco lle presta.

³³¹ Cabra qu'estás na pena, o que d'outro oes por ti espera.

³³² Cada cal arrim'a bras'a sua sardiña.

³³³ Cada carneiro pol-a sua pata s'ha desollar.

³³⁴ Cada moucho pro seu corroucho.

Cada moucho pró seu soucho, cada pardal co seu igual.³³⁵

Cada pardal co seu igoal. (2)

Cada pita mantén os seus polos.³³⁶

Cada probe enterra a seu pai como pode.³³⁷

Cada terra seu uso, cada roca seu fuso.

Cada un fala da feira como lle foi nela.

(2)

Cada un fala da feira como lle vai nela.

Cada un na súa casa e Dios na de todos.³³⁸

Cada un no que trata, mata.³³⁹

Cada un, pra si, vale por dous.³⁴⁰

Cada un, pra si, vale por tres.³⁴¹

Vivero.

Cada un raña onde lle proe.

Cada un sabe de si, e Dios de todos.³⁴²

Vivero.

Cada un ten a fama que lle queiran dar.³⁴³

Cada un turra do seu pra que lle medre.

Caga duro e mexa craro e *ríete do médico e do boticario.

Cal máis, cal menos, toda a la che é pelos/toda a la che é.³⁴⁴

Lugo.

Cal o ano, tal o xarro.

O mintireiro verdadeiro, 1969.

Caldelau: unha manta ó lombo e un pan na mau.

Caldo de pota pequena e viño de cuba grande.

Caldo de pote pequeno e viño de cuba grande. (2)

³³⁵ Cada moucho pro seu soucho, cada pardal co seu igual.

³³⁶ Cada pita mantén os seus polos.

³³⁷ Cada probe enterr'a seu pai como pode.

³³⁸ Cada un na sua casa e Dios na de todos.

³³⁹ Cada un no que trata mata.

³⁴⁰ Cada un pra si vale por dous.

³⁴¹ Cada un pra si vale por tres.

³⁴² Cada un, sabe de si, e Dios de todos.

³⁴³ Cada ún ten a fama que lle queiran dar.

³⁴⁴ Cal mais, cal menos tod'a la ch'e pelos/ toda a lá che é.

Caldo sin grasa pan sin tasa.
Vivero.

Caldo sin graxa pan sin tasa.
Caldo sin pan no inferno io dan.³⁴⁵
Calor de brasa pronto pasa.

Camiño en costa non ten bosta.³⁴⁶
Camiño que collan dous, limpeza,
verdade e xusticia non o atoparás en
Galicia aínda que o pidas por Deus.³⁴⁷

Can cativo de lonxe ladra.
Vivero.

Can na porta, pedrada no rabo.
Can pola porta pedrada no lombo.
Can pola porta pedrada no rabo.
Can que ladra non morde.

Verín.
Can que moito lambe tira *sangre.
Vivero.

Can que moito lambe tira sangue.
Cando a Candelaria ri inda o inverno
está por vir.
Vivero.

Cando a carballeira canta sabe ben a
manta.
Lugo.

Cando a carballeira zoa sabe ben a
broa.

Cando a carballeira zoa sábeche máis
ben a broa.
Coruña.

Cando a *gaviota visita o labrador, mal
lle vai ó pescador.³⁴⁸

Estes refráns mariñeiros recolléunos
pro *Gaiteiro de Lugo*, Antonio
López Polo (*Almanegra*), mariñeiro
do mar de Viveiro. *Gaiteiro de*
Lugo, pro ano 1971.

Cando a lebre diga misa, o coello sea
abade e o raposo sea frade, deixarei a

³⁴⁵ Caldo sin pan no inferno y-o dan.

³⁴⁶ Camiño en costa non tén bosta.

³⁴⁷ Camiño que collan dous, Limpeza, verdade e
xusticia non o atoparás en Galicia aínda c'o pidas
por Deus.

³⁴⁸ Cando a gaviota visita ó labrador, mal lle vai ó
pescador.

miña casa e perderei a túa amizade.
³⁴⁹

Pontevedra.

Cando a *limosna é grande *hasta os
santos desconfían.³⁵⁰

Cando a *limosna é moita *hasta o
probe desconfía.

Cando a *limosna é moita *hasta o
santo desconfía.

Cando a mora madura, xa pinta a uva.
³⁵¹

Cando a raposa vai vella, *hasta as
galiñas apoléiranselle no pescozo.³⁵²

Cando a raposa vai vella, *hasta as
galiñas se lle apoleiran no pescozo.³⁵³

Cando a ruliña rular, colle o foliño e vai
sementar.

Cando a zorra anda ós grilos, mal ianda
o conto.³⁵⁴

Cando a zorra anda ós grilos, o cabo ás
preguntas, e o tenente a canto estamos
de mes, mal lle vai a todos tres.³⁵⁵

Cando aquí neva ¿que fará na serra?³⁵⁶

Cando anda o gato no tellado, xeadá no
prado.³⁵⁷

Cando as neves desaparecen, as augas
crecen.³⁵⁸

Cando boten a *campana a *vuelo
vamos ver quién agarra o badal.³⁵⁹

³⁴⁹ Cando a lebre diga misa, o coello sea abade e o
raposo sea frade, deixarei a miña casa e perderei a
túa amizade.

³⁵⁰ Cando a limosna é grande hasta os santos
desconfían.

³⁵¹ Cando a mora madura xa pinta a uva.

³⁵² Cando a raposa vai vella hasta as galiñas
apoléiranselle no pescozo.

³⁵³ Cando a raposa vai vella hasta as galiñas se lle
apoleiran no pescozo.

³⁵⁴ Cando a zorra anda os grilos, mal i-anda o
conto.

³⁵⁵ Cando a zorra anda ós grilos, o cabo ás
preguntas e o tenente a canto estamos de mes, mal
lle vai a todos tres.

³⁵⁶ Cando aquí neva ¿que fara na serra?

³⁵⁷ Cando anda o gato no tellado xeadá no prado.

³⁵⁸ Cando as neves desaparecen as augas crecen.

Cando busques noiva, mira prá cara dela, pró corpo da mai e a carteira do pai.³⁶⁰

Cando canta a bubela, a faba na terra.³⁶¹

Cando canta a bubela, millo á terra.³⁶²

Cando canta o cuco o criado ponse farruco.

Cando chega o cuco, vén o pan ó suco.³⁶³

Cando chove, chove; cando neva, neva; mais, cando fai vento, ese si que é mal tempo.³⁶⁴

Se dice en Verín: "Como dicen os portugueses..."

Cando chove e fai sol anda o demo no Ferrol.

Cando chove e fai vento, *señal de mal tempo.

Cando dan a ovella, colle a corda e vai por ela.³⁶⁵

Cando dan a ovella, colle a corda e vai por ela.

Verín.

Cando Dios dá non é migalleiro.³⁶⁶ (2)

Cando en agosto o Monte *Mayor ten monteira, non hai castañas.³⁶⁷

Cando en maio hai lama, inda algo se gana.

Bene. "O maio e 'os maios'". *Faro de Vigo* 2/5/71.

Cando hai auga e sol en marzo, aparella as cubas e o mazo.

Refranes (del calendario "O mintireiro verdadeiro" 1968).

³⁵⁹ Cando boten a campana a vuelo vamos ver quen agarra o badal.

³⁶⁰ Cando busques noiva mira prá cara dela, pro corpo da mai e a carteira do pai.

³⁶¹ Cando canta a bubela a faba na terra.

³⁶² Cando cant'a bubela millo a terra.

³⁶³ Cando chega o cuco, ven o pan ó suco.

³⁶⁴ Cando chove, chove; cando neva, neva, mais cando fai vento ese si que é mal tempo.

³⁶⁵ Cando dan a ovella colle a corda e vai por ela.

³⁶⁶ Cando Dios da non é migalleiro. (2)

³⁶⁷ Cando en agosto o monte Mayor ten monteira non hai castañas.

Cando hai pouco pan, cortar primeiro.

Cando hai viño no Ribeiro hai alegría e diñeiro.

Orense.

Cando mamam da mai, todo vai ben; cando chupan do pai, todo vai mal.³⁶⁸

Decía un señor de Verín, cuando hablaba de los gastos de sus hijos en la Universidad: -Cando mamam da mai todo vai ben cando chupan do pai todo vai mal.

Cando Mariquiña quere, logo varre a casa.³⁶⁹

Cando marzo maiea, maio marcea.

Cando marzo vén quente, trae o demo no dente.³⁷⁰

Cando mexa un portugués, sempre mexan dous ou tres.³⁷¹

Cando moro, moro; cando cristiano, cristiano.

Cando no castiñeiro vires candea, leva o carneiro á ovella.³⁷²

D. V.

Cando no xaneiro bebes, no monte hai neves.

Cando non estás preso, ándante buscando.

Cando non teñas qué facer, bota terra sobre terra e terás qué comer.³⁷³

Cando o ano é de piollos, non vale mudar camisa.³⁷⁴

Cando o ano entrare en domingo vende os boiciños e merca milliño.

Cando o ano entrare en domingo vende os boiciños e merca milliño.³⁷⁵

³⁶⁸ Cando mamam da mai todo vai ben cando chupan do pai todo vai mal.

³⁶⁹ Cando Mariquiña quere, logo barre a casa.

³⁷⁰ Cando marzo ven quente trae o demo no dente.

³⁷¹ Cando mexa un portugués sempre mexan dous ou tres.

³⁷² Cando no castiñeiro vires candea leva o carneiro a ovella.

³⁷³ Cando non teñas qué facer, bota terra sobre terra e terás qué comer.

³⁷⁴ Cando o ano é de piollos non vale mudar camisa.

Vivero.
 Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliños.³⁷⁵
 Vivero.
 Cando o arrieiro vende a bota ou dá ó pez ou está rota.
 Cando o boteiro vende a bota ou dá a pez ou está rota.
 Cando o burro vén ó lugar, todas io queren tomar.³⁷⁷
 Lugo.
 Cando o crego dá a ovella, colle a corda e vai por ela.³⁷⁸
 Cando o cuco vén por Vilela, ano de moita gavela.³⁷⁹
 Cando o demo non ten qué facer, co rabo axota as moscas.³⁸⁰
 Cando o demo non ten qué facer, co rabo espanta as moscas.³⁸¹
 Cando o diñeiro fala, todos calan.³⁸²
 D.V.
 Cando o galo canta e a pita berra, anda o demo na terra.³⁸³
 Cando o mal é de morrer, o millor remedio é a morte.³⁸⁴
 Cando o mal é de morte o remedio é morrer.

³⁷⁵ Cand'o ano entrare en domingo vend'os boiciños e merca milliño.

³⁷⁶ Cand'o ano entrare en domingo vend'os boiciños e merca milliños.

³⁷⁷ Cand'o burro ven o lugar todas y-o queren tomar.

³⁷⁸ Cando o crego da a ovella colle a corda e vai por ela.

³⁷⁹ Cando o cuco ven por Vilela ano de moita gabela.

³⁸⁰ Cando o demo non ten que facer có rabo axota as moscas.

³⁸¹ Cando o demo non ten que facer, có rabo espanta as moscas.

³⁸² Cando o diñeiro fala todos calan.

³⁸³ Cando o galo canta e a pita berra anda o demo na terra.

³⁸⁴ Cando o mal é de morrer o millor remedio é a morte.

Cando o monte san Sebastián pon o capelo, mociñas da Ulla, vestide o mantelo.³⁸⁵

San Sebastián de Loxo.

Cando o moucho canta de día, auga pró outro día.³⁸⁶

Cando ó Nordeste chove, hastra as pedras move.

Estes refráns mariñeiros recolléunos pro *Gaiteiro de Lugo*, Antonio López Polo (*Almanegra*), mariñeiro do mar de Viveiro. *Gaiteiro de Lugo*, pro ano 1971.

Cando ó pescador vénlle a iauga antes que o vento, aferra e mete dentro.³⁸⁷

Estes refráns mariñeiros recolléunos pro *Gaiteiro de Lugo*, Antonio López Polo (*Almanegra*), mariñeiro do mar de Viveiro. *Gaiteiro de Lugo*, pro ano 1971.

Cando o Pico Sagro non touca, auga temos moita ou pouca.³⁸⁸

Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, moita ou pouca.

Santiago.

Cando o pote grande ferve, sinal de festa.

Cando o río sona, é que auga leva.³⁸⁹

Cando o trono no aire, o galo canta e a pita berra, anda o demo na terra.³⁹⁰

Cando o vilán enriquece, a ninguén coñece.³⁹¹

Cando o viño che faga *daño, bótalle un remendo do mesmo *pañó.

Cando os baixos can, os do alto dan pan.³⁹²

³⁸⁵ Cando o monte San Sebastián pon o capelo mociñas da Ulla vestide o mantelo.

³⁸⁶ Cando o moucho canta de día, auga pro outro día.

En santa Mariña, trigo na arquiña.⁷⁰³

En santa Mariña xa pesca a cabritiña.⁷⁰⁴

En Santiago estroupelear que iste é o
tempo do liño mazar.

En Santiago, pinta o bago.⁷⁰⁵

En santo Tomé, colle a porca polo pé; si
fai cué-cué, dille que tempo é.⁷⁰⁶

Sto. Tomás, apóstol? 21 Diciembre

En *septembre non hai vella que non
tembre.⁷⁰⁷

En setembro secan as fontes e arden os
montes.

En *septiembre come e vende, pero non
sea tanto vender que non deixes que
comer.⁷⁰⁸

En setembro, arden os montes e secan
as fontes.⁷⁰⁹

Lugo.

En setembro non hai vella que non
tremble.⁷¹⁰

Lugo.

En tellado vello todas son pingadas.

En tempo de figos non hai amigos.

Vivero.

En terra allea hastra as vacas turren dos
bois.⁷¹¹

Lugo.

En terra de lobos ouvar como eles.

⁷⁰¹ En Santa Lucía mingoa as noites e crecen os
días.

⁷⁰² En Santa Lucía o allo quere ver o día.

⁷⁰³ En Santa Mariña trigo na arquiña.

⁷⁰⁴ En Santa Mariña xa pesca a cabritiña.

⁷⁰⁵ En Santiago pinta o bago.

⁷⁰⁶ En Santo Tomé colle á porca polo pé, si fai
cué-cué, dille que tempo é.

⁷⁰⁷ En Setembro non hai vella que non tembre.

⁷⁰⁸ En septiembre come e vende pero non sea
tanto vender que non deixes que comer.

⁷⁰⁹ En setembro arden os montes e secan as fontes.

⁷¹⁰ En Setembre non hai vella que non tremble.

⁷¹¹ En terra allea hastr'as vacas turren dos bois.

Verín.
 En terra de lobos ouvear como eles.
 En toda terra espiga o pan.
 D. V.
 En Verín entrei e saín.
 En xaneiro a berza coma o carneiro.⁷¹²
 En xaneiro a perdiz caga pró
 escopeteiro.⁷¹³
 En xaneiro a perdiz cuspe pró
 escopeteiro.⁷¹⁴
 En xaneiro a raia coma o cordeiro.⁷¹⁵
 Vivero.
 En xaneiro, arde o verdieiro; en agosto,
 arder; en septiembre, beber.⁷¹⁶
 Lugo.
 En xaneiro berza vella val carneiro.
 En xaneiro busca o coello no lombeiro.
 En xaneiro busca o coello no regueiro.⁷¹⁷
 Refrán de caza: Escóndense pra
 tomar o sol.
 En xaneiro cada suco seu rigueiro.
 Castrelo del Valle.
 En xaneiro entra o sol en calquel
 regueiro.⁷¹⁸
 Gondulfes.
 En xaneiro gústalle máis o can que o
 carneiro.⁷¹⁹
 Se refiere al lobo.
 En xaneiro media arca e medio palleiro
 e o porco enteiro.⁷²⁰
 En xaneiro media tulla e medio palleiro.
 En xaneiro media tuña e medio palleiro,
 na cima que non ó primeiro.⁷²¹
 Lugo.

⁷¹² En xaneiro a berza com'o carneiro.

⁷¹³ En xaneiro a perdiz caga pro escopeteiro.

⁷¹⁴ En Xaneiro a perdiz cuspe pro escopeteiro.

⁷¹⁵ En xaneiro a raia com'o cordeiro.

⁷¹⁶ En xaneiro arde o verdieiro; en agosto, arder
 en septiembre, beber.

⁷¹⁷ En xaneiro busca ó coello no regueiro.

⁷¹⁸ En xaneiro entr'o sol en calquel regueiro.

⁷¹⁹ En Xaneiro gústalle mais o can que o carneiro.

⁷²⁰ En Xaneiro media arca e medio palleiro e o
 porco enteiro.

⁷²¹ En xaneiro media tuña e medio palleiro, no
 cima que non o primeiro.

En xaneiro media tulla e medio
 palleiro; no fin, non no primeiro.

Rubiós.

En xaneiro, mete o obreiro antes na
 sebe que na parede, non pola falta do
 día sinón pola pedra que está fría.⁷²²

Vivero.

En xaneiro pon o alleiro.

D. V.

En xaneiro quita o torgo de diante de ti
 e pono diante o compañeiro.⁷²³

En xaneiro sabe o nabo coma o
 carneiro.

En xaneiro sábelles o can ó lobo como
 carneiro.⁷²⁴

En xaneiro, sardiñas do fumeiro.⁷²⁵

En xaneiro sete lobos no carreiro.

Lugo.

En xaneiro si ves o centeo terrexar,
 bótate a cantar; e si o ves verdexar,
 bótate a chorar.⁷²⁶

En xaneiro sube ó outeiro; si ves
 verdexar, bótate a chorar; si o ves
 estorroxar, bótate a cantar.⁷²⁷

En xaneiro súbete a un outeiro, si ves
 verdexar, bótate a chorar; e si ves
 negrexar, bótate a cantar.⁷²⁸

En xaneiro, súbete ó lombeiro; si ves
 verdexar, ponte a chorar; e si
 negrexar, ponte a cantar.⁷²⁹

Lombeiro: altozano.

⁷²² En xaneiro mete o obreiro antes na sebe que na
 parede non pol-a falta do día sinon pol-a pedra
 que está fría.

⁷²³ En Xaneiro quita o torgo de diante de ti e pon-
 o diante o compañeiro.

⁷²⁴ En Xaneiro sábelles o can ó lobo como
 carneiro.

⁷²⁵ En Xaneiro, sardiñas do fumeiro.

⁷²⁶ En xaneiro si ves o centeo terrexar bótate a
 cantar e si o ves verdexar bótate a chorar.

⁷²⁷ En Xaneiro sube ó outeiro si ves verdexar
 bótate a chorar si o ves estorroxar bótate a cantar.

⁷²⁸ En Xaneiro súbete a un outeiro, si ves verdexar
 bótate a chorar e si ves negrexar bótate a cantar.

⁷²⁹ En xaneiro, súbete ó lombeiro si ves verdexar,
 ponte a chorar e si negrexar, ponte a cantar.

En xaneiro súbete ó outeiro; si ver
verdexar, bótate a chorar; si ves
estorruxar, bótate a cantar.⁷³⁰

Rubiós.

En xaneiro vaite ó leiro/súbete ó
outeiro; si ves verdegar/o centeo
verdegar, ponte a chorar; si ves
mourear, ponte a cantar.⁷³¹

En xaneiro xa a ovella non salta o
regueiro, en febreiro nin ovella nin
carneiro.⁷³²

Encima do ovo pon a pita e si non hai
ovo, perde o cu.⁷³³

Ende morrendo o arrieiro, sábese de
quén é o gando.⁷³⁴

Verín.

*Engañar non é saber.

Enredos de homes, beixos de burro.⁷³⁵

Enriba de cornos, paus.

Feces de Cima.

Enterro ó domingo, outro pró pingo.⁷³⁶

Enterro sen choros e romaría sin gaita
non ten gracia

D. V.

Entre fillos e irmaus non méta-las
maus.⁷³⁷

Entre irmaus non méta-las maus.⁷³⁸

Entre marco e marco non hai arco.

Entre marzo e abril, o cuco quere vir.⁷³⁹

Entre marzo i abril, o cuco ou *o fin.⁷⁴⁰

⁷³⁰ En xaneiro súbete ó outeiro, si ver verdexar, bótate a chorar; si ves estorruxar bótate a cantar.

⁷³¹ En xaneiro vai't'o leiro (ou subet'outeiro) si ves verdegar pont'a chorar si ves mourear pont'a cantar –Outros dicen:- Si ves o centeo verdegar pont'a chorar.

⁷³² En Xaneiro xa a ovella non salta o regueiro, en Febreiro nin ovella nin carneiro.

⁷³³ Encima do ovo pón a pita e si non hai ovo perde o cú.

⁷³⁴ En de morrendo o arrieiro sabese de quen é o gando.

⁷³⁵ Enredos de homes beixos de burro.

⁷³⁶ Enterro ó domingo, outro pro pingo.

⁷³⁷ Entre fillos e irmaus non métalas maus.

⁷³⁸ Entre hirmaus non metalas maus.

⁷³⁹ Entre Marzo e abril o cuco quere vir.

Valladares.

Entre marzo ou abril, o cuco ou *o fin.

⁷⁴¹

D. V.

Entre o correr e o parar hai o camiñar.

Entre pais e fillos non méta-los fuciños.

⁷⁴²

Entre parentes non metas os dentes.

Entre parentes non meter os dentes.

Entre Pías e Sever ten o demo que
faguer.

Entre Pías e Sober ten o demo que
facer.⁷⁴³

Entre *primos e irmaus non méta-las
maus.⁷⁴⁴

Entre *primos e irmaus non méta-las
maus.⁷⁴⁵

Entre san Xoán e san Pedro, *aprétalle
o vencello.⁷⁴⁶

aludiendo a la siega o seitura y
consiguiente organización en mollos
del cereal

Entre Santos e Natal, inverno crudoal.

⁷⁴⁷

Entre sebes e paredes mirade
ben o que facedes.⁷⁴⁸

Lugo.

Entroidiño larafuzán, comíche-la carne,
deixáche-lo pan.⁷⁴⁹

Entroido larafuzán, comiches a chicha e
deixaches o pan.

*Envidia non teñas si queres ter paz.

Escárvame en abril, e pódame en maio
que che pagarei o teu traballo.⁷⁵⁰

⁷⁴⁰ Entre marzo y-abril o cuco ou o fin.

⁷⁴¹ Entre marzo ou abril o cuco ou o fin.

⁷⁴² Entre pais e fillos non metalos fuciños.

⁷⁴³ Entre Pías e Sober ten o demo que facer.

⁷⁴⁴ Entre primos e hirmaus non metalas maus.

⁷⁴⁵ Entre primos e irmaus non métalas maus.

⁷⁴⁶ Entre S. Xoán e San Pedro aprétalle o
vencello.

⁷⁴⁷ Entre Santos e Natal inverno crudoal.

⁷⁴⁸ Entre seves e paredes mirade ben o que
facedes.

⁷⁴⁹ Entroidiño larafuzán comichela carne
deixachelo pan.

Dice a viña na montaña do Val de Verín.
 Escribáns e ameixeiras, libremos Dios das miñas leiras.
 Estamos cheos de piollos cando a xente non fai mollos.
 Estamos nun tempo miserable, que, si eu non o alabo, non hai quen o alabe.⁷⁵¹
 Estando nunha casa cuñada, sogra e xenro, falta soio o demo pra estar onde o inferno.
 Esterca e non poñas marcos.
 D. V.
 Estou nunha terra tan miserable, que, se eu non me gabo, non hai quen me gabe.⁷⁵²
 Vivero.
 Facenda de crego dáia Dios e lévaia o demo.⁷⁵³
 Facendo e desfacendo vai a meniña aprendendo.
 Facéndose o parvo non se perde nada; facéndose o listo ó millor se apaña.
 Faga sol, faga vento, cada cousa no seu tempo.
 Fágase o ben e fagaio Xan ou Miguel.⁷⁵⁴
 Diccion. Valladares.
 Fágase o ben e fagaio Xan ou Miguel.⁷⁵⁵
 D. V.
 Fai ben e non mires a quen.
 Fai de conta que non vés do contado coma o lobo.⁷⁵⁶
 Chaira.

⁷⁵⁰ Escárbame en abril, e pódame en maio que che pagaréi o teu traballo.
⁷⁵¹ Estamos nun tempo miserable que si eu nono alabo non hai quen o alabe.
⁷⁵² Estou n'unha terra tan miserable que s'eu non me gabo non hai quen me gabe.
⁷⁵³ Facenda de crego daia Dios e lévalla o demo.
⁷⁵⁴ Fagas 'o ben e fagay'o Xan ou Miguel.
⁷⁵⁵ Fágase o ben, e fagaio Xan ou Miguel.
⁷⁵⁶ Fai de conta que non ves do contado com'o lobo.

Fai máis quen quere que quen poide.⁷⁵⁷
 Fai o que che digo e non faga-lo que eu fago.⁷⁵⁸
 v) Fai o que o crego dixere e non fagal-o que el fixere. D. V.
 Fai o que o crego dixere e non faga-lo que el fixere.⁷⁵⁹
 Fai o que che digo e non fágalo que eu fago. D. V.
 Fai o que podas e non o que queiras.⁷⁶⁰
 Verín.
 Fai o que poidas e non o que queiras.
 Fai o teu fillo herdeiro onde para a néboa no mes de xaneiro.⁷⁶¹
 Faima borracha que eu cha farei p...⁷⁶²
 Faime a cama e bótame na lama.
 Faite amigo do xuez, pois sempre é bo ter a quen facer arder.⁷⁶³
 Fale a miña veciña e teña o meu fol fariña.
 Fampa na *plaza e fame na casa.
 D. V.
 Fanas os burros e páganos os arrieiros.
 Fariña hai que ter pra peneirar e foder.
 Fártase un de comer e de beber e non se farta de saber.
 D. V.
 Febreiriño corto cos seus vinteito, se durase outros catro non quedaba can nin gato, nin ratiño no buraco, nin cornos ó carneiro nin ovellas ó pregureiro.⁷⁶⁴

⁷⁵⁷ Fai mais quen quere que quen poide.
⁷⁵⁸ Fai o que che digo e non fágalo que eu fago.
⁷⁵⁹ Fai o que o crego dixere e non fagal-o que el fixere.
⁷⁶⁰ Fai ó que podas e non o que queiras.
⁷⁶¹ Fai ó teu fillo herdeiro onde para a néboa no mes de Xaneiro.
⁷⁶² Faima borracha qu'eu ch'a farei p...
⁷⁶³ Faite amigo do xuez, pois sempre é bó tér a quen facer arder.
⁷⁶⁴ Febreiriño corto cos seus vinteito se durase outros catros non quedaba can nin gato, nin ratiño no buraco, nin cornos o carneiro nin ovellas o pregureiro.

Febreiriño corto cos seus vinteito, si duraras outros catro, non deixabas can nin gato nin abella no burato.⁷⁶⁵

Febreiro espadaleiro nen boa mea nen bo palleiro.⁷⁶⁶

Febreiro, febreireiro, dá o sol en calquer rixeiro.⁷⁶⁷

Preguntado acerca rixeiro, el mismo significado que regueiro.

Febreiro, ferveixeiro, chover e nevar e escaramonear.

Febreiro, ferveixeiro, tanto ferverxou como tantas perneiras criou.⁷⁶⁸

Febreiro, ferveixeiro, tanto ferverxou como tantas perneiras criou.

Febreiro, firme e lixeiro.

Febreiro louco, sacou o seu irmau e apedreouno.⁷⁶⁹

Refranes (del calendario “O mintireiro verdadeiro” 1968).

Febreiro que non encontre o pastor sentadeiro, non sendo no carqueixeiro.

Febreiro quente trae o demo no ventre.

Febreiro quente traí o demo no ventre.

Febreiro, sete capas e un sombreiro.⁷⁷⁰

Refranes (del calendario “O mintireiro verdadeiro” 1968).

Febreiro, xiada na leira e cachopo na lareira.

Refranes (del calendario “O mintireiro verdadeiro” 1968).

Febreiro, xougoleixeiro.

Rubiós.

Febres de maio, saúde pra todo o ano.⁷⁷¹

⁷⁶⁵ Febreiriño corto cos seus vinteito si duraras outros catro non deixabas can nin gato nin abella no burato.

⁷⁶⁶ Febreiro espadaleiro nen boa mea nen bó palleiro.

⁷⁶⁷ Febreiro, febreireiro, dá o sol en calquer rixeiro.

⁷⁶⁸ Febreiro ferveixeiro, tanto ferverxou como tantas perneiras criou.

⁷⁶⁹ Febreiro louco, sacou o seu hirmau e apedreouno.

⁷⁷⁰ Febreiro; sete capas e un sombreiro.

⁷⁷¹ Febres de mayo, saúde pra todo o ano.

O gaiteiro de Lugo, 1969.

Feliz o paxaro que nace en boa ribeira.

Ferro e pau, coartos na mau.

Ferro e pau pouco na mau. (2)

Festa dun día non acaba unha casa e si é de máis acabaraia quizais.⁷⁷²

D. V.

Fianza en Dios, que é santo vello.⁷⁷³

Fiarse nos homes e *creer nos *diablos son todos iguais ó fin i ó cabo.⁷⁷⁴

Fidalgo pobre no palleiro morre.

D. V.

Fidalgos pobres e bestas vellas acaban as nosas terras.

D. V.

Filla eres, pai serás; asegún fixeres, así encontrarás.⁷⁷⁵

Verín.

Fillo de lobo ten o pico pardo.

Fillo de peixe nada ben.

Fillo de porco, marrau de seguro.

Fillo es, pai serás; como fixeres, así terás.⁷⁷⁶

Fillo es, pai serás; como o fixeres, así terás.⁷⁷⁷

Fillo fuches, pai serás; cal fixeres, toparás.⁷⁷⁸

Fillos criados, traballos *dobrados e ladrós *redobrados.

Fillos criados, traballos dobrados.

Fillos criados, traballos dobrados.

Verín.

Fillos mozos, pais vellos.

Fol mollado masa leva.

D. V.

Fol sobado, máis fariña leva.

D. V.

⁷⁷² Festa dun día non acaba unha casa e si é de máis acabaralla quizais.

⁷⁷³ Fianza en Dios que é santo vello.

⁷⁷⁴ Fiarse nos homes e creer nos diablos son todos iguais o fin i-o cabo.

⁷⁷⁵ Filla eres, pai serás asegún fixeres así encontrarás.

⁷⁷⁶ Fillo és, pai serás, como fixeres así o terás.

⁷⁷⁷ Fillo es, pai serás, como o fixeres así terás.

⁷⁷⁸ Fillo fuches, pai serás, cal fixeres, toparás.

Folgade, galiñas, que o galo morreu.
 Fólgame unha migadiña, mais vou
 fiando a miña estriga.
 Folla revolta, auga na horta.⁷⁷⁹
 Forza, de mozos; e consello, de
 vellos.⁷⁸⁰
 D. V.
 Frades e ameixeiras Dio-las quite das
 miñas leiras.⁷⁸¹
 Frades e ameixeiras Dios os bote das
 nosas leiras.
 Frades e ameixeiras non os quero por as
 miñas leiras.⁷⁸²
 Frades, freiras e ameixeiras *lexos das
 miñas leiras.
 Fuches por besta, volviches por burro,
 quen fai así é un testarudo.
 Fumo na lareira, auga na lameira.
 Fun á casa allea e avergonceime; vin á
 miña e remedieime.⁷⁸³
 Gondulfes.
 Fun á casa allea e avergonceime; volvín
 á miña e arregleime.⁷⁸⁴
 Fun á casa do veciño e avergonceime;
 viñen á miña e governeime.
 Fun á casa do veciño i avergonceime;
 viñen á miña i arregleime.⁷⁸⁵
 Fuxe o burro, paus na albarda.⁷⁸⁶
 Gondulfes.
 Galicia nunca se perdeu por seca.
 Galiña que cacarexa algo venta ou ovo
 deixa.
 D. V.

⁷⁷⁹ Folla revolta auga na horta.

⁷⁸⁰ Forza de mozos e consello de vellos.

⁷⁸¹ Frades e ameixeiras Diol-as quite das miñas leiras.

⁷⁸² Frades e ameixeiras no nos quero por as miñas leiras.

⁷⁸³ Fun a casa allea e avergoncéime vin a miña e remedieime.

⁷⁸⁴ Fun á casa alléa e avergonceime volvín á miña e arregleime.

⁷⁸⁵ Fun a casa do veciño y-avergonceime viñen a miña y-arregleime.

⁷⁸⁶ Fuxe o burro paus n'albarda.

Galiña que cacarexa ou ovo pon ou algo
 venta.
 Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo
 pon.
 Verín.
 Gando *blanco nin no pasto nin no
 banco.⁷⁸⁷
 D. V.
 Gando gordo volve a seu dono tolo.
 D. V.
 Gando na corte, pouco leite e queixo
 forte.
 Refranes del Almanaque Agrícola
 ZZ – 1969.
 Garda de pan para maio e de leña para
 abril, que che ha de *cumplir.⁷⁸⁸
 Garda o pico e terás paz.
 Garda o pico e terás paz.⁷⁸⁹
 Verín.
 Garda pan pra maio e leña pra abril que
 che han *cumplir.⁷⁹⁰
 Gardar qué comer e non qué facer.⁷⁹¹
 D. V.
 Gárdate de can que non ladra e de home
 que non fala.
 Vivero.
 Gasta en festas e viño o que has deixar
 aos sobriños.
 Gasta en pan e viño o que lle has de
 deixar ós sobriños.
 Gasta en viño o que lle has de dar ó teu
 sobriño.⁷⁹²
 Gastar e non ter, non sei cómo poda
 ser.⁷⁹³
 Verín.
 Gastar e non ter, non sei cómo pode
 ser.⁷⁹⁴

⁷⁸⁷ Gando blanco nin no pasto nin no banco.

⁷⁸⁸ Garda de pan para Maio e de leña para Abril que che ha de cumprir.

⁷⁸⁹ Garda o pico e teras paz.

⁷⁹⁰ Garda pan pra maio e leña pra Abril que che han cumprir.

⁷⁹¹ Gardar que comer e non que facer.

⁷⁹² Gasta en viño o que lle has de dar o teu sobriño.

⁷⁹³ Gastar e non ter, non sei como poda ser.

Gato escaldado da auga fría escapa.

Verín.

Gato farto non é lambisqueiro.

*Gaviotas no mar, mariñeiros a pescar.

Vigo.

Gota mol en pedra dura tanto fai que fura.

Gota mol en pedra dura, tanto fas que furas.⁷⁹⁵

Mourasos.

Gracias a Dios co meu can cazou unha mosca i se a cazou comeuna.⁷⁹⁶

Grande é o demo e non hai quen o queira.⁷⁹⁷

Gondulfes.

Guarda pan pra maio e palla pra abril.

Guarda qué comer e non guardes qué facer.⁷⁹⁸

Guardia Civil e carabiñeiro: o máis malo de cada casa e o peor de cada *pueblo.

M. Novoa. Enfesta.

Ha cativos con fortuna e bos mozos sin ningunha.⁷⁹⁹

Ha de saír a racha á madeira anque o demo non queira.⁸⁰⁰

Ha de ser meu herdeiro quen me limpe o traseiro.

Ha de ter o que rico queira ser a ovella, a abella i a pedra que trebella, unha muller goberneira e unha vaca manteigueira.⁸⁰¹

⁷⁹⁴ Gastar e non ter non sei como pode ser.

⁷⁹⁵ Gota mol en pedra dura tanto fas que furas.

⁷⁹⁶ Gracias a Dios qu'o meu can cazou unha mosca y s'a cazou comeun-a.

⁷⁹⁷ Grand'e o demo e non hai quen-o queira.

⁷⁹⁸ Guarda que comer e non guardes que facer.

⁷⁹⁹ Ha cativos con fortuna e bós mozos sin ningunha.

⁸⁰⁰ Ha de sair a racha a madeira anque o demo non queira.

⁸⁰¹ Ha de ter o que rico queira ser a ovella a abella y-a pedra que trebella unha muller goberneira e unha vaca manteigueira.

Hai cativos con fortuna e bos mozos sin ningunha.⁸⁰²

Verín.

Hai forras que tiran coas casas.

Orense.

Hai homes, homiños, macacos e macaquiños.⁸⁰³

Hai moitos burros da mesma color do coiro.⁸⁰⁴

Verín.

Hai que dar e ter pra que nos veñan ver.

Hai que ganar cos dentes pra comer cas *encías.

Hai que xogar con xogadores, foder con putas e beber con borrachos.⁸⁰⁵

Hai sol que rega e auga que queima.

Has de gastar en viño o que lle has de deixar ós sobriños.

*Hasta as tres vai a loita.

D. V.

*Hasta morrer, aprender.

*Hasta o corenta de maio non quíte-lo saio.⁸⁰⁶

Verdad que muchos años tiene cumplimiento exacto. En el que corre de 1969 el día 26 de mayo en que escribo estamos todavía con brasero y ropas de invierno) (Seguimos con brasero el 1º de junio = Pero a lo que se ve este año el tiempo rebasa con sus fríos y lluvias la aseveración del refrán, pues hoy 17 de junio hubo que volver al brasero, después de unos días lluviosos y destemplados pero no tanto como este día febreril de 17 de junio.

*Hasta o corenta de maio, non *te quíte-lo saio.

⁸⁰² Hay cativos con fortuna e bos mozos sin ningunha.

⁸⁰³ Hay homes, homiños, macacos e macaquiños.

⁸⁰⁴ Outra ficha parece dicir Hai moitos burros da mesma color do carro.

⁸⁰⁵ Hai que xogar con xogadores foder con putas e beber con borrachos.

⁸⁰⁶ Hasta o corenta de maio non quítelo saio.

*Hasta o corenta de maio, non te quites o saio; e, si volve a chover, vólveo a poñer.

Bene. "O maio e 'os maios'". *Faro de Vigo* 2/5/71.

*Hasta que morra o arrieiro non se lle ven as matas ó burro.

*Hasta que non morre a besta non se sabe de quén son os aparellos.⁸⁰⁷

*Hasta que te acabes non te alabes.⁸⁰⁸
Gondulfes.

*Hasta san Antón Pascuas son.⁸⁰⁹

*Hasta sete tira, Pepe; e de sete pra riba, Pepe, tira.⁸¹⁰

*Hasta xaneiro, calquer burro avanta o regueiro, pro de xaneiro pra diante non hai can nin burro que o avante.⁸¹¹

Santiago.

Hastra o san Martiño, pinga o ramalliño, despois de san Martiño, fame e frío.⁸¹²

Lugo.

Hastra o xaneiro calquer vella ten fumeiro.⁸¹³

Lugo.

Haxa cornos e non se vexan.

Herba ruín non perece.

Trives.

Herbas e pecados nacen tódolos días.

Herdeiro novo, cadabullos fóra.⁸¹⁴

Herdeiro novo, mau ós cadabullos.⁸¹⁵

Home barbudo, home forzado.

Home borracho o fillo saca con tacho; ou ó nacer ou ó crecer.⁸¹⁶

⁸⁰⁷ Hasta que non morre a besta non se sabe de quen son os aparellos.

⁸⁰⁸ Hasta que t'acabes non t'alabes.

⁸⁰⁹ Hasta San Antón Pascuas son.

⁸¹⁰ Hastra sete tira Pepe e de sete pra riba, Pepe, tira.

⁸¹¹ Hasta xaneiro, calquer burro abanta o regueiro, pro de xaneiro pra diante non hay can nin burro que o abante.

⁸¹² Hastr'o san Martiño ping'o ramalliño despois de San Martiño fame e frío.

⁸¹³ Hastr'o xaneiro calquer vella ten fumeiro.

⁸¹⁴ Herdeiro novo, cadabullos fora.

⁸¹⁵ Herdeiro novo mau ós cadabullos.

Home casado, burro estropeado.

Home casado, home estropeado.

Home casado nin muller é.

Arnoya, Orense.

Home casado ten unha menos que conquistar.

Home coxo/roxo e can rabelo pra f.

Home de chanca e muller con criatura, quíteios Dios da miña xeitura.⁸¹⁷

Home de dous lugares, malas *cenas e piores xantares.⁸¹⁸

Home de fiadeiro, home retranqueiro.

Home de sábado e boi de *lunes.

Os homes ó sábado traballan, o lunes non, cansos da troula do domingo; os bois o lunes están descansados do domingo.

Home doente, home pra sempre.

Home escopeteiro, pouca meda e menos palleiro.⁸¹⁹

Hombre holgazán.

Home grande, patas de *alambre.

Home grande, pernas de *alambre.

Home lascivo, home perdido.

D. V.

Home mullereiro consigo acaba e co seu diñeiro.

Home novo e muller vella, un ou dous que veñan.⁸²⁰

Un ou dos fillos; non máis.

Home peludo, home forzado.

Home pequeno, fol de veneno.⁸²¹

Home pobre e parado causa *sospecha.

Home pobre, nin quieto nin calado.⁸²²

Home prevenido non é vencido.

⁸¹⁶ Home borracho ó fillo saca con tacho; ou ó nacer ou ó crecer.

⁸¹⁷ Home de chanca e muller con criatura quítellos Dios da miña xeitura.

⁸¹⁸ Home de dous lugares malas cenas e piores xantares.

⁸¹⁹ Home escopeteiro pouca meda e menos palleiro.

⁸²⁰ Home novo e muller vella un ou dous que veñan.

⁸²¹ Home pequeno fol de veneno.

⁸²² Home pobre nin quieto nin calado.

Home que arrastra o pé, vello é.

Home roxo e can rabelo pra fo...

Discurre entre los bermejos y su maldad Francisco Cascales en "Cartas philologicas" y cita a Marcial en su dístico: Crine ruber, niger pede, lumine luscus, Rem magnam, praestas Zoile, si bonus es. Y refiere chistes y donaires sobre la perversa cualidad de los rojos. Vease Folklore y Costumbres de España, I, 65 y 66.

Home sentado non fai bo mandado.⁸²³

D. V.

Home tramposo e muller mintireira, na casa de quen os queira.⁸²⁴

D. V.

Home valente e bota de viño pouco duran. (2)

Home valente e bota de viño pouco duran.⁸²⁵

Verín.

Home vello e muller nova, fillos *hasta a cova.⁸²⁶

Home vello e muller nova, *hasta a cova.

Que tienen hijos hasta muerte esposo.

Home xornaleiro, nin boa meda nin bo palleiro.⁸²⁷

Home xornaleiro, nin boa meda, nin bo palleiro.⁸²⁸

Honra e proveito non caben nun xeito.

D. V.

Horta de outono, mantén o seu dono.⁸²⁹

D.V.

Horta de san Martiño mantén o seu dono i o veciño.⁸³⁰

⁸²³ Home sentado non fai bó mandado.

⁸²⁴ Home tramposo e muller mintireira na casa de quen-os queira.

⁸²⁵ Home valente e bota de viño, pouco duran.

⁸²⁶ Home vello e muller nova, fillos hasta a cova.

⁸²⁷ Home xornaleiro nin boa meda nin bó palleiro.

⁸²⁸ Home xornaleiro nin boa meda nin bó palleiro.

⁸²⁹ Horta de outono mantén o seu dono.

⁸³⁰ Horta de San Martiño mantén o seu dono i o veciño.

D. V.

Ímola andando, que a festa vai boa.⁸³¹

Verín.

Ímola andando, que a festa vai boa.⁸³²

Inda é máis caro o pringue que o peixe.⁸³³

Verín.

Inda é máis caro o pringue que o peixe.⁸³⁴

Inda non asamos e xa pringamos.

Inda que ande o corpo cansado está o corazón regalado.

Inda que non haxa unha *blanca, que haxa unha planta.⁸³⁵

Lugo.

*Invidia non teñas, si queres ter paz.⁸³⁶

Verín

Irmaus seamos e que de comer teñamos.⁸³⁷

Ispir un santo pra vestir outro.⁸³⁸

Labor *feita ben parece.

Labor *feita ben parece.⁸³⁹

Verín.

Labrador de capa negra pouco suda.

Labrador, no abril, déixate ir *hasta a meixil.⁸⁴⁰

Refranes del Almanaque Agrícola ZZ – 1969.

Labradores novos, mal polos comareiros.⁸⁴¹

Lugo.

Labradores novos, mal polos comareiros.⁸⁴²

Lugo.

⁸³¹ Imola andando que a festa vai boa.

⁸³² Ímola andando que a festa vai boa.

⁸³³ Inda é mais caro o pringue que o peixe.

⁸³⁴ Inda é mais caro o pringue que o peixe.

⁸³⁵ Inda que non haxa unha blanca que haxa unha planta.

⁸³⁶ Invidia non teñas si queres ter paz.

⁸³⁷ Irmaus seamos e que de comer teñamos.

⁸³⁸ Yspir un santo pra vestir outro.

⁸³⁹ Labor feita, ben parece.

⁸⁴⁰ Labrador no abril deixate ir hasta o meixil.

⁸⁴¹ Labradores novos mal pol'os comareiros.

⁸⁴² Labradores novos mal polos comareiros.

Labradores novos, mal polos silveiros.
⁸⁴³

Lamber non é comer.

Lareira como sea, mais ó fin, tela. ⁸⁴⁴

Lareira como sea, pero ao fin, tela. ⁸⁴⁵
Verín.

Lareira como sea, pero, ó fin, tela. ⁸⁴⁶

Lázaro mollado, Páscoas enxoitas, ano
de froitas. ⁸⁴⁷

Lázaro mollado, Páscoas enxoitas, ano
de froitas.

Lebre espantallada non para mentras
cheire a espingarda.

Levantouse preguiña e puxo lume á
casiña. ⁸⁴⁸

Verín.

Levantouse preguiña e puxo lume na
casiña.

Leña verde e xente nova todo é fumo.

Liño de Holanda pesa e non anda. ⁸⁴⁹

Ulla.

Litro de leite por litro de aceite.

Orense.

Litro de viño, ola pequena e ferrado
grande. ⁸⁵⁰

Lonxe da vista, lonxe do curazón.

Lonxe dos ollos, lonxe do corazón.

Lúa, a de xaneiro; e cariño, o primeiro.
⁸⁵¹

Castrelo Val.

Lúa, a de xaneiro; e cariño, o primeiro.
⁸⁵²

Lúa a saír, marea a subir. ⁸⁵³

Faro de Vigo, 10/3/79.

Lúa con cerco, auga no rego. **(2)**

Lúa de xaneiro non ten compañeiro,
sinón a de agosto que lle dá no rostro.
⁸⁵⁴

Lúa nova e lúa vella, baixamar ás oito e
meia. ⁸⁵⁵

Faro de Vigo, 31/3/74.

Lúa nova e lúa vella, baixamar ás oito e
meia.

Faro de Vigo, 10/3/79.

Lúa nova trobexada, trinta días de
mollada. ⁸⁵⁶

Vigo.

Lúa nova tronada, trinta días mollada.
⁸⁵⁷

Lúa posta, baixamar na costa.

Faro de Vigo, 31/3/74.

Lume de monte, lume de vento; tan
pronto me enfrió como me quento. ⁸⁵⁸

Lume xunto a estopa, vén o demo e
sopra. ⁸⁵⁹

Machada de carpinteiro, calzón de
ferreiro, e filla de taberneiro non as
queiras por ningún diñeiro. ⁸⁶⁰

D. V.

Madeira de serra e pan de cazola nunca
sobra.

D. V.

Madeira serrada, prata labrada.

D. V.

Madrasca, a mellor queimala.

Madrasca, nin de cera nin de boa pasta.

Madrasta, nin de cera nin de pasta. **(2)**

Mágoas alleas matan os burros. ⁸⁶¹

Mágoas alleas matan os burros.

Verín.

⁸⁴³ Labradores novos mal polos silveiros.

⁸⁴⁴ Lareira como sea, mais o fin tela.

⁸⁴⁵ Lareira como sea, pero ao fin tela.

⁸⁴⁶ Lareira como sea pero ó fin tela.

⁸⁴⁷ Lázaro mollado Páscoas enxoitas ano de
froitas.

⁸⁴⁸ Levantouse preguiña é puxo lume á casiña.

⁸⁴⁹ Liño de Holanda, pesa e non anda.

⁸⁵⁰ Litro de viño ola pequena e ferrado grande.

⁸⁵¹ Lua a de xaneiro e cariño o primeiro.

⁸⁵² Lúa a de Xaneiro; e cariño o primeiro.

⁸⁵³ Lúa a saír, marea a subir.

⁸⁵⁴ Lúa de Xaneiro non ten compañeiro, sinon a
de agosto que lle dá no rostro.

⁸⁵⁵ Lúa nova e lúa vella baixamar ás oito e meia.

⁸⁵⁶ Lúa nova trobexada, trinta días de mollada.

⁸⁵⁷ Lúa nova tronada, trinta días mollada.

⁸⁵⁸ Lume de monte, lume de vento; tan pronto me
enfrio como me quento.

⁸⁵⁹ Lume xunto a estopa, ven o demo e sopra.

⁸⁶⁰ Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro, e
filla de taberneiro no nas queiras por ningún
diñeiro.

⁸⁶¹ Magoas alleas matan os burros.

Maio atreboado, ano temperado.
Refranes (del calendario “O
mintireiro verdadeiro” 1968).

Maio atreboado, ano temperado.
Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro
de Vigo* 2/5/71.

Maio atreboado e san Xoán craro fan
nun ano temperado.⁸⁶²
Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro
de Vigo* 2/5/71.

Maio, despondaio.⁸⁶³

Maio festeiro, bota a roca no
trasfugueiro.
Refranes (del calendario “O
mintireiro verdadeiro” 1968).

Maio longo, maio pardo, ano farto.
Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro
de Vigo* 2/5/71.

Maio louco, moitas verbenas e centeo
pouco.

Maio louro e san Xoán craro como o
ollo do galo.⁸⁶⁴
Bande.

Maio, maiolo io mes que vén *solo son
tres. Abril e abrilite io mes que
arremete son seis. San Xoán, san
Xoanés io mes en que nace o rapaz
son nove. Si señor, Vd sabe *leer.
Non señor, cada vez millor.⁸⁶⁵

Maio, maión, moitas frores e trebón.
Gaiteiro de Lugo, pro ano 1971.

Maio, mallar.⁸⁶⁶
Ref. en D. Eladio. Na aira do crego.

Maio me molla, maio me enxuga, maio
me bota á sepultura.
Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro
de Vigo* 2/5/71.

⁸⁶² Maio atreboado e S. Xoan craro, fan nun ano temperado.

⁸⁶³ Maio despondaio.

⁸⁶⁴ Maio louro e S. Xoán craro como o ollo do galo.

⁸⁶⁵ Maio, maiolo i-o mes que ven solo son tres, abril e abrilite i-o mes que arremete son seis, San Xoan, San Xoanés y-o mes en que nace o rapaz son nove. Si señor, Vd sabe leer, non señor cada vez millor.

⁸⁶⁶ Mallo, mallar.

Maio me molla, maio me enxuga, maio
me dá unha sacudidura antes de fame
que de fartura.⁸⁶⁷

(id.) Rubiós.

Maio me molla, maio me seca, maio me
dá unha sacudidura de fame, non de
fartura.⁸⁶⁸

Rubiós.

Maio me molla, maio me enxuga, maio
me dá unha sacudidura, ou me dá
fame, ou me dá fartura.⁸⁶⁹

Maio non endereita o ano.

Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro
de Vigo* 2/5/71.

Maio pardo carga bois e carro.

Maio pardo, san Xoán craro.⁸⁷⁰

Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro
de Vigo* 2/5/71.

Maio pardo, san Xoán craro, valen máis
as *cosechas do ano que os bois e o
carro.⁸⁷¹

Cuentan que un rey construyó un
carro y unos bueyes de oro y mandó
que todos vinieran a ver si algo
podía valer más que esto. Un
campesino entró tambien a verlo y
dijo este refrán que convenció al
rey.

Maio pardo, sinal de bo ano.⁸⁷²

Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro
de Vigo* 2/5/71.

Maio sin torbós é como home sin c...⁸⁷³

Maio turbo, san Xoán craro, fai un ano
moi temprado.⁸⁷⁴
Pontevedra.

⁸⁶⁷ Maio me molla, maio me enxuga, maio me da unha sacudidura antes de fame que de fartura.

⁸⁶⁸ Maio me molla, maio me seca, maio me da unha sacudidura de fame, non de fartura.

⁸⁶⁹ Maio me molla, maio me enxuga, maio me da unha sacudidura, ou me da fame ou me da fartura.

⁸⁷⁰ Maio pardo, S. Xoan craro.

⁸⁷¹ Maio pardo, san Xoán craro valen mais as cosechas do ano que os bois e o carro.

⁸⁷² Maio pardo, sinal de bó ano.

⁸⁷³ Maio sin torvós é como home sin c...

⁸⁷⁴ Maio turbo, S. Xoan craro, fai un ano moi temprado.

Maio un pouco frío, cría trigo; pero, si é moi frío, nin palla nin trigo.⁸⁷⁵

Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro de Vigo* 2/5/71.

Maio ventoso, ano fermoso.

Refranes (del calendario “O mintireiro verdadeiro” 1968).

Maio ventoso, ano fermoso.

Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro de Vigo* 2/5/71.

Maio ventoso, pró labrego fermoso e pró mariñeiro, penoso.

Máis dá o duro có *desnudo.⁸⁷⁶

Lugo.

Máis moscas xunta entena de mel que ola de vinagre.⁸⁷⁷

Máis quero ver a miña vaca morta que a xustiza na porta.

Máis vale calar que mal falar.⁸⁷⁸

Lugo.

Máis vale deixar a ruís que pedir a bós.⁸⁷⁹

Máis vale onza de trato que arroba de traballo.⁸⁸⁰

Inf de Baños de Molgas.

¡Máis vale pillo que pillado!⁸⁸¹

Lugo.

Máis vale podridas que mal comidas.

Máis vale pouco pecar que moito confesar.

Máis vale tarde que nunca.

Máis vale tarde que nunca.⁸⁸²

Máis vale ter que *desear.⁸⁸³

Máis vale ter que desexar.

Mal alongado, morte no cabo.

⁸⁷⁵ Maio un pouco frío, cría trigo, pero si é moi frío, nin palla nin trigo.

⁸⁷⁶ Mais da o duro qu'o desnudo.

⁸⁷⁷ Mais moscas xunta entena (=panal) de mel que ola de vinagre.

⁸⁷⁸ Mais vale calar que mal falar.

⁸⁷⁹ Mais vale deixar a ruís que pedir a bós.

⁸⁸⁰ Mais vale onza de trato que arroba de traballo.

⁸⁸¹ ¡Mais vale pillo que pillado!

⁸⁸² Mais vale tarde que nunca.

⁸⁸³ Mais vale ter que desear.

Mal anda o paxariño que anda nas mans do meniño.

Verín.

Mal anda o paxariño que anda nas maus do meniño.

Mal ano de *patatas, bo de viño.⁸⁸⁴

Mal de costas, peor de illargas.⁸⁸⁵

Mal de moitos, consolo de bobos.⁸⁸⁶

Mal do que morre, si ó ceo non vai, que o que hai logo se acaba e o pesar logo se vai.⁸⁸⁷

Mal do rato que *sólo sabe dun burato.

Mal fuxe quen a forza debe.

Mal lle vai á zorra cando anda ós grilos.

Mal lle vai á zorra cando as pitas se lle apoleiran no pescozo.

Mal lle vai ó raposo cando anda ós grilos.⁸⁸⁸

Vivero.

Mal me queren as comadres porque lle digo as verdades.

Mal que non cura, prá sepultura.⁸⁸⁹

Mal vai cando a fame entra pola *cuadra.

Maldito é o dente que come a semente.

Malhaia de can: que pouco agradeces o ben que che fan/que mal agradeces o pan que che dan.

Malia o dente que come a semente.

Malia o rato que non sabe senón un burato.⁸⁹⁰

D. V.

Malla feita, palleiro cerrado, fóra criado.

Malla feita, palleiro cerrado, fóra criado.⁸⁹¹

Mallando apréndese a mallar.

⁸⁸⁴ Mal ano de patatas bó de viño.

⁸⁸⁵ Mal de costas peor de illargas.

⁸⁸⁶ Mal de moitos consolo de bobos.

⁸⁸⁷ Mal do que morre si o ceo non vai, que o que hai logo se acaba e o pesar logo se vai.

⁸⁸⁸ Mal lle vai o raposo cando and'os grilos.

⁸⁸⁹ Mal que non cura, pra sepultura.

⁸⁹⁰ Malia o rato que non sabe senon un burato.

⁸⁹¹ Malla feita, palleiro cerrado, fora criado.

Mallando apréndese a mallar.⁸⁹²

*Manos que non dades ¿Que esperades?⁸⁹³

Marchou o día, marchou a romería.

Marranchiño/Porco/Porca de xaneiro vai ca súa mai ó fumeiro.⁸⁹⁴

Martes de Entroido e día de Pascua, cada larpeiro na súa casa.⁸⁹⁵

Lugo.

Martes lardeiro e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.⁸⁹⁶

Martes lardeiro e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.⁸⁹⁷

Marzo airoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que os bois e o carro.⁸⁹⁸

Marzo, espigarzo; abril, auga mil; maio pardo e san Xoán craro valen máis que os bois e o carro.⁸⁹⁹

Marzo iguarzo; o día coa noite i o pan co chaguazo.⁹⁰⁰

Mezquita.

Marzo, marcea, non queda cabra nin ovella, nin pastor coa súa *pelea, nin o lobo coas súas chancas, nin o can coas súas carlanças.⁹⁰¹

v) nin o can coa súa carranca nin o lobo coa súa zanca.

⁸⁹² Mallando, apréndese a mallar.

⁸⁹³ Manos que non dades ¿qué esperades?

⁸⁹⁴ Marranchiño/Porco/Porca de Xaneiro vai ca súa mai o fumeiro.

⁸⁹⁵ Martes de entroido e día de Pascua, cada larpeiro na súa casa.

⁸⁹⁶ Martes lardeiro e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.

⁸⁹⁷ Martes lardeiro e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.

⁸⁹⁸ Marzo airoso, abril chuvioso, maio pardo e S. Xoán claro valen máis que os bois e o carro.

⁸⁹⁹ Marzo, espigarzo; abril auga mil, maio pardo e S. Xoán craro valen máis que os bois e o carro.

⁹⁰⁰ Marzo iguarzo; o día coa noite io pan co chaguazo.

⁹⁰¹ Marzo, marcea, non queda cabra nin ovella nin pastor coa súa pelea nin o lobo coas suas chancas nin o can coas suas carlanças.

Marzo marceador, un día malo e outro peor.⁹⁰²

Marzo marceiro, pola mañán cara de can e pola tarde falangueiro.

Refranes (del calendario “O mintireiro verdadeiro” 1968).

Marzo marceiro, pon a troita no caneiro.⁹⁰³

O gaiteiro de Lugo, 1972.

Marzo marzaco, cabeza de gato, de oito bois que tiña deixáchesme catro.⁹⁰⁴

Rubiós.

Marzo marzal, o que non empezou ben, romata mal.⁹⁰⁵

Gaiteiro de Lugo, pro ano 1971.

Marzo marzal, virado e traidor; que matas a ovella e mailo pastor.

O gaiteiro de Lugo 1969.

Marzo, marzán, pola mañá cariña de rosa e pola tarde cara de can.

Marzo pardo, *señal de bo ano.⁹⁰⁶

Marzo sin trebós é un home sin collós.

Marzo venteiro e abril chuvasqueiro, enchen en maio de frores o eido.

Refranes del Almanaque Agrícola ZZ – 1969.

*Mas vale pau con amor que galiña con dolor.

Masa na artesa, pan na mesa.

Mata ó martes e a *luna non cates.

Matando porcas apréndese a matalas.

Maula comprar e maula vender.

Maula comprar e maula vender.

Verín.

Maus de *plata e bico de ouro.

Maus que non dades, ¿que buscades?⁹⁰⁷

Vivero.

Maus que non dades, ¿que esperades?

⁹⁰² Marzo, marceador, un día malo e outro peor.

⁹⁰³ Marzo, marceiro, pon a troita no caneiro.

⁹⁰⁴ Marzo, marzaco, cabeza de gato, de oito bois que tiña deixáchesme catro.

⁹⁰⁵ Marzo, marzal, o que non empezou ben, romata mal.

⁹⁰⁶ Marzo pardo señal de bó ano.

⁹⁰⁷ Maus que non dades qué buscades?

Mazá, troita e muller, que sexan frescas, si pode ser.⁹⁰⁸
 Mazarico ou zarrapito.
 Mazarocas ó canizo cada día 25.
 Mel e ben que non falte no belén.
 Lalín.
 Mentras a burra non paire, non se sabe que cría sal.⁹⁰⁹
 Mentras a nabiza está no nabo non te fíes do ceu estrelado.⁹¹⁰
 Mentras a viuda chora, outros cantan na voda.⁹¹¹
 Mentras auga leve o Miño, no Ribeiro non falta viño.⁹¹²
 Mentras auga leve o Miño, no Ribeiro non faltará viño.⁹¹³
 Orense.
 Mentras auga teña o Miño, no Ribeiro non falta viño.⁹¹⁴
 D. V.
 Mentras está o capador enriba dela, non digas que a porca é túa.
 Mentras esteas co Conde, non fagas ao home; porque morre o Conde e queda o home.⁹¹⁵
 Mentras estou ca nai non estou ca filla.
 D. V.
 Mentras hai vida, hai esperanza.
 Mentras haxa lingoa e dedo, non hai muller que me meta medo.⁹¹⁶

⁹⁰⁸ Mazá, troita e muller que sexan frescas, si pode ser.

⁹⁰⁹ Mentras a burra non paire non se sabe que cria sal.

⁹¹⁰ Mentras a nabiza está no nabo non te fíes do ceu estrelado.

⁹¹¹ Mentras a viuda chora outros cantan na boda.

⁹¹² Mentras auga leve o Miño no Ribeiro non falta viño.

⁹¹³ Mentras auga leve o Miño no Ribeiro non faltará viño.

⁹¹⁴ Mentras auga teña o Miño no Ribeiro non falta viño.

⁹¹⁵ Mentras esteas co Conde, non fagas ao home; porque morre o Conde e queda o home.

⁹¹⁶ Mentras haxa lingoa e dedo non hai muller que me meta medo.

Mentras levantan o pau descansa o lombo.
 Mentras meu pai viviu, atrás, atrás, cando o meu pai morreu, adiante, adiante.⁹¹⁷
 Mentras non vas déixate estar.
 Mentras o home pensa, a muller dá que pensar.
 Mentras o pau vai e vén, descansa o lombo.⁹¹⁸
 Mentras se capa non se asubía.
 Mentras tempo non vén, sazón non pasa.⁹¹⁹
 Mes de Nadal, mes de capón a carón do lar.⁹²⁰
O gaiteiro de Lugo, 1972.
 Mes de san Xoán e san Pedro, dice o día: "Máis non medro".⁹²¹
Gaiteiro de Lugo, pro ano 1971.
 Mes de san Xoán, mes de fogatas, sardiñas e pan.⁹²²
O gaiteiro de Lugo, 1972.
 Mes mediado, mes semellado.
 Mes promediado, mes semellado.
 Millo, millón, quince días debaixo do terrón.
 Millor é calar que con burros falar.
 Miña casiña, meu lar, quen che gabou non che soupo gabar.
 Miras o que bebo e non a sede que teño.
 Mociñas ó san Brais que festiñas non hai máis.⁹²³
 V) Acudinde, mociñas, o San Blais...
 Moi amiguiños, moi bos compadres, si, pero a vaquiña polo que vale.⁹²⁴

⁹¹⁷ Mentras meu pai viviu, atrás, atrás, Cando o meu pai morreu, adiante, adiante.

⁹¹⁸ Mentras o pau vai e ven descansa o lombo.

⁹¹⁹ Mentras tempo non ven sazón non pasa.

⁹²⁰ Mes de Nadal, mes de capón acarón do lar.

⁹²¹ Mes de S. Xoán e S. Pedro, dice o día: "Mais non medro".

⁹²² Mes de San Xoán, mes de fogatas, sardiñas e pan.

⁹²³ Mociñas o San Blas que festiñas non hai mais.

Moitas augas en maio tran mal ano.⁹²⁵
Bene. “O maio e ‘os maíos’”. *Faro de Vigo* 2/5/71.

Moitas *limosnas non fan un xantar.

Moitas paradas fan os días pequenos.⁹²⁶

Moito come o tolo e máis tolo quen llo dá.⁹²⁷

Lugo.

Moito e ben non hai quen.

Moito e ben non o fai ninguén.⁹²⁸

Moito fai quen non estorba.

Moitos poucos fan un moito.

Mol e mol enche a galiña o fol.⁹²⁹

Morra Marta, morra farta.

Morre o home e fica a fama.

Mateo de Pazos.

Morrendo e aprendendo.

Morreu o can, morreu a raiba.

Morte de un, esterco de outro.⁹³⁰

Morte non veñas que achaque non teñas.

Orense.

Morte ou casamento desfai o arrendamento.

Mortos non pagan *deudas.

Moza pobre ben vestida, ¡mal me cheira a chamusquina!⁹³¹

Moza que non arranxa mozo en maio, non o arranxa en todo o ano.⁹³²

Mozo de vila, regalo de aldea, Dios che llos de a quen os *desea.⁹³³

Celanova.

⁹²⁴ Moi amiguiños, moi bós compadres, sí, pero a vaquiña polo que vale.

⁹²⁵ Moitas augas en maio, tran mal ano.

⁹²⁶ Moitas paradas fan os días pequenos.

⁹²⁷ Moito come o tolo e mais tolo quen llo da.

⁹²⁸ Moito e ben nono fai ninguén.

⁹²⁹ Mol e mol enche a galiña o fol.

⁹³⁰ Morte de un esterco de outro.

⁹³¹ Moza pobre ben vestida mal me cheira a chamusquina!

⁹³² Moza que non arranxa mozo en maio, nono arranxa en todo o ano.

⁹³³ Mozo de vila, regalo de aldea Dios che llos de a quenos desea.

Mulas e muletas entran cas *mismas letras.

Mulas, mulleres e muletas empezan coas *mismas letras.

Muller casada, pola noite vacía e á mañá preñada.⁹³⁴

Muller composta saca o marido da porta.⁹³⁵

Muller de cego que se compón moito non se compón pra el, que se compón pra outro.⁹³⁶

Porquera.

Muller de costas e pau de punta non creba nunca.

Muller de costas e pau de punta non quebran nunca.

Muller de *espalda e pé de punta non quebra nunca.

Muller delgada, ben enconada.

Muller delgada de tres meses preñada.

Muller delgada, muller enconada.

Muller doente, muller pra sempre.

Muller e besta a naide se empresta.

D. V.

Muller enclenque dura sempre.

Muller *flaca, cona de vaca.

Muller morta non fala.

Muller morta, sete á porta.⁹³⁷

Muller panza arriba e home posto ó revés non sei qué fan que lle dan moito ós pés.⁹³⁸

Muller que asubía e pita que canta córtalle a *garganta.

Muller que ó andar colea, algo *desea.⁹³⁹

⁹³⁴ Muller casada pola noite vacía e a mañá preñada.

⁹³⁵ Muller composta saca o marido da porta.

⁹³⁶ Muller de cego que se compón moito non se compón pra el que se compón pra outro.

⁹³⁷ Muller morta sete á porta.

⁹³⁸ Muller panza arriba e home posto o revés non sei que fan que lle dan moito os pés.

⁹³⁹ Muller que ó andar colea algo desea.

Muller que sabe latín e burra que fai jin, jín, líbranos, Señor, dela hastra o fin.⁹⁴⁰

Coruña.

Muller que *sepa latín e besta que diga in apárteios Dios de min.⁹⁴¹

Muller que *silba e fía de pé nunca boa é.

D. V.

Muller *reideira, ou puta ou peideira.⁹⁴²

Mulleres, mulas e muletas escríbense todas coas *mismas letras.

Na aira que non é miña que malle quen queira.

Na Ascensión mete a cunca no cerrón.

Ya se puede llevar la cunca quien pastorea para tomar la leche en el monte.

Na botica e no ferreiro non collas nada coa mau.

Na casa allea o que ben está, ben estea.⁹⁴³

Na casa allea o que ben está, ben estea.

Na casa daquil home o que non traballa non come.

Na casa do carpinteiro a porta no chau.

Na casa do carpinteiro sentarse no chau.

Vivero.

Na casa do cura cando non chove, barruza.

Vivero.

Na casa do ferreiro coitelo de pau.

Na casa do ferreiro, coitelo de pau; e na do carpinteiro, a porta no chau.⁹⁴⁴

Na casa do ferreiro, coitelo de pau; na casa do carpinteiro, sentado/séntate no chau.⁹⁴⁵

⁹⁴⁰ Muller que sabe latín e burra que fai jin, jín, líbranos, Señor, dela hastra o fin.

⁹⁴¹ Muller que sepa latín e besta que diga in apartellos Dios de min.

⁹⁴² Muller reideira ou puta ou peideira.

⁹⁴³ Na casa allea o que ben está ben estea.

⁹⁴⁴ Na casa do ferreiro coitelo de pau e na do carpinteiro a porta no chau.

Na casa do ferreiro, non tentar e, na botica, non probar.⁹⁴⁶

Na casa do ferreiro non tentar. Na botica non probar.

Vivero.

Na casa do probe que dá do que ten, puntada curta i asentar ben.⁹⁴⁷

Fala o sastre. Vivero.

Na casa do rezador non poñas o trigo ó sol; e na do que non reza, nada, nin trigo nin palla.⁹⁴⁸

Na casa do rico que fai mala vida, puntada longa i acabar axiña.⁹⁴⁹

Na casa do rico que fai mala vida, puntada longa i acabar axiña. Na casa do probe que dá do que ten, puntada curta i asentar ben.⁹⁵⁰

Fal'o sastre.

Na casa onde non hai fariña todo se volve riña.

Na mesa de san Francisco, o que hai pra catro, chega pra cinco.⁹⁵¹

Na mocedá e roupa rachada todo engarra.

D. V.

Na sega, sega o pan e vaite ó río a bañar.⁹⁵²

O gaiteiro de Lugo, 1972.

Na semana da Ascensión, tres días carne e tres días non.

⁹⁴⁵ Na casa do ferreiro coitelo de pau na casa do carpinteiro sentado/séntate no chau.

⁹⁴⁶ Na casa do ferreiro non tentar e na botica non probar.

⁹⁴⁷ Na casa do probe que dá do que ten puntada curta i-asentar ben.

⁹⁴⁸ Na casa do rezador non poñas o trigo ó sol; e na do que non reza nada nin trigo nin palla.

⁹⁴⁹ Na casa do rico que fai mala vida, puntada longa i-acabar axiña.

⁹⁵⁰ Na casa do rico que fai mala vida puntada longa y-acabar axiña. Na casa do probe que dá do que ten puntada curta y-asentar ben.

⁹⁵¹ Na mesa de San Francisco o que hai pra catro, chega pra cinco.

⁹⁵² Na sega, sega o pan e váite o río a bañar.

Na semana de Ramos lava os teus
panos, que na *Pasión ou os lavarás
ou non.⁹⁵³

Na semana de Ramos lava os teus
panos, que na *Pasión ou os lavarás
ou non.⁹⁵⁴

Na semana de Ramos, lavarás os teus
panos. Na semana de *Pasión
lavaralos ou non.⁹⁵⁵
Vivero.

Na taberna, beber moito e parar pouco.
Na terra de aquel home o que non
traballa non come.

Na terra dos cegos o que ten un ollo é o
amo.

Na terra dos lobos hai que oubear coma
eles.

Na terra dos lobos oubear coma eles.

Na terra dos lobos oubear coma todos.

Na terra dos ollapés o que ten un ollo é
rei.

Na Xironda cada un paga a súa ronda.
⁹⁵⁶

Nabos e fidalgos, raros.

D. V.

Nace o corvo na pena e tira pr'ela.

Lugo.

Naceu rico pero quedou no camiño.

Nadal e xaneiro, medio santeiro.⁹⁵⁷

Naide as faga que tarde ou cedo se
paga.

Naide se afoga no vrau, nin sinte frío en
xaneiro, nin coitas, nin soedades na
compaña do gaitero.⁹⁵⁸

Naide vai ó río que non se molle.⁹⁵⁹

⁹⁵³ Na Semana de Ramos lava os teus panos que
na Pasión ou os lavarás ou non.

⁹⁵⁴ Na Semana de Ramos lava os teus panos que
na Pasión ou os lavarás ou non.

⁹⁵⁵ Na semana de Ramos lavarás os teus panos Na
semana de Pasión lavaral'os ou non.

⁹⁵⁶ Na Xironda cada un paga a sua ronda.

⁹⁵⁷ Nadal e Xaneiro medio santeiro.

⁹⁵⁸ Naide se afoga no vrau, nin sinte frío en
Xaneiro, nin coitas, nin soedades na compaña do
gaitero.

⁹⁵⁹ Naide vai o río que non se molle.

D. V.

Nalleo souto, un pau ou outro.⁹⁶⁰

Nariz *longa, boa candonga; nariz
chata, boa muchacha.⁹⁶¹

Nas aldeas: ruís comidas e peores ceas.

Nas alturas os machadazos parecen
molduras.

Nas túas leiras non madrugues moito
que *coví o sol vela traballallas polo
mediodía.⁹⁶²

Polo mediodía.

*Navidad e xaneiro, inverno enteiro.⁹⁶³

Nebaceira en Cota, auga á porta.⁹⁶⁴

Néboa na Marea, chuvia na barreira.

Entrimo.

Néboa no Padornelo, sardiñas no
garabelo.

Foz.

Néboa no *valle, pescador á *calle.

Faro de Vigo 31/3/74.

Néboas rubias ó nacente, leva os bois ó
lameiro e vente.⁹⁶⁵

Néboas rubias ó sol nado, tempo
desgobernado.⁹⁶⁶

Nena, coma non vaías ó san Ramón de
Anllada, non contes con mozo antes
da malla.⁹⁶⁷

San Ramón de Andalla, Pontevedra.

⁹⁶⁰ Nalleo souto un pau ou outro.

⁹⁶¹ Nariz longa boa candonga; nariz chata boa
muchacha.

⁹⁶² Nas tuas leiras non madrugues moito que coví
o sol vela traballallas polo mediodía.

A estrañeza deste refrán impídenos lelo de maneira
coherente. Se consideramos que *traballallas* está
por *traballalas* ou polo dialectal *traballaías*, podía
ter algo de sentido, pero, mesmo así, unha parte do
refrán seguiría sendo opaca. Non coñecemos
paralelos que nolo aclaren.

⁹⁶³ Navidad e xaneiro inverno enteiro.

⁹⁶⁴ Nebaceira (= niebla) en Cota auga á porta.

⁹⁶⁵ Névoas rubias ó nacente, leva os bois o
lameiro e vente.

⁹⁶⁶ Néboas rubias ó sol nado tempo desgobernado.

⁹⁶⁷ Nena, coma non vaías o San Ramón de
Andalla, non contes con mozo antes da malla. O
san Ramón ten unha romaxe de moita sona o 31
de agosto en Arcos de Furcos (Cuntis).

Nena que de si non torna, é porta sin taravelo.

D. V.

Neno mimadiño, neno perdidíño.

D. V.

Nesta vida caduca o que non traballa non manduca.

Neste mundo fandanguero -o que ten c... ten traballo- e o que ten c... ten diñeiro.

Neste mundo o animal peor é o home.

Neste mundo redondo o que non nada vai ó fondo.

Neve enriba da lama, vén a chuvia e faille a cama.⁹⁶⁸

Neve febreiriña, mala veciña.⁹⁶⁹

Neve febreiriña, pícaia a galiña.⁹⁷⁰

D. V.

Neve na costa, chuvia na porta.

N'hai pera que non madureza.

Vivero.

*Niebla arrastrada, ós tres días mollada.⁹⁷¹

*Niebla no mes de agosto, nin bo nabal nin bo magosto.⁹⁷²

Si *sudás no maio, terás pan pra o ano.
¹⁸⁷⁵

Faro de Vigo.

Si *te casas con un ricachón non lle
mires o corazón.

Si te morde a doniña busca sábana e
aixadiña.

Si te morde a doniña prepara a
sabaniña.

Si te morde o escamparón busca a
sábana e o aixadón.

Si te morde o escorpión prepara o
aixadón.

Si te pica o alacrán, bebe viño e come
pan que mañá che enterrarán; si che
morde unha doniña, prepara a
sabaniña.¹⁸⁷⁶

Si *te pican os collóns, tres días bons.
¹⁸⁷⁷

Si te roe a delociña, colle a pa e anda
axiña.¹⁸⁷⁸

Vivero.

¹⁸⁷² Si S. Xoán chora a silveira non da moras.

¹⁸⁷³ Si Santa Comba chora, é que o inverno vai
fora. Si rí e que o inverno ven ahí. Que ría ou que
chore, que deixe de chorar. Por S. Xulián a mitá
do inverno está sin pasar.

¹⁸⁷⁴ Si se ll'ha de dar o diaño dasell'o gado.

¹⁸⁷⁵ Si sudas no Maio, terás pan pra o ano.

¹⁸⁷⁶ Si te pica o alacrán bebe viño e come pan que
mañá che enterrarán; si che morde unha doniña
prepara a sabaniña.

¹⁸⁷⁷ Si te pican os collóns tres días bons.

¹⁸⁷⁸ Si te roe a delociña coll'a pa e and'axiña.

Si te roe a sacabeira, chama o cura á
cabeceira.¹⁸⁷⁹

Lugo.

Si te roe o alacrán, busca cera e busca
pan.¹⁸⁸⁰

Lugo.

Si te roe o alacrán busca viño e busca
pan que mañá te enterrarán.¹⁸⁸¹

Lugo.

Si te roe o alacrán, chama o cura i o
sancristán.¹⁸⁸²

Si te roe o alacrán, colle leña e coce
pan, que mañá te enterrarán.¹⁸⁸³

Lugo.

Si ten contas, non ten conta; si non ten
contas, ten conta.¹⁸⁸⁴

Se dice al comprar un cabrito que si
tactando la columna vertebral se le
aprecian las vértebras está delgado
no tiene cuenta; a la inversa si.

Si téis moito calor, métete nun tambor.
¹⁸⁸⁵

Si tes moito frío, métete no río.¹⁸⁸⁶

Si tu es Brais, eu son máis. Si tu es p...,
eu son máis.¹⁸⁸⁷

Lugo.

Si vas a Untes, bebe viño e non
pergundes.¹⁸⁸⁸

Si vén auga diante o vento, carga, aferra
e mete drento.¹⁸⁸⁹

Vivero.

Si ves moito ourizo, non fagas carrizo.

¹⁸⁷⁹ Si te roe a sacabeira cham'o cur'a cabeceira.

¹⁸⁸⁰ Si te roe o alacrán busca cera e busca pan.

¹⁸⁸¹ Si te roe o alacrán busca viño e busca pan que
mañá t'enterrarán.

¹⁸⁸² Si te roe o alacrán cham'o cura y-o sancristán.

¹⁸⁸³ Si te roe o alacrán colle leña e coce pan que
mañá t'enterrarán.

¹⁸⁸⁴ Si ten contas non ten conta; si non ten contas
ten conta.

¹⁸⁸⁵ Si téis moito calor métete nun tambor.

¹⁸⁸⁶ Si tes moito frío, métete no río.

¹⁸⁸⁷ Si tu es Brais eu son mais. Si tu eres p... eu
son mais.

¹⁸⁸⁸ Si vas a Untes bebe viño e non pergundes.

¹⁸⁸⁹ Si ven auga diante o vento carga, aferra e
mete drento.

Sin bolsa chea nin rubia nin morena.
 Sin cordel e compás boa cousa non farás.
 Sin sangue non se poden facer sangueiras.
 Sin ver non querer.
 Sogra, mando e doutor, canto máis lonxe, millor.¹⁸⁹⁰
 Sogros e porcos *sólo son bos despois de mortos.¹⁸⁹¹
 Soio non rouba e non fode quen non pode.
 Baños de Molgas.
 Sol barbado, nordeste ó rabo.
 Lugo.
 Sol barbado, vendaval duro.
 Lugo.
 Sol madrugadeiro, chuvia no quinteiro.
 D. V.
 Sol madrugadeiro mete o can no palleiro.¹⁸⁹²
 Sol madrugador e cura *callexeiro nin o cura é bo nin o sol duradeiro.¹⁸⁹³
 Almoite.
 Sol madrugador, home rezador e muller cortés, eu renego deles tres.¹⁸⁹⁴
 Santiago.
 Sol na aira e auga no lameiro non pode ser. (2)
 Sol tempraneiro, auga no palleiro.
 Solteiro coarentón: que sorte tés, ladrón.
 Sombreiro que o noivo leva era do pai do avó.¹⁸⁹⁵
 Sombreiro ó pombo, capital ó ombro.¹⁸⁹⁶

¹⁸⁹⁰ Sogra, mando e doutor, canto máis lonxe millor.

¹⁸⁹¹ Sogros e porcos sólo son bós despois de mortos.

¹⁸⁹² Sol madrugadeiro mete ó can no palleiro.

¹⁸⁹³ Sol madrugador e cura callexeiro nin o cura é bó nin o sol duradeiro.

¹⁸⁹⁴ Sol madrugador, home rezador e muller cortés eu renego deles tres.

¹⁸⁹⁵ Sombreiro que o noivo leva era do pai do avó.

¹⁸⁹⁶ Sombreiro ò pombo capital ò hombro.

Vivero.
 Somos amigos no tempo dos figos.
 Somos amigos no tempo dos figos; somos irmaus no tempo dos paus.¹⁸⁹⁷
 Son máis as voces que as noces.¹⁸⁹⁸
 Tal é o carro da Madanela, tales son os fungueiros que leva.¹⁸⁹⁹
 Lugo.
 Tales letras, tales nabos.
 Tan bo é xaneiro como febreiro.¹⁹⁰⁰ (2)
 Tan honrado é o caldo como as castañas.
 Tan honrado é o saco como as atalladas.¹⁹⁰¹
 Vivero.
 Tan honrado é Xan como Pericán.
 Tan largo foi o día coma romaría.
 Tan limpa é a miña nora que *hasta os allos lava.
 Refranes (del calendario “O mintireiro verdadeiro” 1968).
 Tantas veces vai o xarro á fonte que dunha vez rompe.¹⁹⁰²
 Gondulfes.
 Tanto é xaneiro como febreiro.
 Tanto é xaneiro como febreiro.¹⁹⁰³
 Tanto en febreiro no solleiro, tanto en marzal no braseiro.
 Tanto leva saco longo coma saco redondo.
 Tanto lle quer o demo ós fillos que lle quita os ollos.
 Tanto lle tarda a saúde ó enfermo que cando lle vén non ten remedio.¹⁹⁰⁴

¹⁸⁹⁷ Somos amigos no tempo dos figos; somos hirmaus no tempo dos paus.

¹⁸⁹⁸ Son mais as voces que as noces.

¹⁸⁹⁹ Tal e o carro da Madanela tales son os fungueiros que leva.

¹⁹⁰⁰ Tan bó e xaneiro como febreiro. (2)

¹⁹⁰¹ Tan honrado e-o saco com-os atalladas.

¹⁹⁰² Tantas veces vai o xarro á fonte que d'unha vez rompe.

¹⁹⁰³ Tanto é xaneiro, como febreiro.

¹⁹⁰⁴ Tanto lle tarda a saúde ó enfermo que cando lle ven non ten remedio.

Tanto merece quen atiza o tizón como o
que cava o terrón.¹⁹⁰⁵

Lugo.

Tanto traballar pra andar descalzo.

Tanto vales, tanto tes.

Tapa, masa, en canto o caldeireiro pasa.

Tarde [de] vento non salga[s] de caza
que perdes o tempo.¹⁹⁰⁶

Tardes de marzo, recolle o teu gando.

Refranes (del calendario “O
mintireiro verdadeiro” 1968).

Tella de irexa ouro gotexa.

Vivero.

Tempo contado, logo pasa.

Lugo.

Tempo de neve, tempo alegre.¹⁹⁰⁷

Tempo, vento, muller e fortuna, presto
se muda.

Temporal no marzo, fruto no xunio.

Ten burro e anda a pé máis burro é.¹⁹⁰⁸

Ten pote grande na casa, anque nada
teña dentro.¹⁹⁰⁹

Ten quen ten -dice a *campana de
Quende.¹⁹¹⁰

Lugo.

Tendo cartos márchanse; o capital
queda.

Tendo salú e comendo ben, o traballo
non mata a ninguén.¹⁹¹¹

Tente masa, mentras o caldeireiro pasa.

Tente quieto, Sanguñedo, que por riba
está Piornedo.¹⁹¹²

Teña eu porcos anque non teña ollos.

De D. Eladio III, 170,171.

¹⁹⁰⁵ Tanto merece quen atiza o tizón com'o que
cava o terrón.

¹⁹⁰⁶ Tarde vento non salga de caza que perdes o
tempo.

¹⁹⁰⁷ Tempo de neve tempo alegre.

¹⁹⁰⁸ Ten burro e anda a pé mais burro é.

¹⁹⁰⁹ Tén pote grande na casa, anque nada teña
dentro.

¹⁹¹⁰ Ten quen ten dice a campana de Quende.

¹⁹¹¹ Tendo salú e comendo ben o traballo non
mata a ninguén.

¹⁹¹² Tente quieto Sanguñedo que por riba está
Piornedo.

Terra da puta o que non traballuca non
enxuca.

Terra que dá o cardo pra min ia guardo,
ia que dá o espiño pró meu veciño.¹⁹¹³

Lugo.

Terra sin abono acaba co seu dono.¹⁹¹⁴

Ti que me levas eu que me axudo.¹⁹¹⁵

Tu que me levas, eu que me axudo.¹⁹¹⁶

Verín.

Ti que non podes, lévame ás costas.

Toda carne come o lobo menos a súa
que lambe.¹⁹¹⁷

D. V.

Todo é toxo, e por rozar.¹⁹¹⁸

Todo o mundo sabe o que eu teño, pero
non sabe o que eu debo.

Todo o que cai na rede é peixe.

Todo pode ser menos gardar unha
muller, si ela quere.

Todos me queren porque son de
Audencia. Léveche o demo tal
convenencia.¹⁹¹⁹

Lugo.

Todos me saben do viño que bebo pero
non saben da sede que eu teño.¹⁹²⁰

Tomáramos nós pra pan e ir ós guizos.¹⁹²¹

Torcer pra dentro, andar de trencos;
torcer pra fóra, andar que namora.¹⁹²²

Touca negra non saca anima de pena.

Lugo.

Touza que nin dá lobo seica te amolo.

¹⁹¹³ Terra que da o cardo pra min y-a guardo y-a
queda o espiño pr'o meu veciño.

¹⁹¹⁴ Terra sin abono acaba co seu dono.

¹⁹¹⁵ Ti que me levas eu que me axudo.

¹⁹¹⁶ Tu que me levas, eu que m'e axudo.

¹⁹¹⁷ Toda carne come o lobo menos a sua que
lambe.

¹⁹¹⁸ Todo e toxo, e por rozar.

¹⁹¹⁹ Todos me queren porque son d'Audencia.
Levech'o demo tal convenencia.

¹⁹²⁰ Todos me saben do viño que bebo pero non
saben da sede qu'eu teño.

¹⁹²¹ Tomáramos nós pra pan e ir ós guizos.

¹⁹²² Torcer pra dentro, andar de trencos; torcer pra
fora andar que namora.

Traballando e sin traballar, non hai
millor viño que o que bebo sin pagar.
¹⁹²³

Traballar, que traballe o demo, que ten
boas uñas.
¹⁹²⁴

Trampas non pagan *deudas.
Gondulfes.
¹⁹²⁵

Tras das risas veñen os choros.
¹⁹²⁶

Tras do perdido, n' hai que ir buscar.
¹⁹²⁷

Gondulfes.

Trata en novelas e ara con vacas vellas.

Trata en pan e serás capitán.

Trata en sardiña e comerás galiña.

Trata en viño e serás mezquiño.

Tratas en viño, serás mazcaíño; tratas
en pan, serás capitán.
¹⁹²⁸

Lugo.

Tres anos de can novo, tres anos de bo
can, tres anos de can vello, tres anos
de mal can.
¹⁹²⁹

Verín.

Tres anos de can novo, tres anos de bo
can, tres anos de can vello, tres anos
de mal can.

Tres veces nove, vinteseite: quen non
pode non promete.
¹⁹³⁰

Tripas e casamento, en quente.
¹⁹³¹

Tristezas non pagan *deudas.

Tronos en agosto, millor mosto.
¹⁹³²

Tu *crees que a carriza *anida nun
*alambre e *anida nos buracos das
paredes.
¹⁹³³

¹⁹²³ Traballando e sin traballar non hai millor viño
que o que bebo sin pagar.

¹⁹²⁴ Traballar que traballe o demo que ten boas
uñas.

¹⁹²⁵ Trampas, non pagan *deudas.

¹⁹²⁶ Tras d'as risas veñen os choros.

¹⁹²⁷ Tras do perdido, n'hai qu'ir buscar.

¹⁹²⁸ Tratas en viño serás mazcaíño, tratas en pan
serás capitán.

¹⁹²⁹ Tres anos de can novo, tres anos de bó can,
tres anos de can vello, tres anos de mal can.

¹⁹³⁰ Tres veces nove vinteseite: quen non pode non
promete.

¹⁹³¹ Tripas e casamento en quente.

¹⁹³² Tronos en agosto millor mosto.

Tu que me levas i eu que te axudo
vámo-los dous, cabo do mundo.
¹⁹³⁴

Lugo.

Tu, que non podes, lévame ás costas.
¹⁹³⁵

Tu, que o sabes, i eu que o sei, cálate tu
que eu calarei.
¹⁹³⁶

Un coartillo de leite por un de aceite.

Un día é un día e un home é un home,
non é unha ovella.
¹⁹³⁷

Lugo.

Un é pouco, dous está ben e tres están
de máis.
¹⁹³⁸

Un fillo é un susto; dous, un gusto; tres,
o xusto e catro, o farto.
¹⁹³⁹

Un grolíño de augardente pon o
estómago quente e fai ó home forte e
valente.

Un home non chora inda que leve as
tripas fóra.
¹⁹⁴⁰

Un home *sólo chora cando ten as
tripas fóra.
¹⁹⁴¹

Un n' é ningún.
¹⁹⁴²

Verín.

Un no coiro i outro no lavadoiro.
¹⁹⁴³

Un non e ningún e dous son un.

Un ollo no prato e outro no gato.

O gaiteiro de Lugo, ano 1966.

Un pega, outro ten, i outro mira si vai
ben.
¹⁹⁴⁴

¹⁹³³ Tu crees que a carriza anida nun alambre e
anida nos buracos das paredes.

¹⁹³⁴ Tu que me levas y-eu que t'axudo vamol-os
dous, cabo do mundo.

¹⁹³⁵ Tu, que non podes, lévame as costas.

¹⁹³⁶ Tu, qu'o sabes, y-eu qu'o sei, calate tu qu'eu
calarei.

¹⁹³⁷ Un dia e un dia e un home, e un home non e
unha ovella.

¹⁹³⁸ Un é pouco, dous está ben e tres están de
mais.

¹⁹³⁹ Un fillo é un susto; dous un gusto, tres o xusto
e catro o farto.

¹⁹⁴⁰ Un home non chora inda que leve as tripas
fora.

¹⁹⁴¹ Un home sólo chora, cando ten as tripas fora.

¹⁹⁴² Un n' é ningún.

¹⁹⁴³ Un no coiro y-outro no lavadoiro.

Gondulfes.
Un porco é unha botica.
De D. Eladio III, 170,171.
Un si é ningún.¹⁹⁴⁵
Un vello que se casou, pola nariz á
muller tirou.¹⁹⁴⁶
Unha anduriña non fai vrau.
Unha besta non quer outra.
Verín.
Unha besta non quere outra.
Unha camisa na pedra e outra no
lombo.
Unha camisa na pedra e outra no
lombo.
Verín.
Unha cousa é predicar e outra dar trigo.
Unha cuarta de calzón vale un millón.
Vivero.
Unha filla é unha marabilla; dúas, boas
son; e tres e a nai, volven tolo o pai.
¹⁹⁴⁷
Unha fouce non fai sega.
Unha mai mantén vinte fillos e vinte
fillos non manteñen a unha mai.
Unha man lava a outra e as dúas lavan a
cara.¹⁹⁴⁸
Necesidad de cooperacion.
Unha mancha de unha mora con outra
verde se quita.
Unha morta, sete á porta.
Unha mosca sola non fai vrau.
Unha pega, outra ten e outra mira si vai
ben.
Unha vez te casarás e mil te
arrepentirás.
Unha viña quere outra viña.
Unhos nacen con estrela e outros nacen
estrelados.
Uns erguen a caza e outros ia matan.¹⁹⁴⁹

¹⁹⁴⁴ Un, pega outro ten y-outro mira si vai ven.

¹⁹⁴⁵ Un sí é ningún.

¹⁹⁴⁶ Un vello que se casou, pola nariz á muller tirou.

¹⁹⁴⁷ Unha filla é unha maravilla; duas, boas son; e tres e a nai, volven tolo o pai.

¹⁹⁴⁸ Unha mau lava a outra e as duas lavan a cara.

D. V.
Urdir e tecer non pode ser.
D. V.
Vaca alabada, leite nos cornos.
Vaca de Manzalvos e muller da
Mezquita, quita, quita.
Vaca de moitos, ben muxida e mal
mantida.
Vaca estrullada, nin leite, nin crianza.
¹⁹⁵⁰
Vaca gabada, leite nos cornos.¹⁹⁵¹
Vilela.
Vacas de Ponferrada/da Cancelada,
moito ubre e pouca canada.¹⁹⁵²
Lugo.
Vacas de Trives e mulleres da
Mezquita, quita, quita.
Vacas gordas, leite nos cornos.¹⁹⁵³
Vai a cabra pola viña, tal é a mai como
a filla.
Vai a chiva pola viña, tal é a mai como
a filla.
Vai e ven i o teu atén.¹⁹⁵⁴
Lugo.
Vai o vello morrendo e mais
deprendendo.
D. V.
Váia-se a tenda e quede o tendeiro.¹⁹⁵⁵
Val máis a quen Dios axuda que quen
moito/cedo madruga.¹⁹⁵⁶
Val máis onza de trato que arroba de
trabalho.¹⁹⁵⁷
Val máis pequeno agudo que grande e
burro.¹⁹⁵⁸
Verín.

¹⁹⁴⁹ Uns erguen a caza e outros i a matan.

¹⁹⁵⁰ Vaca estrullada nin leite, nin crianza.

¹⁹⁵¹ Vaca gabada leite nos cornos.

¹⁹⁵² Vacas de Ponferrada (ou da Cancelada) moito ubre e pouca canada.

¹⁹⁵³ Vacas gordas leite nos cornos.

¹⁹⁵⁴ Vai e ven y-o teu atén.

¹⁹⁵⁵ Vayas'a tenda e qued'o tendeiro.

¹⁹⁵⁶ Val mais a quen Dios axuda que quen moito/cedo madruga.

¹⁹⁵⁷ Val mais onza de trato que arroba de trabalho.

¹⁹⁵⁸ Val mais pequeno agudo que grande e burro.

Val máis pouca axuda que moita derruba.¹⁹⁵⁹

Lugo.

Val máis un queixo de nabo que catro de maio.¹⁹⁶⁰

O gaitero de Lugo, ano 1966.

Val máis un queixo de nabo que catro de maio.

Refranes del Almanaque Agrícola ZZ – 1969.

Val máis unha boa enchente que sete lambiscadas.¹⁹⁶¹

Verín.

Val quen ten e ten quen val.¹⁹⁶²

Videmala de Alba. (A 14 Km fronteira portuguesa)

Vale máis abada de marzo que feixe de abril.¹⁹⁶³ (2)

Feces de Abajo.

Vale máis acertar que escoller.¹⁹⁶⁴

Vale máis andar que arnear.¹⁹⁶⁵

Vale máis arrodear que arromar.

Vale máis burro que me leve que cabalo que me mate.¹⁹⁶⁶

Vale máis cair en gracia que ser gracioso.

Vale máis calar que con burros falar.¹⁹⁶⁷

Vale máis can da vila que rico da aldea.¹⁹⁶⁸

Vale máis chegar a tempo que rondar un ano.

Vale máis deixar aos ruíns que pedir aos bos.¹⁹⁶⁹

¹⁹⁵⁹ Val mais pouca axuda que moita derruba.

¹⁹⁶⁰ Val máis un queixo de nabo, que catro de maio.

¹⁹⁶¹ Val mais unha boa enchente que sete lambiscadas.

¹⁹⁶² Val quen tén e tén quen val.

¹⁹⁶³ Vale mais abada de Marzo que feixe de Abril. (2)

¹⁹⁶⁴ Vale mais acertar que escoller.

¹⁹⁶⁵ Vale mais andar que arnear.

¹⁹⁶⁶ Vale mais burro que me leve que cabalo que me mate.

¹⁹⁶⁷ Vale mais calar que con burros falar.

¹⁹⁶⁸ Vale mais can da vila que rico da aldea.

Vale máis forza de chave que concencia de frade.¹⁹⁷⁰

Vale máis gromada nos Coutos que o viño dos outros.

Vale máis maña que forza.

Vale máis o frío da noite que o calor da mañá.

Vale máis o malo *conocido que o bo por *conocer.¹⁹⁷¹

Vale máis o sol que se rapa que a pesca que se pilla: un xardiño e dúas zanquiñas de rá e alí pasei o día.¹⁹⁷²

Vale máis o torbón de abril que os bois e o carro e aquel que vai nil.

Vale máis o vello non olvidado que o novo non recordado.¹⁹⁷³

Vale máis o vrao que o temperao.

Vale máis onza de trato que libra de traballo.¹⁹⁷⁴

Vale máis pelo de cono que calabrote de navío.¹⁹⁷⁵

Vivero.

Vale máis pequeno agudo que grande burro.¹⁹⁷⁶

Vale máis podrido que mal comido.

Vale máis quen Dios axuda que quen moito madruga.¹⁹⁷⁷

Vale máis ruín compostura que bó pleito.¹⁹⁷⁸

Vale máis ser amo dun burro que criado dunha recua.¹⁹⁷⁹

¹⁹⁶⁹ Vale máis deixar aos ruíns que pedir aos bós.

¹⁹⁷⁰ Vale mais forza de chave que concencia de frade.

¹⁹⁷¹ Vale máis o malo conocido que o bó por conocer.

¹⁹⁷² Vale mais o sol que se rapa que a pesca que se pilla: Un xardiño e duas zanquiñas de rá e alí pasei o día.

¹⁹⁷³ Vale mais o vello non olvidado que o novo non recordado.

¹⁹⁷⁴ Vale mais onza de trato que libra de traballo.

¹⁹⁷⁵ Vale mais pelo de cono que calabrote de navío.

¹⁹⁷⁶ Vale mais pequeno agudo que grande burro.

¹⁹⁷⁷ Vale mais quen Dios axuda que quen moito madruga.

¹⁹⁷⁸ Vale mais ruin compostura que bó pleito.

Vale máis ser arrieiro dunha besta que
criado dunha recua.
Vale máis ser can de vila que rico na
aldea.¹⁹⁸⁰
Vale máis ser cura de un fento que
capelán de un convento.¹⁹⁸¹
Vale máis ser muller de rato que
mundana de gato.¹⁹⁸²
Vale máis ser ollo de rato que rabo de
león.¹⁹⁸³
Vale máis ser pequeno e agudo, que
grande e burro.
A Gudiña.
Vale máis *solo que mal acompañado.
¹⁹⁸⁴
Vale máis solteiro que mal casado.¹⁹⁸⁵
Vale máis soplo de reloxeiro que
tódolos aires de xaneiro.¹⁹⁸⁶
Vale máis tunda de pai que cariño de
amo.¹⁹⁸⁷
Vale máis un bo nome que moitas
riquezas.¹⁹⁸⁸
Vale máis un boi que unha boiada.¹⁹⁸⁹
Vale máis un "por si acaso" que un
"¡quen o soupera!".¹⁹⁹⁰
Vale máis unha boa enchenta que sete
lambiscadas.¹⁹⁹¹
Vale máis unha cagada de vaca que cen
de anduriña.¹⁹⁹²

¹⁹⁷⁹ Vale mais ser amo d'un burro que criado
d'unha recua.
¹⁹⁸⁰ Vale mais ser can de vila que rico na aldea.
¹⁹⁸¹ Vale mais ser cura de un fento que capellán
de un convento.
¹⁹⁸² Vale mais ser muller de rato que mundana de
gato.
¹⁹⁸³ Vale mais ser ollo de ratón que rabo de león.
¹⁹⁸⁴ Vale mais sólo que mal acompañado.
¹⁹⁸⁵ Vale mais solteiro que mal casado.
¹⁹⁸⁶ Vale mais soplo de reloxeiro que todos os aires
de Xaneiro.
¹⁹⁸⁷ Vale mais tunda de pai que cariño d'amo.
¹⁹⁸⁸ Vale máis un bó nome que moitas riquezas.
¹⁹⁸⁹ Vale mais un boi que unha boyada.
¹⁹⁹⁰ Vale máis un "por si acaso" que un "quen o
soupera".
¹⁹⁹¹ Vale mais unha boa enchenta que sete
lambiscadas.

Vale máis unha chea que cen
lambuscos/lambizcos.¹⁹⁹³
Vivero.
Vale máis unha onza de trato que unha
arroba de traballo.
Vale máis vello non olvidado que novo
non acordado.¹⁹⁹⁴
Vale máis vestir santos que *desnudar
borrachos.¹⁹⁹⁵
Vale máis vivir de covarde que morrer
de valente.¹⁹⁹⁶
Vale o pan a vintén e lévaio quen o ten.
¹⁹⁹⁷
Válgate Dios, arado, nin aberto nin
cerrado.¹⁹⁹⁸
Válgate Dios, arado, que non estás
aberto nin pechado.
Vámonos arreglando coma o gato polas
brasas.¹⁹⁹⁹
Vamos a ver cómo baila Miguel; si
baila mal ou baila ben.²⁰⁰⁰
Van as leis pra onde queren os reis.
Varre a nora o que ve a sogra.²⁰⁰¹
Refranes (del calendario "O
mintireiro verdadeiro" 1968).
Ve máis o cego na súa casa que o que
ten vista na allea.²⁰⁰²

¹⁹⁹² Vale mais unha cagada de vaca que cen de
anduriña.
¹⁹⁹³ Vale mais unha chea que cen
lambuscos/lambizcos.
¹⁹⁹⁴ Vale mais vello non olvidado que novo non
acordado.
¹⁹⁹⁵ Vale mais vestir santos que desnudar
borrachos.
¹⁹⁹⁶ Vale máis vivir de covarde que morrer de
valente.
¹⁹⁹⁷ Vale o pan a vintén e lévallo que no ten.
¹⁹⁹⁸ Válgate Dios arado nin aberto nin cerrado.
¹⁹⁹⁹ Vámonos arreglando coma o gato polas
brasas.
²⁰⁰⁰ Vamos a ver como baila Miguel; si baila mal
ou baila ben.
²⁰⁰¹ Barre a nora o que ve a sogra.
²⁰⁰² Ve mais o cego na sua casa que o que ten
vista na allea.

Veciño que non presta e coitelo que non corta, anque o leve o demo pouco importa.
 Vello con amores, inverno con frores.
 Vello que fai voda cava sin querer a súa cara.²⁰⁰³
 Vello que incha e novo que mirra, pouca vida.²⁰⁰⁴
 Lugo.
 Vello que moito engorda e cativo que se esmirra, sinal de pouca vida.
 Vello que se namora, chama pola derradeira hora.
 Ven máis catro bestas que un avogado.²⁰⁰⁵
 ¿Vén o cuco pola serra? Ano de codela.²⁰⁰⁶
 Lugo.
 ¿Vén o cuco pola veiga? Ano de laceira.²⁰⁰⁷
 Lugo.
 Vendima feita e palleiro cerrado botan fóra o criado.²⁰⁰⁸ (2)
 Vento de Portugal, auga no val.
 Pontevedra.
 Vento Norte, tempo forte.
 Vento pra Portugal o vrau está no *umbral.²⁰⁰⁹
 Vento solán, vento na man.²⁰¹⁰
 Lugo.
 Veña maio e veña pardo, pero san Xohán, craro.²⁰¹¹
 Refranes (del calendario “O mintireiro verdadeiro” 1968).

²⁰⁰³ Vello que fai boda cava sin querer a sua cara.
²⁰⁰⁴ Vello que hincha e novo que mirra pouca vida.
²⁰⁰⁵ Ven máis catro bestas que un abogado.
²⁰⁰⁶ ¿Ven o cuco pol'a serra? ano de codela (corteza pan).
²⁰⁰⁷ ¿Ven o cuco pol'a veiga? ano de laceira (lacería).
²⁰⁰⁸ Vendima feita e palleiro cerrado botan fóra ó criado. (2)
²⁰⁰⁹ Vento pra Portugal o vrau esta no umbral.
²⁰¹⁰ Vento solan vento na man.
²⁰¹¹ Veña maio e veña pardo, pero San Xohan, craro.

Veñan bombos e bombeiros, fígados e figadeiros, cómaios quen os queira.²⁰¹²
 Veñan dúas mil e non veñan as de abril.²⁰¹³
 Viciño sempre ocioso, viciño *perigoso.²⁰¹⁴
 Vicio poñas que non tollas.
 Vida que levas, fame que rapas.
 Vin cen lobos, vin cincoenta, vin vintecinco, vin dez, non vin ningún que era unha xesta.
 Vinte *limosnas non fan un xantar.²⁰¹⁵
 Viña e moza por casar son moi malas de gardar.²⁰¹⁶
 Viñas, cantas bebas; terras, cantas vexas.²⁰¹⁷
 Viño, a pasar; auga, a fartar.²⁰¹⁸
 Viño, a pasar; auga, a fartar.²⁰¹⁹
 D. V.
 Viño branco e muller, o primeiro que viñer.²⁰²⁰
 O mintireiro verdadeiro, 1969.
 Viño cedo, touciño vello e pan centeo, sosteñen a casa en peso.
 Pontevedra.
 Viño da Valdoseira fai erguer a cacheira e, o de Velle, durme e bebe.²⁰²¹
 Viño da cuba grande e caldo da pota pequena.
 Viño de abril arde no candil; viño de maio pouco e malo.
 Viño de abril non vai ó funil.

²⁰¹² Veñan bombos e bombeiros, fígados e figadeiros, cómallos quen os queira.
²⁰¹³ Veñan duas mil e non veñan as de abril.
²⁰¹⁴ Viciño sempre ocioso viciño perigoso.
²⁰¹⁵ 20 limosnas non fan un xantar.
²⁰¹⁶ Viña, e moza por casar son moi malas de gardar.
²⁰¹⁷ Viñas cantas bebas; terras cantas vexas.
²⁰¹⁸ Viño a pasar, auga a fartar.
²⁰¹⁹ Viño a pasar, auga a fartar.
²⁰²⁰ Viño branco e muller, o primeiro que viñer.
²⁰²¹ Viño da Valdoseira fai erguer a cacheira e o de Velle durme e bebe.

Viño de cepa torta, inda ben non te bebo, non vexo a porta.²⁰²²

Castrelo del Valle.

Viño de cuba grande e caldo de pote pequeno.

Viño de cuba grande; caldo de pote pequeno.

Orense.

Viño de maio, pouco e malo; o de abril é xentil.²⁰²³

Viño do Ribeiro, falangueiro e trouleiro.

Viño e vinagre irmaus son: un vai á misa e o outro non.²⁰²⁴

Viño por fóra, viño por dentro, curan os males en un momento.²⁰²⁵

Viño que salte, queixo que chore e o pan que cante.

O mintireiro verdadeiro, 1969.

Viño quitado, bebelo ou tiralo.

O mintireiro verdadeiro, 1969.

Viños e amores, os vellos son os millores.²⁰²⁶

O mintireiro verdadeiro, 1969.

Viños e amores, os vellos son os millores.

Pontevedra.

*Viruelas e sarampelo, tres veces ó pelo.²⁰²⁷

Viste de cepo e parecerás mancibo.

*Viuda que non dorme, *casarse quer.

*Viuda rica, cun ollo chora e con outro repinica.²⁰²⁸

*Viuda rica, casada fica.

Viva a pita ca pepita.

Volta feita non mete présa.²⁰²⁹

²⁰²² Viño de cepa torta inda ben non te bebo non vexo a porta.

²⁰²³ Viño de maio pouco e malo o de abril é xentil.

²⁰²⁴ Viño e vinagre irmaus son: un vai á misa e o outro non.

²⁰²⁵ Viño por fóra viño por dentro curan os males en un momento.

²⁰²⁶ Viños e amores os vellos son os millores.

²⁰²⁷ Viruelas e sarampelo tres veces o pelo.

²⁰²⁸ Viuda rica cun ollo chora e con outro repinica.

Xa comín o burro, agora traede a albarda.²⁰³⁰

Xa non oigo como oía, xa me cai o pelo e os dentes, e pra ver fanme falta lentes.

Xa o corvo n'ha de ter as alas máis mouras.²⁰³¹

Lugo.

Xa que a vida é corta, gozala importa.²⁰³²

Xa que arde a casa, quentarse a ela.²⁰³³

Xa que arde a casa, quentémonos a ela.²⁰³⁴

Xa que arde a casa, quentémonos êla.²⁰³⁵

Xa que arde a casa, quentémonos ós cangos.²⁰³⁶

Xaneiro, añaio; e, febreiro, cabriteiro.²⁰³⁷

Lugo.

Xaneiro berceiro, nin bo arcaz, nin bo palleiro.²⁰³⁸

Xaneiro berceiro, nin meda, nin palleiro.²⁰³⁹

Lugo.

Xaneiro, berceiro, mal negocio.

Xaneiro, berceiro; ruín tuña e ruín palleiro.²⁰⁴⁰

Lugo.

Xaneiro, comenza o ano con frío sano.

O gaiteiro de Lugo, 1972.

Xaneiro e san Xoán craro, valen máis que os bois e o carro.²⁰⁴¹

²⁰²⁹ Volta feita non mete presa.

²⁰³⁰ Xa comín o burro agora traede a albarda.

²⁰³¹ Xa o corvo n'ha de ter as alas mais mouras.

²⁰³² Xa que a vida e corta gozala importa.

²⁰³³ Xa que arde a casa quentarse a ela.

²⁰³⁴ Xa que arde a casa quentémonos a ela.

²⁰³⁵ Xa que arde a casa, quentémonos ela.

²⁰³⁶ Xa que arde a casa quentémonos ós cangos.

²⁰³⁷ Xaneiro añaio e Febreiro cabriteiro.

²⁰³⁸ Xaneiro berceiro nin bó arcaz nin bó palleiro.

²⁰³⁹ Xaneiro berceiro nin meda nin palleiro.

²⁰⁴⁰ Xaneiro, berceiro; ruín tuña e ruín palleiro.

²⁰⁴¹ Xaneiro e S. Xoán craro, valen máis que os bois e o carro.

Ver o conto en 'Contos populares da provincia de Lugo' 2ª Ed. vigo, 1972, p. 13-14.

Xaneiro, marmaruxeiro.

Xaneiro, marmaruxeiro.²⁰⁴²

Lluvioso.

Xaneiro, oveiro.²⁰⁴³

Xaneiro quente leva o demo no dente.

Xaneiro quente trae o demo no *vientre.

Xaneiro quente trae o demo no dente.

Xaneiro, secadeiro.

Xaneiro, xaneirón; camisa nova e sin pantalón.²⁰⁴⁴

Orense.

Xaneiro, xeadeiro; cada surco, seu regueiro.²⁰⁴⁵

Xaneiro, xiadeiro; febreiro, febreiceiro; marzo, aireoso; abril, augas mil e maio, pardo e san Xuán, claro, valen boi e carro.²⁰⁴⁶

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, ferveixeiro; chover e nevar e a porretiña do pan a medrar.²⁰⁴⁷

Porretiña: tallo.

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, ferveixeiro; marzo, aireoso; abril, chuvioso; maio, pardo e san Xoán, craro, valen máis cós bois e o carro.²⁰⁴⁸

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, ferveixeiro; marzo, cureoso; abril, chuvioso; maio, pardo; Xan Xoán,

craro, valen máis que os bois e o carro.²⁰⁴⁹

Variante de otro y con la misma explicación: vale más que un carro de oro con tres yuntas, a lo que se refiere.

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, ferveixeiro, marzo, ventoso e abril, chuvioso, sacan a maio frido e fermoso.²⁰⁵⁰

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, marmaruxeiro, cada surco seu regueiro; marzo, nin o rabo do gato mollado; abril, canta poida vir; maio, pardo; san Xoán, craro; santa Mariña, calor; agosto, millor, conténtate, labrador.²⁰⁵¹

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, marmaruxeiro; marzo, nin rabo de gato mollado; abril, canta poida vir; maio, pardo; san Xoán, craro.²⁰⁵²

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, por cada surco un regueiro; marzo, espigarzo; abril, espigas mil; maio, craro; xuño, fouce no puño; destes meses que eu lle falo valen máis que os bois e o carro.²⁰⁵³

Xantar, sin ganas; cavar, nin con elas.²⁰⁵⁴

Xaula feita, páxaro morto. (2)

²⁰⁴² Xaneiro marmaruxeiro.

²⁰⁴³ Xaneiro oveiro.

²⁰⁴⁴ Xaneiro xaneiron, camisa nova e sin pantalón.

²⁰⁴⁵ Xaneiro xeadeiro cada surco seu regueiro.

²⁰⁴⁶ Xaneiro, xiadeiro Febreiro, febreiceiro Marzo, aireoso Abril augas mil e maio pardo e San Xuan claro valen boi e carro.

²⁰⁴⁷ Xaneiro, xeadeiro; Febreiro, ferveixeiro; chover e nevar e a porretiña do pan a medrar.

²⁰⁴⁸ Xaneiro, xeadeiro, febreiro, ferveixeiro, marzo, aireoso, abril, chuvioso maio, pardo e San Xoán craro valen mais cós bois e o carro.

²⁰⁴⁹ Xaneiro, xeadeiro, febreiro, ferveixeiro, marzo, cureoso; abril, chuvioso, maio pardo, Xan Xoán craro, valen mais que os bois e o carro.

²⁰⁵⁰ Xaneiro xeadeiro; febreiro, ferveixeiro, marzo ventoso e abril chuvioso sacan a maio frido e fermoso.

²⁰⁵¹ Xaneiro, xeadeiro; febreiro, marmaruxeiro, cada surco seu regueiro; marzo nin o rabo do gato mollado; abril canta poida vir; maio pardo; San Xoán craro; Santa Mariña calor; agosto millor, conténtate labrador.

²⁰⁵² Xaneiro, xeadeiro, febreiro marmaruxeiro; marzo nin rabo de gato mollado; abril canta poida vir; maio pardo, San Xoán craro.

²⁰⁵³ Xaneiro, xeadeiro; febreiro, por cada surco un regueiro; marzo espigarzo; abril espigas mil; maio craro; xunio fouce no puño; destes meses que eu lle falo valen mais que os bois e o carro.

²⁰⁵⁴ Xantar sin ganas, cavar nin con elas.

¿Xea? Mal pola arcea.²⁰⁵⁵
Arcea: chocha, perdiz. Lugo.
Xeada na lama, auga na cama.²⁰⁵⁶
Xeada na lama, leñador na cabaña.²⁰⁵⁷
Xeada no lodo, auga *hasta o codo.²⁰⁵⁸
Xeada no lodo, neve ata o codo.²⁰⁵⁹
Lugo.
Xeada no mollado, auga de contado.²⁰⁶⁰
Xeada sobre o lodo, neve ata o xollo.²⁰⁶¹
Xeitura pra segar e agosto pra mallar,
trinta e un han de levar.
Xente crecente ten o demo no dente.
Xente da Mezquita, nin boa nin bonita.
Mezquita.
Xente da vila, xente da briva.
Xente da vila, xente da viriva; quere
que lle den e non que lle pidan.
Xente de Meira, tropa lixeira.²⁰⁶²
Lugo.
Xente de tralla, xente canalla.
Xente do Pereiro, tropa do c...
Mezquita.
Xente enterrada, moi alabada.
Xente halagada, pouco cumpridora.²⁰⁶³
Xente nova e leña verde, todo é fumo.
Xente nova e pan mol, moito na mau e
pouco no fol.²⁰⁶⁴
Xente nova non garda o rego.²⁰⁶⁵
Lugo.
Xente nova toda é boba.
D. V.
Xente nova todo é cuspe.
Xente nova, xente boba.²⁰⁶⁶

²⁰⁵⁵ ¿Xea? Mal pol-arcea.

²⁰⁵⁶ Xeada na lama auga na cama.

²⁰⁵⁷ Xeada na lama leñador na cabaña.

²⁰⁵⁸ Xeada no lodo, auga hasta o codo.

²⁰⁵⁹ Xeada no lodo neve hat'o codo.

²⁰⁶⁰ Xeada no mollado auga de contado.

²⁰⁶¹ Xeada sobre o lodo neve ata o xollo.

²⁰⁶² Xente de Meira tropa lixeira.

²⁰⁶³ Xente halagada pouco cumpridora.

²⁰⁶⁴ Xente nova e pan mol moito na mau, e pouco
no fol.

²⁰⁶⁵ Xente nova, non gard'o rego.

Xente xoven e leña verde todo se
compón de fumo.

Rubiós.

Xiada na lama, chuvia lle fai cama.

D. V.

Xiada sobre do lobo, neve *hasta o
xollo.²⁰⁶⁷

Verín.

Xornada de mar non é de taixar.

Verín.

Xornada de mar non é de taxar.

Xoves Santo non aunei i ¡ai de min,
pr'onde eu irei!²⁰⁶⁸

Vivero.

Xugar por *necesidad, perder por
*obligación.

*Xuicios de tarde e tormenta cedo non
meten medo.

Xunco que arranques, xunco que
prantes.

Vivero.

Xuventú, xuventú, non hai moza no
baile que baile millor que tu.

Zapato burgués, besta de andadura e
amigo coruñés, pouco duran todos
tres.

Zapato burgués, besta de andadura e
amigo coruñés, pouco duran todos
tres.²⁰⁶⁹

D. Valladares.

Zapato de charol, e camisa de estopa.

Vivero.

²⁰⁶⁶ Xente nova xente boba.

²⁰⁶⁷ Xiada sobre do lobo, neve hasta o xollo.

²⁰⁶⁸ Xoves Santo n'aunei i ay de min, pr'onde eu
irei!

²⁰⁶⁹ Zapato burgués besta d'andadura e amigo
coruñés pouco duran todos tres.

2. Refráns doutras linguas

2. 1. Casteláns

Abril buen vino y gentil.
Verin.
Abril y jornaleros, pocos, buenos.
Abriles y caballeros pocos y buenos.
Al paisano y al limón estrujón.
Allá van leyes do quieren reyes.
Véase: Comentarios de Clemencín,
1936.
Asturiano ni mulo ninguno.
Lo rebate el P. Feijóo. Vid. O.
Pedrayo: "El P. Feijóo" p. 115.
Ca tuvo Galicia reyes antes que Castilla
leyes.
Castelao: "Sempre en Galiza" B
Aires, 1971 p. 363.¹
Como come el mulo caga el culo.
Cuando el mar es de cagar no valen
guayabas verdes.
De perro callado, líbreme Dios que del
que ladra me libro yo.

¹ A cita correcta é a da páxina 375: "Pois os galegos decimos que os *Reis Católicos* tronzaron a nosa gran revolución, a que, co benestar social, nos daría independencia política. Os *Reis Católicos* coñecían o vello adaxio '*Ca tuvo Galicia reyes antes que Castiella leyes*', e mal podían considerarnos como un Reino incapaz de rexirse por sí mesmo. E ante a hestoria son responsables d-un grave delito." CASTELAO. A. R. *Sempre en Galiza*. Edición "As Burgas" Buenos Aires, 1961. páx. 375.

Dime con quien andas y te diré quien
eres. Dios lo quiere y el rey lo manda,
coge el palo Pedro y anda.
Dicen alude a los exclaustados.
Divide y vencerás.
El "divide y vencerás" figura en
latín Divide ut imperes.
El humo, la mujer y la gotera echan a
uno de la cama fuera.
El que no se arriesga no pasa la mar.
Fortuna de té Dios, hombre que el saber
poco te basta.
La cruz en los pechos y el diablo en los
hechos.
La fruta por la mañana es oro, al
mediodía plata y a la noche mata.
La miel y la mentira para el fondo tira.
La mujer que ha parido que la joda su
marido.
La salud y libertad, son prendas de gran
valía; nadie las reconoce hasta que no
están perdidas.
D. Antolín Zamora.
Médico por Cádiz, boticario por
Santiago y abogado por Graná, total ná.
(Vid. Castilla de Lucas: "Refranes
de Medicina" paj. 123).
Ni cantor sesudo, ni barbero mudo.
No cohabites donde habites ni hables
con Juez de entrada ni j... a la criada.
Ovejas, abejas y lentejas todas son
consejas.

Pan de Bamba, molletes de Zarataín,
ajos de Curiel, quesos de Peñafiel y de
Cerrato la miel.

Pon lo tuyo a concejo unos dirán que es
blanco otros dirán que es negro.

La versión castellana fue oída a mi
madre.

Por San Juan se marcha el cuclillo y
viene el tabán.

Que altas que bajas por Abril son las
Pascuas.

Quien quisiera ser mucho tiempo viejo
comiéndelo presto.

Si quieres matar a un fraile quítale la
siesta y hazle comer tarde.

Si quieres sacar colmenas sácalas por
las Candelas y si quieres sacar miel
sácala por San Miguel.

Si quieres sacar colmenas sácalas por
las Candelas y si quieres sacar miel,
sácala por San Miguel.

Sol madrugador y cura callejero ni el
sol caliente ni el cura es bueno.

Tales tierras, tales nabos, padres
cochinos hijos marranos.

Vale más perro que va y viene que león
dormido.

Vicente, que la niña ya tiene un diente.

Vinagre y miel saben mal y hacen bien.

2. 2. Sospeitosos de seren casteláns

De las carnes el carnero, de los
pescados el mero, de las aves la perdiz
y mejor la codorniz e si o porco voara
a todos lle ganara.

Nariz *longa, boa candonga; nariz
chata, boa muchacha.²

Poderoso cabaleiro don Diñeiro.

O gaiteiro de Lugo 1969.

² Nariz longa boa candonga; nariz chata boa muchacha.

2. 3. Franceses

À cheval donné on ne regarde pas la
bouche.

Loin des yeux, près du cœur.

Von Boehn: "Accesorios de la
moda" pág 231. Era este refrán un
lema que se escribía.

Petit à petit l'oiseau fait son nid.

2. 4. Portugueses

A ti chova todo o ano e a min abril e
maio.

Chaves.

As sete semanas da Quaresma son
assim contadas pelo povo: Ana,
Magana, Rabeca, Susana,

Lázaro, Ramos, na Páscoa estamos.

Alberto Vieira Braga. "Curiosidades
de Guimarães" Rev Guim.
LXXVIII, p 40 de la sep. En Verín:
Ana, Bagana, Rebeca, Susana,
Lázaro, Ramos, en Pascoas estamos.

Abril augas mil coadas por un mandil.

Chaves.

Abril frio pao é vinho abril frio é
molhado enche o celeiro e farta o
gado.

Chaves.

Cando a merda vale diñeiro os pobres
nacen sin cu.³

Chaves.

Chuva pelo San João, tira vinho, aceite
e não dà pão.

Chaves.

Chuvia en Janeiro venha S.Sebastião o
primeiro.

Chaves.

Como vires a primavera pelo al espera.

Chaves.

Cousa de tres o diabo a fés.

De Espanha nem bom vento nem bom
casamento.

³ Cando a merda vale diñeiro os pobres nacen sin cú.

Refrán portugués. Acostumbran a
decir: De Espanha nem bom vento
nem bom casamento.

De Todos-os Santos ate o Natal, bón e
chover e melhor nevar.

Chaves.

Eiqui jaz o meu señor que morreu
estando sano por querer estar millor.

Em agosto sol posto noite con nosco.

En día de S. Lourenço, vai a vinha e
enche o lenço.

Chaves.

En Junho foice en punho.

Chaves.

Feito por tres o diabo a desfez.

Verín, pero de Portugal.

Feno alto ou baixo en Junho è segado.

Chaves.

Garda o melhor tissão para o mes de S.
João.

Portugués.

Natal e xaneiro, inverno verdadeiro.⁴

Chaves.

Nunca poñas a túa *hombredade acima
da familia, porque tu pasas e a familia
queda.

Oido a un portugués de la frontera
de Verin-Chaves.

Para que ano não va mal, hão de os rios
tres veces encher entre o San Mateus e
o Natal.

Chaves.

Pascoa en marzo, moita fame e moita
mortaxe.⁵

Portugal.

Pola Pascoa e pola Pascuela o polar ten
boa comedela.

Portugués.

Portugal é un ovo, España unha peneira
e Francia unha eira.

Portugal, frontera.

Primeiro día de agosto, primeiro día de
inverno.

Chaves.

⁴ Natal e xaneiro inverno verdadeiro.

⁵ Pascoa en marzo moita fame e moita mortaxe.

Ruin é o maio que não rompe unha
crossa.

Crossa: coroz. Portugués.

Santos da porta non fasen milagros.

Oido en Verin; de Chaves.

Aludiendo a que las augas de Verín
no curan a los verinenses.

Setembro ou seca fontes ou leva açudes
e pontes.

Chaves.

Uma agua de maio e tres de abril valen
por mil.

Vai das chuvas en Janeiro e geadas en
abril e calmas en febreiro e nevoas no
mes de mayo e meado Julho pedra.

Chaves.

2. 5. Sospeitosos de seren portugueses

Criados e bois un ano ou dous.

O que manda e faz é un gran rapaz.

Ou miña mai, ou miña filla trigo i noces
saben ben. Tu xa comestes; eu non
comí pero *mas vi comer.⁶

Quiere decir que deber ser un
manjar exquesito...

⁶ Ou miña mai, ou miña filla trigo y noces saben
ben. Tu xa comestes; eu non comí pero mas vi
comer.

3. Outros materiais de tradición oral

3.1. Dialoxismos

A cada un, o seu -dixo o que arrobaba.¹
Vivero.

A vella dícelle ó marzo: -Vaite marzo, marzaco, cabeza de borraco, de sete becerros que tiña déixame catro. -Cálate, cala, vellarota, cos dentes na cota, con catro que eu teño, con catro que me ha dar meu irmau abril, heiche de meter todo no chaboril.²

-Cálate, Marzo marzaco, cabeza de verraco, que os meus boiciños non quedaron vivos. -Cálate, vella rota, cos dentes ferrados na cota, que os que teño eu, e dous que me presta meu irmau abril hei botar todos ao custabril.³

¹ A cada un, o seu -dix'o que arrobaba-.

² A vella dícelle o Marzo: Vaite Marzo, marzaco, cabeza de borraco, de sete becerros que tiña deixame catro. "Cálate, cala, vellarota cos dentes na cota, con catro que eu teño, con catro que me ha dar meu hirmau Abril, heiche de meter todo no chaboril.

³ -Cálate Marzo, marzaco cabeza de verraco que os meus boiciños non quedaron vivos. -Cálate vella rota, cos dentes ferrados na cota que os que teño eu e dous que me presta meu irmau Abril hei botar todos ao custabril.

Cálate puta de casa e gato, soldados e queixeiros e pra máis desprezo, dos canteiros.⁴

Cálate vella, vella ruza, que dous que me quedan e dous que me presta meu primo abril heichos de levar a todos a Custabril.⁵

-Carneiriño, ¿vas á voda? -¡Que remedio! Si, señora.⁶

Costa arriba, non me afrontes; costa abaixo non me montes, e polo chan, non me aforres.⁷

Lugo.

-¿De *donde eres, meniño? -De Seixalbiño, deme un ochaviño. -¿De *donde eres? -De Seixalbo, ¿ofréceselle algo?⁸

Vuelta. Se aplica a los que se humillan en la desgracia y se envanecen en la opulencia. Dicen que en Seixalbo, que era pueblo pobre, los chiquillos pedían en el

⁴ Cálate puta de casa e gato, soldados e queixeiros e pra mais desprezo, dos canteiros.

⁵ Cálate vella, vella ruza, que dous que me quedan e dous que me presta meu primo Abril heichos de levar a todos a Custabril.

⁶ -Carneiriño, vas a boda? -Qué remedio!; Si señora.

⁷ Dice la yegua: Costa arriba, non me afrontes (=apures); costa abaixo non me montes, e polo chan non me aforres.

⁸ -¿De donde eres, meniño? -De Seixalbiño, dem'un ochaviño. -¿De donde eres? -De Seixalbo, ofrecesele algo?

invierno a los transeuntes pero al llegar mayo, tiempo de cerezas, que vendían en Orense se enorgullecían y empavonaban.

Dí o criado ó amo: -Auga a Dios e veña maio que axustado estou por ano. E contesta o amo: -Auga a Dios e maio veña que anque chova has de ir á leña.⁹

Dícelle o criado ó amo -¡Auga, Dios, e veña o maio, que axustado estou pró ano! E contéstalle o amo: -¡Auga, Dios e maio veña que, anque chove, has de ir á leña.¹⁰

Dícelle unha vella ó marzo: -Vaite marzo, marzán, cara de can, cáseque mataches os meus becerriños na corte ca fame. E dícelle marzo: -Cálate, vella ruza, tres que teño e tres que me presta meu irmau abril, inda chos hei botar ó chanfari.¹¹

Dícalle o trigo ó centeo: Follas largas, ¡tanto como creces e qué pouco granas!¹²

Din os páxaros: -Das cereixas ós nabos ben pasamos; pero dos nabos ás cereixas son as queixas.

Dixo o viño: No corpo do home son valente. E dixo o pan: Si eu vou diante.

D. V.

⁹ Dí o criado ó amo: -Auga a Dios e veña maio que axustado estou por ano e contesta ó amo: -Auga a Dios e maio veña que anque chova ás dir á leña.

¹⁰ Dícelle o criado ó amo -¡Auga, Dios, e veña o maio que axustado estou pro ano! E contéstalle o amo: -¡Auga, Dios e maio veña que anque chove has dir á leña.

¹¹ Dícelle unha vella o Marzo: -Vaite marzo, marzán cara de can caseque mataches os meus becerriños na corte ca fame. E dícelle marzo: -Cálate vella ruza, tres que teño e tres que me presta meu hirmau abril, inda chos hei botar o chanfari.

¹² Decíalle o trigo ó centeo: follas largas, tanto como creces e que pouco granas.

Díxolle a liñaza ó nabo: Nabo, nabón, estás oito días debaixo do terrón. Díxolle o nabo á liñaza: Cálate tu, descarada, que ós tres días xa estás nada.¹³

Díxolle a vella ó marzo: -Vaite marzo; marzaco, cabeza de borraco, de sete becerros que tiña, deixácheme catro. Contesta o marzo á vella: -Cálate, vella, vellarota, con dentes na cota, con tres que eu teño e catro que me ha dar o meu irmáu ó vir heichos meter todos no chamburil; e matou os sete.¹⁴

Díxolle o cazo á cazola -Quítate de ahí que me luxas/que me untas.¹⁵

¡Lavada, ós tres días nada!¹⁶

Díxolle o millo á liñaza e contestoulle ela: Nugallanzón, un mes baixo ó terrón e inda se vou, se non vou! D.V.

-Maruxiña, ¿onde vas? -Vou á feira cas mazás.¹⁷

-Maruxiña, ¿onde vas? -Vou á feira cas mazás.¹⁸

-Marzo marzaco, cara de burzaco; tiña os meus becerriños oito, deixáchesme os meus becerriños catro. -Cala, cala, que vén o meu irmau abril e os ha de botar ó chavaril.¹⁹

¹³ Díxolle a liñaza ó nabo: Nabo, nabón, estas oito días debaixo do terrón. Díxolle o nabo á liñaza: Cálate tu, descarada, cós tres días xa estás nada.

¹⁴ Díxolle a vella ó Marzo: -Vaite marzo; marzaco, cabeza de borraco, de sete becerros que tiña, deixáche-me catro. Contesta o marzo á vella: -Cálate, vella, vellarota, con dentes na cota, con tres que eu teño e catro que me ha dar o meu irmau o vir heichos meter todos no chamburil; e matou os sete.

¹⁵ Díxolle o cazo á cazola -Quítate de ahí que me luxas/que me untas.

¹⁶ Lavada, os tres días nada!

¹⁷ -Maruxiña, onde vas? -Vou á feira cas mazás.

¹⁸ -Maruxiña, onde vas? -Vou á feira cas mazás.

¹⁹ -Marzo marzaco, cara de burzaco; tiña os meus becerriños oito, deixáchesme os meus becerriños catro. -Cala, cala que ven o meu hirmau abril e os ha de botar o chavaril.

- Na Gudiña, cada catro unha sardiña. -
Cada cinco, cada cinco.²⁰
- Na Gudiña, cada catro unha sardiña. -
Moito barrumba o meu pai: cada
cinco, cada cinco.²¹
- No corpo do home son valente e
voante -Se eu vou de diante.²²
- O boi solto de seu se *lame (-Millor se
*lame un ó outro.)²³
Como acostuman a facer os bois
xuntándose pra que un lama onde
precisa.
- O fume vai pra onde os guapos. -Si,
pensando que son parañeiros.²⁴
Parañeiros=muxicas= pelaxe, hollín
que se forma en la campana de la
chimenea. Castrelo del Valle.
- ¿Onde vas, boi, que non ares? -A
Casares.²⁵
Casares, en Montefurado, tierra
pobre.
- ¿Onde vas co eso tan teso? Voulle a
derramar o fogo ó meu sogro.²⁶
- ¿Onde vas, codeso, tan teso? Voulle a
derramar o fogo ó meu sogro.²⁷
- ¿Onde vas, Cremente? Vou ca xente.²⁸
D. V.
- ¿Onde vas, louco? Onde van os
outros.²⁹
- ¿Onde vas, Vicente? Onde vai a
xente.³⁰

²⁰ -Na Gudiña cada catro unha sardiña -cada
cinco, cada cinco.

²¹ -Na Gudiña, cada catro unha sardiña. -Moito
barrumba o meu pai: Cada cinco, cada cinco.

²² No corpo do home son valente e voante -S'eu
vou didiante.

²³ -O boi solto de seu se lame (e engaden algús) -
Millor se lame un o outro.

²⁴ -O fume vai pra onde os guapos. -Sí, pensando
que son parañeiros.

²⁵ Onde vas boi que non ares. -A Casares.

²⁶ Onde vas co eso tan teso; voulle a derramar o
fogo ó meu sogro.

²⁷ Onde vas codeso tan teso, voulle a derramar o
fogo ó meu sogro.

²⁸ Onde vas Cremente? Vou ca xente.

²⁹ Onde vas louco, onde van os outros.

³⁰ Onde vas Vicente? Onde vai a xente.

En D. V. dice: Onde vas Cremente?
Vou ca xente.

-¿Onde vas, Vicente? -Onde vai a
xente.³¹

Os da Gudiña, cada catro unha sardiña.

-Desas barrumbadas pouco: cada oito,
cada oito.³²

-¿Por que quedache, allo, ruín?, -
Porque non me botaches en san
Martín.³³

-¿Que dices? -Que lle beixes o cu ás
perdices. -Béixallo tu que eu non teño
narices.³⁴

-¿Que hai? -Pouca la e polas silvas.³⁵

-¿Quen te derrotou, castelo forte? -O
mal e a morte.³⁶

¿Quen te fixo rico? -O bico.³⁷

Si, señor,*Vd. sabe ler, non señor, cada
vez millor.³⁸

Un pai decía ó seu fillo, cargando un
carro de esterco: -Carga, Xamín que o
diñeiro e o esterco onde están pulan.
³⁹

Inf de Baños de Molgas.

-Vaite, marzo, marzaco, que me
deixache os meus becerriños catro. -
Cálate, vella ruza, que con dous que
me quedan e tres que me preste meu
primo abril heichas levar ó costabril.
-Vaite, marzo, marzaco, que me
deixaches os meus becerriños catro. -

³¹ -Onde vas, Vicente? -Onde vai a xente.

³² Os da Gudiña cada catro unha sardiña. -Desas
barrumbadas pouco: cada oito, cada oito.

³³ -Por qué quedache allo ruín?, -porque non me
